



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 409
14 de novembro de 2022



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

■ Cualificación de emendas á totalidade presentadas so proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia par 2023

Grupo I

Emendas de devolución global ou de calquera sección ou axente xestor de gastos (con efectos devolutivos)

1. Emendas de devolución global

—Núm. 1: (núm. de rexistro 43466) do G. P. do Bloque Nacionalista Galego. [159189](#)

—Núm. 1: (núm. de rexistro 43452) do G. P. dos Socialistas de Galicia. [159197](#)

2. Emendas de devolución dos orzamentos das seccións ou de axentes xestores do gasto

SECCIÓN 04 Presidencia da Xunta de Galicia

A) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego

—Núm. 1: (núm. de rexistro 43467), á sección 04 e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela. [159203](#)

—Núm. 2: (núm. de rexistro 43468), á CRTVG. [159209](#)

B) Emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia

—Núm. 1: (núm. de rexistro 43453), á sección 04, á Axencia de Turismo de Galicia e á CRTVG. [159216](#)

SECCIÓN 05 Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación

A) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego

—Núm. 3: (núm. de rexistro 43469), á sección 05 e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela. [159220](#)



B) Emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia

—Núm. 2: (núm. de rexistro 43454), á sección 05, ao Instituto Galego de Promoción Económica e á Axencia Galega de Innovación. [159226](#)

SECCIÓN 06 Vicepresidencia segunda e Consellería da Presidencia, Xustiza e Deportes**A) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego**

—Núm. 4: (núm. de rexistro 43470), á sección 06 e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela. [159232](#)

B) Emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia

—Núm. 3: (núm. de rexistro 43485), á sección 06, á Academia Galega de Seguridade Pública e á Axencia Galega de Emerxencias. [159237](#)

SECCIÓN 07 Consellería de Facenda e Administración Pública**A) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego**

—Núm. 5: (núm. de rexistro 43471), á sección 07 e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela. [159241](#)

B) Emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia

—Núm. 4: (núm. de rexistro 43456), á sección 07. [159245](#)

SECCIÓN 08 Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**A) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego**

—Núm. 6: (núm. de rexistro 43472), á sección 08 e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela. [159249](#)

B) Emendas do G. P. dos Socialistas

—Núm. 5: (núm. de rexistro 43457), á sección 08, ao Instituto Galego da Vivenda e Solo e á Sociedade Galega de Medio Ambiente. [159255](#)

SECCIÓN 09 Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**A) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego**

—Núm. 7: (núm. de rexistro 43475), á sección 09 e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela. [159259](#)



B) Emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia

—Núm. 6: (núm. de rexistro 43458), á sección 09.

[159265](#)

SECCIÓN 10 Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

A) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego

—Núm. 8: (núm. de rexistro 43476), á sección 10.

[159267](#)

B) Emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia

—Núm. 7: (núm. de rexistro 43459), á sección 10.

[159272](#)

SECCIÓN 11 Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade

A) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego

—Núm. 9: (núm. de rexistro 43478), á sección 11.

[159278](#)

B) Emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia

—Núm. 8: (núm. de rexistro 43460), á sección 11.

[159283](#)

SECCIÓN 12 Consellería de Sanidade

A) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego

—Núm. 10: (núm. de rexistro 43479), á sección 12 e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela.

[159287](#)

B) Emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia

—Núm. 9: (núm. de rexistro 43461), á sección 12.

[159292](#)

SECCIÓN 13 Consellería de Política Social e Xuventude

A) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego

—Núm. 11: (núm. de rexistro 43480), á sección 13 e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela.

[159294](#)

B) Emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia

—Núm. 10: (núm. de rexistro 43462), á sección 13.

[159299](#)



SECCIÓN 14 Consellería do Medio Rural

A) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego

—Núm. 12: (núm. de rexistro 43481), á sección 14 e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela. [159305](#)

B) Emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia

—Núm. 11: (núm. de rexistro 43463), á sección 14. [159317](#)

SECCIÓN 15 Consellería do Mar

A) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego

—Núm. 13: (núm. de rexistro 43482), á sección 15 e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela. [159323](#)

B) Emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia

—Núm. 12: (núm. de rexistro 43464), á sección 15. [159330](#)

GRUPO II**Emendas que modifican a contía global dos orzamentos ou transfiren créditos entre seccións (sen efectos devolutivos)****1. Emendas que modifican a contía global dos orzamentos**

A) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego

Números 46 a 52 (núm. de rexistro 43483) [159333](#)

B) Emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia

Número 1 (núm. de rexistro 43489) [159413](#)

2. Emendas que transfiren créditos entre seccións

A) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego

Números 1 a 46 (núm. de rexistro 43483) [159333](#)

B) Emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia

Núm. 1 (núm. de rexistro 43489) [159413](#)



■ Cualificación de emendas á totalidade de devolución presentadas ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas

— 1 Emenda do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 43465)

[159449](#)

— 1 Emenda do G. P. dos Socialistas de Galicia doc núm. 43450)

[159456](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Cualificación de emendas á totalidade presentadas so Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia par 2023

A Mesa da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na súa reunión do 11 de novembro de 2022, examinou a relación de documentos presentados dentro do prazo de formulación de emendas á totalidade ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2023, que rematou ás 18.30 horas do 8 de novembro de 2022 e que foron rexistrados polos grupos parlamentarios do Bloque Nacionalista Galego e dos Socialistas de Galicia, que se indican a continuación:

a) Documentos presentados polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego

Documentos cos números de rexistro: 43466, 43467, 43468, 43469, 43470, 43471, 43472, 43475, 43476, 43478, 43479, 43480, 43481, 43482 e 43483.

b) Documentos presentados polo G. P. dos Socialistas de Galicia

Documentos cos números de rexistro: 43452, 43453, 43454, 43456, 43457, 43458, 43459, 43460, 43461, 43462, 43463, 43464, 43485 e 43489.

A Mesa, de conformidade co disposto nos artigos 112.3, 129 e 130 do Regulamento da Cámara e coas regras de tramitación do Proxecto de lei de orzamentos, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro. Cualificalos como emendas á totalidade ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2023.

Segundo. Clasificalas nos grupos que a seguir se indican e ordenalas mediante a asignación dunha numeración correlativa para cada tipo de emenda e grupo parlamentario para facilitar a súa identificación e tramitación, sen que esa numeración cuantifique necesariamente o número de emendas presentadas.

Terceiro. Admitir a trámite as emendas seguintes:

Grupo I

Emendas de devolución global ou de calquera sección ou axente xestor de gastos (con efectos devolutivos)

1. Emendas de devolución global

—Núm. 1: (núm. de rexistro 43466) do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.



—Núm. 1: (núm. de rexistro 43452) do G. P. dos Socialistas de Galicia.

2. Emendas de devolución dos orzamentos das seccións ou de axentes xestores do gasto

SECCIÓN 04 Presidencia da Xunta de Galicia

A) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego

—Núm. 1: (núm. de rexistro 43467), á sección 04 e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela.

—Núm. 2: (núm. de rexistro 43468), á CRTVG.

B) Emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia

—Núm. 1: (núm. de rexistro 43453), á sección 04, á Axencia de Turismo de Galicia e á CRTVG.

SECCIÓN 05 Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación

A) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego

—Núm. 3: (núm. de rexistro 43469), á sección 05 e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela.

B) Emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia

—Núm. 2: (núm. de rexistro 43454), á sección 05, ao Instituto Galego de Promoción Económica e á Axencia Galega de Innovación.

SECCIÓN 06 Vicepresidencia segunda e Consellería da Presidencia, Xustiza e Deportes

A) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego

—Núm. 4: (núm. de rexistro 43470), á sección 06 e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela.

B) Emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia

—Núm. 3: (núm. de rexistro 43485), á sección 06, á Academia Galega de Seguridade Pública e á Axencia Galega de Emerxencias.

SECCIÓN 07 Consellería de Facenda e Administración Pública

A) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego



—Núm. 5: (núm. de rexistro 43471), á sección 07 e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela.

B) Emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia

—Núm. 4: (núm. de rexistro 43456), á sección 07.

SECCIÓN 08 Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

A) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego

—Núm. 6: (núm. de rexistro 43472), á sección 08 e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela.

B) Emendas do G. P. dos Socialistas

—Núm. 5: (núm. de rexistro 43457), á sección 08, ao Instituto Galego da Vivenda e Solo e á Sociedade Galega de Medio Ambiente.

SECCIÓN 09 Consellería de Infraestruturas e Mobilidade

A) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego

—Núm. 7: (núm. de rexistro 43475), á sección 09 e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela.

B) Emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia

—Núm. 6: (núm. de rexistro 43458), á sección 09.

SECCIÓN 10 Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

A) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego

—Núm. 8: (núm. de rexistro 43476), á sección 10.

B) Emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia

—Núm. 7: (núm. de rexistro 43459), á sección 10

SECCIÓN 11 Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade

A) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego

—Núm. 9: (núm. de rexistro 43478), á sección 11.

B) Emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia



—Núm. 8: (núm. de rexistro 43460), á sección 11.

SECCIÓN 12 Consellería de Sanidade

A) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego

—Núm. 10: (núm. de rexistro 43479), á sección 12 e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela.

B) Emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia

—Núm. 9: (núm. de rexistro 43461), á sección 12.

SECCIÓN 13 Consellería de Política Social e Xuventude

A) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego

—Núm. 11: (núm. de rexistro 43480), á sección 13 e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela.

B) Emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia

—Núm. 10: (núm. de rexistro 43462), á sección 13.

SECCIÓN 14 Consellería do Medio Rural

A) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego

—Núm. 12: (núm. de rexistro 43481), á sección 14 e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela.

B) Emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia

—Núm. 11: (núm. de rexistro 43463), á sección 14.

SECCIÓN 15 Consellería do Mar

A) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego

—Núm. 13: (núm. de rexistro 43482), á sección 15 e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela.

B) Emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia

—Núm. 12: (núm. de rexistro 43464), á sección 15.



GRUPO II

Emendas que modifican a contía global dos orzamentos ou transfiren créditos entre seccións (sen efectos devolutivos)

1. Emendas que modifican a contía global dos orzamentos

A) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego

Números 46 a 52 (núm. de rexistro 43483) do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, que incrementan a previsión dos ingresos en 233.075.929 euros.

O aumento do gasto nas actuacións previstas nas emendas finánciase mediante a modificación de determinados tributos estatais cuxa recadación está cedida total ou parcialmente á Comunidade Autónoma de Galicia, coa creación de novos impostos e coa supresión de beneficios fiscais. De aceptárense, sería necesario modificar o dereito tributario substantivo.

B) Emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia

Número 1 (núm. de rexistro 43489) do G. P. dos Socialistas que prevé un incremento na previsión de ingresos en 475.200.000 euros.

O maior gasto finánciase cunha redución de determinados gastos, coa modificación de determinados tributos estatais cuxa recadación está cedida total ou parcialmente á Comunidade Autónoma de Galicia, coa creación de novos impostos, co reforzamento da inspección fiscal e cunha mellora na xestión tributaria. De aceptarse, sería necesario modificar o dereito tributario substantivo.

2. Emendas que transfiren créditos entre seccións

A) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego

Números 1 a 46 (núm. de rexistro 43483) que transfiren crédito entre aplicacións de diferentes seccións.

De se aceptaren, sería preciso facer os correspondentes axustes nas contabilidades orzamentaria e financeira das entidades públicas instrumentais con orzamento administrativo, conta de perdas e ganancias, estado de fluxos de efectivo e balance.

B) Emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia

Núm. 1 (núm. de rexistro 43489) que transfire crédito entre aplicacións de diferentes seccións. Considérase formalmente como unha emenda transversal e, igualmente, como unha emenda que incrementa o importe global dos estados de gastos e ingresos, razón pola que figura clasificada nas epígrafes 1 e 2 do grupo II.



De se aceptaren, sería preciso facer os correspondentes axustes nas contabilidades orzamentaria e financeira das entidades públicas instrumentais con orzamento administrativo, conta de perdas e ganancias, estado de fluxos de efectivo e balance.

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2022
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Cualificación de emendas á totalidade de devolución presentadas ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas

A Mesa da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na súa sesión do día 11 de novembro de 2022, examinou a relación de documentos presentados dentro do prazo de formulación de emendas á totalidade presentadas ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas, que rematou ás 18.30 horas do 8 de novembro de 2022, e que foron rexistrados polos grupos parlamentarios do Bloque Nacionalista Galego e dos Socialistas de Galicia, que se indican a continuación:

a) Documentos presentados polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego

Documento co número de rexistro 43465: 1 emenda.

b) Documentos presentados polo G.P. dos Socialistas de Galicia

Documento co número de rexistro 43450: 1 emenda.

A Mesa, de conformidade co disposto no artigo 112.3 do Regulamento da Cámara, adopta o seguinte ACORDO:

1º. Cualificalas como emendas á totalidade de devolución ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.

2º. Admitilas a trámite.

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2022
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a través da súa portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2023**, doc. núm. **42963 (11/PL-0000018)**.

Introdución

A irrupción da pandemia da covid-19 no ano 2020 supuxo un shock sen precedentes nos planos económico e social do conxunto da humanidade. O mundo enteiro, Galiza tamén, viviron unha situación excepcional cuxas consecuencias seguen connosco case tres anos despois.

A emerxencia da pandemia acelerou transformacións importantes no ámbito industrial e enerxético e agravou os problemas previos derivados un modelo económico neoliberal e centralista, como a desigualdade social e dos territorios, ademais de engadir novas circunstancias e factores que supoñen novos retos para a sociedade galega. Neste contexto, operaron novas incertezas derivadas dunha inflación desbocada, da crise de materiais industriais e ou da agudización das consecuencias da emerxencia climática. Fenómenos todos eles que se apuntaban a finais de 2021 mais que o goberno do Partido Popular non quixo contemplar nos gastos e normas impulsados ao abeiro do marco legal e económico dos Orzamentos do ano 2022, acomodándose nun relato conformista e nunhas previsións que nacían superadas como superado naceu o Plan Estratéxico que non foi quen de aprobar ata setembro de 2022.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Galiza arrastra desde 2020 unha situación na que o goberno galego incrementou a súa falta de iniciativa política e anticipación nun contexto que se agrava ao analizarmos que a conxuntura estatal e internacional prevén novas incertezas e un evidente risco de recesión internacional.

Porén, ante esta situación, o goberno do Partido Popular remite á Cámara Galega un Proxecto de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galiza para o ano 2023 absolutamente rutineiros, sen ambición e cunha formulación insolvente, insolidaria e que se anticipa como absolutamente ineficaz e irresponsable. A orientación global deste proxecto amosa, xa que logo, a dun goberno que carece de iniciativa política e que se basea nun continuísmo das direccións previas á pandemia, sen ofrecer as alternativas que serían necesaria para estar á altura do reto político que supón a realidade da Galiza post pandemia, unha Galiza inzada de recursos, valores e potencialidades mais que debe artellar unha nova resposta para superar as debilidades previas, agravadas polas decisións políticas tomadas ao abeiro da crise de 2009, e as debilidades e dificultades propias do contexto de profundos cambios no ámbito produtivo e enerxético ou social.

1. Uns orzamentos insolventes, carentes de estratexia ante un contexto internacional de incertezas e risco de recesión.

O Proxecto de Orzamentos para o ano 2023 denota, un exercicio máis, irresponsabilidade, xa que infravalora riscos evidentes do contexto económico e parte dunhas previsións macroeconómicas irreais, que mesmo discordan coas realizadas por algún dos centros de estudos económicos que a propia Xunta valora como referenciais. A modo de exemplo sintomático, o mesmo día que o Consello da





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xunta aprobaba o proxecto e anunciaba que o PIB aumentará un 1,7%, o informe do BBVA, que o goberno galego ten empregado como referencia en múltiples ocasións, anunciaba que o PIB de Galiza aumentaría cero, o peor dato de todas as Comunidades Autónomas. Así mesmo, anticipa unha recesión, aínda que breve, para o conxunto do Estado.

É evidente que o contexto actual está caracterizado pola volatilidade e que os centros de predición económica, de toda índole, están a revisar repetidamente as súas proxeccións. Para mostra, podemos recordar a evolución respecto dos cálculos para a evolución do IPC. En todo caso, isto o que debe facer é levar aos gobernos a deseñar as súas políticas con base aos escenarios máis estritos. Porén, o Partido Popular prefire acomodarse nas predicións que lle son máis cómodas para a súa estratexia electoral, como demostra o feito de que xa tivese que rebaixar as previsións do teito de gasto de agosto ata un punto no momento de remitir os orzamentos, dous meses despois.

Agora mesmo, continúa instalado nesta deriva, ignorando que, por exemplo, o propio FMI vén de superar as previsións que se recollen para 2023 a respecto do crecemento mundial, que xa estiman no 2,7, o terceiro peor nos últimos 20 anos, só superado por 2009 e polo crack da pandemia. Así as cousas, o goberno galego critica as previsións dos Orzamentos Xerais do Estado, tamén en tramitación, porque prevén un 2,1 cando xa o gobernador do banco de España rebaixou no Congreso ao 1.4, mais as contas da Xunta aséntanse tamén na irrealidade e, xa que logo, na irresponsabilidade. Así as cousas, a Xunta autoeméndase no Proxecto rebaixándoa até o 1,7% e, aínda así, está moi por enriba da previsión da AIREF, que prevé que a nosa economía só medre un 0,6% o próximo ano.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así mesmo, un ano máis, non hai unha estratexia eficaz ante problemas estruturais como a falta dalgúns materiais ou os altos prezos enerxéticos, ámbitos nos que Galiza podería ter fortalezas. Tampouco, outro ano máis, ante as necesidades da transformación da economía e da sociedade para se adaptar á nova realidade derivada da crise climática.

Finalmente, un exercicio máis, as previsións da evolución do emprego aséntanse só na esperable da redución de poboación pola emigración e a crise demográfica, non nunha estratexia para impulsar a creación de emprego de calidade e non impulsa un verdadeiro Plan de Choque para frear os efectos devastadores dos altos prezos e para afrontar unha saída galega xusta da crise.

2. Uns orzamentos insolidarios, que empregan a crise postpandemia e a crise inflacionista para repetir as receitas da crise financeira: facer máis ricos aos máis ricos e debilitar os servizos públicos.

A insolidariedade é un dos vectores fundamentais do Proxecto do Partido Popular. É necesario advertir que non son excepcionais, un ano máis, respecto das cantidades ou das propostas, pois malia situarse nunha cifra alta, se os poñemos en contexto coa evolución da inflación dos últimos anos, son menores aos Orzamentos de antes da chegada de Feijoo no ano 2009.

Así mesmo, este Proxecto pode estar a sobrevalorar a capacidade financeira da Xunta para facer fronte aos compromisos de gasto e investimento. Dunha banda, pola incapacidade do goberno galego de obter un novo modelo para o sistema de financiamento ou máis recursos extraordinarios do ámbito europeo ao abeiro dos fondos de resiliencia. Por outra banda, pola evolución da débeda e polas imposicións





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

da condicionalidade dos fondos europeos, no marco dunha nova crise que supón xa unha nova recentralización das decisións económicas e financeiras, como amosa a imposición dos semestres europeos, a xestión dos Fondos Next Generation ou o debate sobre os novos impostos ambientais ou ao sector financeiro, que prevén unha nova invasión de competencias ou repartos inxustos, como xa aconteceu no ámbito da tributación das herdanzas.

É preciso recordar que aínda que sigan suspendidas temporalmente as regras de gasto, a débeda pública da Xunta restrínxese aos límites que fixa o compromiso de estabilidade orzamentaria para o período 2022-2025 e polo que o goberno español se comprometeu ante a Comisión Europea a unha progresiva redución do déficit público que terá que ser inferior ao 3% en 2025. Isto condiciona a axenda das corporacións locais e das comunidades autónomas que, unha vez máis, asumen máis do que a administración xeral do Estado. Así, malia que a Xunta é responsábel do sostemento dos servizos públicos básicos coma o ensino, a sanidade ou a política social, o Estado reserva para así ata dez veces máis de capacidade de déficit, reiterando o marco social e territorialmente inxusto da crise financeira. Isto condicionará necesariamente o sostemento dos servizos públicos, toda vez ademais que o incremento da prestación de servizos é unha realidade na crise inflacionista.

Máis aínda, cómpre recordar que Galiza está a sufrir, de maneira recorrente desde hai máis dun ano, unha inflación máis alta que o conxunto do Estado. Porén, os nosos salarios e pensións seguen entre os máis baixos do conxunto do Estado. Isto deriva necesariamente nun agravamento das desigualdades sociais, como amosa o recente informe da Rede galega contra a pobreza, que cifra nun 25,2%, máis dun cuarto da poboación galega, a que está en risco de pobreza e exclusión social. Ademais, este e outros informes alertan, de forma singular, da feminización da





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

pobreza e do agravamento da exclusión residencial, situando o acceso á vivenda como un problema central que o goberno galego continúa a desatender.

A desatención á vivenda súmase a outras medidas regresivas adoptadas nos últimos meses, como a supresión de instrumentos necesarios para a emerxencia social como a Tarxeta básica ou o impulso de sucesivas reformas fiscais regresivas.

É precisamente o ámbito fiscal destes orzamentos o que introduce o maior elemento de insolidariedade. Nun contexto onde é máis necesaria ca nunha unha reordenación da política fiscal para favorecer a redistribución da riqueza, o goberno do Partido Popular aproveita para avanzar nun modelo económico que privilexia as minorías de rendas máis altas fronte ás maiorías sociais. Isto, nun contexto onde a inflación está disparada e impacta de forma máis intensa nas clases populares é absolutamente demoledor e sintomático de cal é realmente a axenda do goberno galego: facer máis ricos aos máis ricos e empobrecer máis aos máis pobres.

Así as cousas, analizado o proxecto observamos como os beneficios fiscais aplicados pola Xunta ascenden a un total de arredor de 592M€ o que significa aproximadamente un 4,6% do total do orzamento non financeiro. Aproximadamente 600M€ aos que a Xunta renuncia para adicar a mellorar e ampliar a prestación de servizos públicos básicos xa que se atendemos a que persoas son as máis beneficiadas fiscalmente, alén das pequenas rebaixas fiscais que se aplican as rendas máis baixas, as verdadeiramente beneficiadas son as rendas e patrimonios máis altos, con aforros que van desde os case 500€ anuais para as rendas máis altas en IRPF até os máis de 4.400€ anuais para os maiores patrimonios no imposto correspondente.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Son tamén uns orzamentos insolidarios porque avanzan no endebedamento do país e das xeracións futuras e fano nun contexto no que non é descartable unha crise de débeda con importantes consecuencias en materia de acceso ao financiamento e de condicionalidade. Así, neste contexto de suba de xuros no que recrúan as condicións financeiras constatamos unha grande suba media de 48,9% nos gastos financeiros, dos que os ligados á débeda pública, que representan o 98,6% do capítulo, soben un 49,8%. Debido à política monetaria restritiva por parte do BCE e as pouco sólidas perspectivas de crecemento económico, as condicións de acceso ao financiamento van ir empeorando e a pregunta que debemos facernos como país é: serviu que o Partido Popular triplicase a débeda pública galega desde 2009 para termos uns servizos públicos fortalecidos e salvagardados? A resposta é que non, como amosan durísimos informes coma o do Consello de Contas de 2021 sobre os gastos de persoal da Xunta entre 2014 e 2019 que nos certifican que o ensino público galego perdeu até 2.500 docentes de ensino non universitario, sendo Galiza a cuarta autonomía que máis reduciu o persoal público entre 2009 e 2019, un 2,25%

Así, ao tempo que os servizos públicos viviron un deterioro brutal durante a etapa do Partido Popular, constatamos nestes orzamentos que a débeda pública prevista para finais de 2023 ascende a 12.250M€. Ademais, a esta cifra habería que engadir as colaboracións público-privadas, polo que en termos reais estamos a falar dunha hipoteca para futuras xeracións de 14.000 M€ de débeda total.

En conclusión, trátase duns orzamentos insolventes, insolidarios e polo tanto tamén ineficaces, que non impulsan medidas para combater a desigualdade social nin para transformar o sistema produtivo arredor da innovación e da xeración de valor engadido. Ao longo dos seguintes apartados explicaranse as razóns





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

fundamentais para a devolución de cada unha das seccións, un conxunto de partes cuxa suma fan evidente a necesidade da devolución do conxunto.

Por todos estes motivos, o **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)** solicita a devolución do Proxecto de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galiza para o ano 2023.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2022

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 08/11/2022 16:52:16



Á Mesa da Comisión 3.^a

O Grupo Parlamentario Socialista, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto do artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **emenda á totalidade ao proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023**, con expresa petición de **devolución**, en virtude das seguintes consideracións:

A crise económica motivada pola Gran Recesión a partir de 2008 supuxo que a economía internacional vivise tempos de moita dificultade, intensificados polas políticas de austeridade e recortes nos servizos públicos que limitaron as posibilidades de crecemento e a xeración de emprego, incrementando a fenda social existente previamente.

Cando aínda non nos tiñamos recuperado desa crise, o 11 de marzo de 2020 a Organización Mundial da Saúde elevou a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada pola Covid-19 a pandemia internacional e a rapidez na evolución, a escala nacional e internacional, requiriu a adopción de medidas inmediatas e eficaces para facer fronte a esta conxuntura que evitaran a propagación do virus e as súas nefastas consecuencias, provocando ao tempo da crise sanitaria unha crise económica e unha crise social sen precedentes.

Esta crise económica, abrupta e inesperada, impactou no conxunto da economía mundial, pero a diferenza da anterior, os gobernos adoptaron políticas expansivas tanto no ámbito fiscal como no monetario, convertendo aos Estados nun instrumento fundamental para impulsar a economía, asistindo ao tecido produtivo, mantendo o emprego e actuando como soporte para as persoas máis vulnerables.

Se o papel dos Estados foi clave nos momentos máis duros da pandemia, este papel ten que seguir a ser fundamental na nova realidade xurdida neste ano 2022 coa invasión de Ucraína por Rusia.

Xa que logo, Galicia, igual que o resto de España e Europa, encadea tres anos de dificultades sen precedentes, e precisamente con respecto a este ano 2022 o FMI subliña dous trazos relevantes, a rebaixa do crecemento económico mundial e a revisión á alza da inflación; tendo que as causas desta nova diagnose proceden do *shock* enerxético derivado da invasión de Ucraína, da imposición de sancións a Rusia, a volta aos contaxios en determinados países e á ruptura das cadeas globais de subministración.



A Xunta de Galicia presenta para 2023 uns orzamentos “históricos” que acadan os 14.167 millóns de euros (12.499 millóns de euros de ingresos non financeiros), é dicir, 1.239 millóns de euros máis de ingresos, sen que neles se perciba a resposta que Galicia precisa para afrontar os retos inmediatos nin os retos de futuro para acadar unha Galicia máis verde, máis dixital, máis cohesionada territorial e socialmente sen que ninguén quede atrás.

Uns orzamentos nos que as transferencias finalistas incrementan nun 7,9 %, basicamente debido aos fondos achegados do Goberno do Estado encabezado polo presidente Pedro Sánchez e dos fondos europeos.

O financiamento finalista do Estado acada os 736,8 millóns de euros, fundamentalmente para partidas como atención á dependencia (164 millóns de euros), cantidades asignadas na Conferencia sectorial de Cualificacións e Formación Profesional para o emprego; 99,2 millóns de euros para políticas activas de emprego; 87 millóns de euros para formación en emprego; 11,4 millóns de euros para bono alugueiro á mocidade; 13,1M millóns de euros para o programa bono social térmico; 10,8 millóns de euros para o plan corresponsable; 20,5 millóns de euros no Plan estatal de vivenda; 61,5 millóns de euros para axudas para actuacións de eficiencia enerxética en PEME e gran empresa; 209,5 millóns de euros en axudas para rehabilitación enerxética en edificios existentes (IDAE); 2 millóns de euros para financiamento dos libros de texto nos niveis obrigatorios de ensino; 9,5 millóns de euros para políticas contra a violencia de xénero ou 3,7 millóns de euros para a protección á familia e atención á pobreza infantil; entre outros.

Os fondos europeos incrementan un 4,5 %, ata acadar os 1.383 millóns de euros 527,2 millóns de euros do MRR; 23,1 millóns de euros da última anualidade PDR MF 2014-2020, 123 millóns de euros do FSE PO 2014-2020; 179,5 millóns de euros do REACT-EU; 168,5 millóns de euros da 1ª anualidade MF 2021-2027 e 32,11 millóns de euros do Fondo de transición xusta.

A pesares destes incrementos, son uns orzamentos nos que non se establecen as medidas de protección que precisa a cidadanía, fundamentalmente a máis vulnerable, o sector empresarial afectado por esta crise enerxética, e nos que tampouco se fortalecen os servizos públicos. Estes deberían ser uns orzamentos que nos permitisen avanzar en xustiza social e prosperidade económica, garantir a igualdade de oportunidades e protexer ás familias, ás PEMES e ás empresas.

O terceiro *Informe de Conxuntura Socioeconómica de Galicia do ano 2022* presentado recentemente polo Foro económico de Galicia amosa evidencias preocupantes sobre a realidade da nosa comunidade, cunha evolución do PIB real que amosa unha senda diverxente coa media estatal; cunha actividade económica



en Galicia que se reduce en 7 décimas con respecto aos dous trimestres anteriores, mentres a media estatal experimenta un incremento de dúas décimas, que aínda que a afectación na evolución da actividade económica do impacto da crise provocada pola pandemia no ano 2020 foi menor en Galicia que noutras comunidades autónomas, a recuperación acada menor ritmo, así se tomamos como base o cuarto trimestre do ano 2019, no segundo trimestre do ano 2020 en Galicia a actividade económica caeu ata o 82,1 e en España ata o 77,7, é dicir, a afectación en Galicia foi 4,4 puntos menor; mentres que hoxe só estamos 1,7 puntos por enriba. Se miramos a taxa de actividade, pois vemos que en Galicia é dun 53,2 % fronte a un 58,7 % para o conxunto do Estado, cunha menor taxa de ocupación, 47,2 % fronte a 51,4 % para o conxunto do Estado, datos que evidencian o desacerto nas políticas de emprego levadas a cabo pola Xunta de Galicia nos últimos anos, e que nos sitúan entre as peores comunidades autónomas de todo o Estado.

Os orzamentos son o elemento crucial no que se orientan todas as actuacións dun goberno, e ausencia de actuacións ben orientadas nos últimos anos, temos unha comunidade autónoma menos dinámica economicamente e máis empobrecida, e estes orzamentos non van contribuír a garantir un sistema de benestar e protección social, fortalecer á clase media e traballadora, actuar como locomotora da economía e manter o compromiso de responsabilidade fiscal.

Tras 13 anos de goberno do PP na comunidade galega, os servizos públicos sufriron unha evidente precarización:

En servizos sociais, cun déficit de máis de 14.000 prazas públicas en residencias, considerando que a rateo recomendada é do 5 % con respecto á poboación maior de 65 anos, a supresión da Tarxeta Básica, unha axuda para produtos básicos de supermercado, hixiene ou farmacia para 75.000 galegos e galegas, que supuña 31 millóns de euros ao ano, apenas o 0,02 por cento do Orzamento da Xunta para axudar ás persoas en situación de vulnerabilidade ou o Servizo de Axuda no Fogar (SAF), que pese ao incremento que experimentou logo do acordo impulsado polo PSdeG na Comisión de reconstrución, tampouco ten prevista unha achega suficiente que faga que os concellos non vexan comprometidos os seus orzamentos.

O mesmo acontece na **Educación**, un programa que sube menos da metade que o conxunto do orzamento, un 3,71 % fronte ao 8 %, cunhas contas que non van reverter os recortes en profesorado e a conseguinte quebra da igualdade de oportunidades existente entre o rural e o urbano, que perpetúa un sistema de axudas para libros de texto de “gratuidade solidaria”, menos eficiente que a gratuidade universal, máis caro e con menos cobertura; cun transporte escolar



que cada día é máis ineficiente con retrasos inxustificables para o seu cometido principal ou con diferencias importantes nos servizos de comedor escolar.

En **Sanidade**, son uns orzamentos ineficientes para afrontar os problemas reais do sistema sanitario público de Galicia, por non ter capacidade de realizar as transformacións que os profesionais reclaman dende dentro do sistema. En termos globais, o orzamento sanitario segue a destinar unha baixa porcentaxe a Atención Primaria, o que segue situando a Galicia entre as CC.AA de España con peor dato neste punto, cando é a Atención Primaria o eixe dos problemas evidentes do noso sistema sanitario. Para este ano, estas contas prevén unha suba de apenas 33 millóns de euros, segundo anunciou o propio Presidente da Xunta de Galicia na presentación dos orzamentos co programa de reforzo de Atención Primaria, un incremento que resulta a todas luces insuficiente para afrontar os problemas globais.

En materia de **vivenda**, o fracaso constatado das políticas da Xunta de Galicia no que xa se considera o quinto pilar do Estado do benestar fan imposible facer realidade un dereito constitucional, debido fundamentalmente á ridícula execución orzamentaria das xa de por si pírricas partidas destinadas a vivenda, partidas orzamentarias que foron incrementadas exponencialmente grazas aos fondos finalistas que veñen do Goberno do Estado, que para este orzamento achegaron 20,5 millóns de euros a través do Plan estatal de vivenda.

En **Política Industrial**, cuestión que xa non é só prioritaria senón que é inaprazable que a Xunta de Galicia asuma as súas competencias en materia de industria e active políticas activas e plans de apoio a emprendedores e ao tecido produtivo. Hai unha ausencia evidente de acción política da Xunta que está a conducir a Galicia cara a un deserto industrial e esa realidade nos debe facer ser conscientes da situación francamente preocupante que atravesamos o sector da industria en Galicia.

No que vai de ano, a produción industrial en Galicia (datos a agosto) experimentou unha caída do 1,3 %, mentres que para o conxunto do Estado creceu nun 3,5 %, situándonos á cola de todas as comunidades autónomas. Neste contexto, a pasividade e a inacción da Xunta fai que Galicia estea cada vez máis lonxe de acadar o obxectivo marcado por Bruxelas de que o sector industrial xere o 20 por cento do PIB.

Neste escenario é necesario que a Xunta asuma dunha vez por todas as competencias que lle outorga o Estatuto de autonomía en materia de industria, desenvolvendo inmediatamente políticas activas e reindustrializadoras que inclúan liñas de apoio aos emprendedores.



En canto á **Política agraria**, acontece o mesmo abandono por parte do Goberno galego, cun escenario volátil, no que os agricultores e gandeiros están vendo como os custes de produción se disparan obrigando a vender a perdas as súas producións, cunha situación dos mercado das materias agravada polas consecuencias que está provocar a guerra en Ucraína, a seca nas principais zonas de abastecemento de cereais (América do Sur e Estados Unidos), unha problemática similar tamén a están experimentar nos países produtores de gran da UE, (España, Italia e Romanía), unido á alza dos prezos do combustibles, fertilizantes e pensos.

Como consecuencia é necesario desenvolver plans de continxencia para manter as explotacións, así como plans de emerxencia que garantan a produción de alimentos e eviten o peche de explotacións.

En canto á Política pesqueira, os datos de execución orzamentaria neste últimos anos son catastróficos, deixando tantos e tantos millóns de euros sen executar que servirían para axudar ao sector neste momento tan complexo que está a vivir. No ano 2021 só executaron o 41,2 % dos fondos que conforman os programas dedicados á mar, amosando un claro problema estrutural deste departamento da Xunta de Galicia. Cartos que servirían ao sector para loitar contra a falla de remuda xeracional, para facer fronte ao incremento de prezos de combustibles e materiais, para mellorar a comercialización, a transformación e a eficiencia enerxética.

Na competición desbocada entre as CC.AA do PP polas **rebaixas fiscais**, o presidente Rueda quixo ser o alumno avantaxado, a pesares da realidade vivida no Reino Unido, onde a primeira ministra, a Sra. Liz Truss, que despois de ter anunciado unha baixada xeralizada de impostos, puxo en jaque a economía e a política monetaria do país, tendo que abandonar o seu cargo seis semanas despois de ter accedido a el. Nesta liña, o presidente Rueda renuncia a exercer unha fiscalidade progresiva que permita obter máis ingresos en momentos excepcionais, aplicando políticas fiscais regresivas que favorecen á minoría que máis ten fronte á maioría da cidadanía, incrementando a bonificación do Imposto sobre o Patrimonio, que pasa do 25 % ao 50 %, é dicir regalan unha media de 4.500 € para os 7.700 galegos e galegas máis ricos, mentres que para a gran maioría (rendas ata 35.000 €) a rebaixa fiscal será duns 40 €/mes de media.

É unha medida decepcionante, que amosa escasa sensibilidade co pobo galego e, lamentablemente, é unha política fiscal pensada para os máis ricos.

Polo que os socialistas pedimos a devolución destes orzamentos porque nada fai prever que con estes orzamentos expansivos se poñan as bases para o cambio produtivo que precisa o noso país, que nos achegue á senda do crecemento



económico sostible a través do fortalecemento dos servizos públicos, o investimento en I+D+i, o fortalecemento dos sectores produtivos e a Industria e a aposta polo emprego de calidade que reverta a precariedade dos nosos profesionais e que permita recuperar todo o talento exportado durante tantos anos.

Pazo do Parlamento, 8 de novembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/11/2022 17:11:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a través da súa portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda á totalidade, de devolución, da Sección 04, Presidencia da Xunta, e todas as entidades públicas e instrumentais dependentes desta, do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2023, polas seguintes razóns:

Os orzamentos previstos para a Presidencia da Xunta de Galiza ascenden a un total de 288 millóns de euros aproximadamente. Esta cantidade supón unha diminución duns 97 millóns de euros se o comparamos cos orzamentos da Presidencia do ano pasado, que ascendían a uns 385 millóns de euros. Esta diminución xeral dos orzamentos da Presidencia débese, entre outros factores, á reestruturación do goberno coa chegada do Presidente Rueda, mais o que ocorreu con esta reestruturación é que a Presidencia perdeu moito peso político, de xeito que tamén se ve reflexado nos números.

Deste xeito, vemos como a Presidencia deixou de controlar todas as políticas que teñen que ver co deporte, pasando estas á Vicepresidencia 2ª e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes. Igualmente, a Presidencia tamén se baleirou das políticas que teñen a ver co fomento da sociedade da información e do coñecemento, que pasaron á Consellería de Facenda e Administración



Pública, levando todo isto a que esta área se vaia achegando cada vez máis á irrelevancia política.

De igual maneira, é certo que, se facemos unha análise máis pormenorizada dalgún dos servizos destes orzamentos da Presidencia, veremos algunhas subidas no que ten a ver co total de diñeiro orzado, mais que lamentablemente seguen a tónica xeral da totalidade orzamentaria que ten como aspectos comúns a insolvencia, a insolidariedade e a inutilidade. Así, vese de xeito claro, por exemplo, nas partidas dirixidas á Secretaría Xeral de Medios que pese a subir uns 4 millóns de euros volveuse comprobar, mesmo en comparecencia orzamentaria, que isto non vai supoñer cambio algún no xeito de concibir a CRTVG e que esta seguirá a ser o medio de propaganda do Partido Popular e non a radio e a televisión públicas dos e das galegas.

Algo semellante ocorre coa Secretaría Xeral de Emigración, que nas contas xerais sobe 3,3 millóns de euros, pero que nas súas políticas segue a ter a mesma imaxe da emigración galega que hai decenios, sen adaptarse á realidade actual dos e das emigradas galegas e sen propoñer un plan integral da man do resto das Consellerías para fomentar dun xeito serio e ambicioso, os plans necesarios que favorezan a volta dos e das emigradas. Desta maneira, confírmase de novo, que para o goberno galego a emigración segue a ser algo decimonónico e ao que acudir unicamente comicio tras comicio coma un mero caladoiro de votos.

Por último, débese facer mención ao programa 761A de potenciación e promoción do turismo. Este programa que se decidiu inserir na Presidencia





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

despois da reestruturación do goberno é o que sostén os orzamentos desta área e é o que consegue que non sexan absolutamente pírricos, xa que do total dos 288 millóns de euros da Presidencia, este servizo conta con 131,8 millóns.

Mais, alén dos datos puramente económicos, é necesario tamén analizar a situación e o modelo turístico do goberno galego. E así vemos como despois de dous anos moi complicados para o sector, marcados pola Covid-19 e as lóxicas limitacións de desprazamento e a mobilidade, asistimos desde o verán pasado a unha innegable recuperación do número de visitantes ao noso país. Asistimos igualmente á recuperación do número de visitantes lastrada pola inestabilidade derivada da invasión rusa da Ucraína, que afectou aos fluxos turísticos internacionais e a mercados tradicionalmente emisores para o noso país, cuxa recuperación debe ser unha prioridade para fortalecer o sector.

Pola contra, ese aumento de visitantes non se traduciu, máis unha vez, nun salto cualitativo da calidade turística que ten Galiza. A Xunta de Galiza segue aferrándose a un modelo turístico monolítico e inmutable, insensible aos claros signos de esgotamento e sobre todo, insostible.

A concepción do goberno galego do Xacobeo e do propio Camiño de Santiago supoñen canalizar e concentrar a maior parte dos recursos públicos destinados a potenciar unha actividade turística na que parece que se fai prevalecer o cuantitativo sobre o cualitativo, excesivamente estacional e que dá mostras de esgotamento. Deste xeito, observamos como “bater récords” de afluencia non leva aparelado avanzar cara a excelencia turística nin tampouco cara a sostibilidade





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por esta razón, exemplos como o colapso sufrido en verán en Santiago de Compostela puxo de manifesto que o modelo actual non respecta á comunidade, ameaza a identidade da cidade e expulsa a cada vez máis locais cara concellos limítrofes. Un modelo que está a provocar un claro deterioro social, cuxo paradigma é Compostela (xentrificación, turismo low-cost, problemática das vivendas de uso turístico, perda do selo de cidade universitaria...). Un modelo que non aposta pola sustentabilidade real da actividade turística, porque non orienta as políticas do goberno galego neste eido cara a xestión de todos os recursos, de xeito que se podan satisfacer as necesidades económicas, sociais e estéticas do noso pobo, respectando ao mesmo tempo a integridade da nosa cultura, os procesos ecolóxicos esenciais e a diversidade biolóxica. Unha concepción miope do turismo, que supón un atranco para a diversificación da oferta turística e a posta en valor do inmenso potencial que ten o noso país neste eido, máis aló do Xacobeo e dos Camiños de Santiago.

Polo tanto, faise imprescindible pois, mudar o modelo: dar pasos cara a excelencia turística, mellorando a vida e os servizos das comunidades locais. Facer do turismo unha actividade transversal, sobre a que pivoten as estruturas de planificación territorial, urbanística, paisaxística e mesmo económica. Mellorar a conectividade (asumindo competencias en comunicacións ferroviarias e aeroportuarias), levando a cabo políticas máis decididas entre turismo e xestión de infraestruturas.

É necesario aproveitar a forza como marca do Xacobeo e a dos camiños para expandir e redistribuír a riqueza xerada por unha actividade turística sostible e que prime o cualitativo sobre o cuantitativo. Aproveitar o Xacobeo como





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

plataforma comunicativa de primeiro orde para introducir cuestións como a igualdade, corresponsabilidade, a tolerancia, a diversidade sexual, e moitos outros valores que van moito mais aló da espiritualidade relixiosa que impregna agora o Xacobeo e o Camiño de Santiago, que sendo absolutamente respectable, e incluso positivo desde un punto de vista promocional, limita o potencial da marca, e polo tanto, a posibilidade de exportar unha imaxe real da Galiza na que convive sen problemas a vangarda, o cosmopolita, coa tradición e o tradicional.

Porén, a Xunta volve a insistir nun modelo e nunha fórmula que oculta todo o potencial turístico do noso país e absorbe, coma un buraco negro, a maior parte do orzamento adicado a turismo.

Por todas estas razóns solicítase a **devolución dos orzamentos da Sección 04.**

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2022

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2022 17:30:33
Nº Rexistro: 43467
Data envío: 08/11/2022 17:30:33.107

Ana Pontón Mondelo na data 08/11/2022 16:52:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda á totalidade, de devolución, dos Orzamentos da Corporación “CRTVG” (Sección 04) no Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2023, polas seguintes razóns.

Se acudimos ao análise orzamentario por programas atopamos que no 461B, adicado a “Radiodifusión e TVG” dispónse un total de 121.920.456 €, o que representa unha suba duns 4 millóns de euros ao respecto do ano anterior, no que xa se producira un importante aumento de 11 millóns de euros en relación á previsión para o exercicio 2021.

Estamos a comprobar, polo tanto, como se asume un importante incremento orzamentario nos dous últimos exercicios que vai encamiñado a afortalar o control político da corporación dos medios públicos galegos. O orzamento para 2023 que a Xunta de Galiza presenta para análise non permite no entanto discernir nada máis aló das grandes liñas marcadas para a CRTVG no próximo exercicio. Isto é así debido ao raquitismo e esquematismo co que nos atopamos de novo e que vimos criticando nos últimos anos. Así, o documento atópase unha vez máis moi lonxe de ser un verdadeiro orzamento pormenorizado e detallado como o que se agarda de calquera ente público destas características se de facer un exercicio de transparencia real e de sometemento a control parlamentario se tratase. Vemos, na contra, un





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

documento de rasgos xerais e esquematizado que facilita o ocultamento do gasto real e polo tanto a fiscalización correcta que sería exixíbel para un Orzamento anual.

Si queremos, en todo caso, sinalar que a senda de manipulación e parcialidade dos últimos case 3 lustros non se ten revertido no último ano no que, máis ben á contra, a dirección da CRTVG insistiu en aprofundar e agravar os peores elementos da xestión dos últimos anos

Deste xeito continúa o flagrante incumprimento da propia Lei 9/2011 que esixe pluralismo, imparcialidade informativa, fomento da igualdade entre homes e mulleres e vocación de servizo público.

No 2022 a Corporación da Radio e Televisión de Galiza aprofundou no incumprimento dos seus propios compromisos e continúa sen aprobar o Plan de Igualdade que nos últimos meses se ten demostrado máis necesario que nunca ante os sucesivos escándalos pola falta de perspectiva de xénero tanto na programación da Radio e Televisión públicas como na propia xestión do persoal.

E se nos centramos nesa xestión dos recursos humanos atopamos que a CRTVG continúa sumida na conflitividade laboral, cunha OPE que non cubre boa parte das demandas postas enriba da mesa pola parte social e con continuas sentenzas negativas en casos tan graves como o do TSXG que condena á CRTVG pola vulneración de dereitos fundamentais ou o do TS condenando á Corporación polo despedimento dunha persoa en labores de alta dirección que costou ás arcas públicas case 180.000 € só en concepto de indemnización no que, en todo caso, amosa unha xestión nefasta dos recursos públicos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E máis unha vez temos que remarcar o que vimos sinalando en anos anteriores: que resulta evidente ante a lectura deste documento que ao Partido Popular lle interesa entre pouco e nada que os grupos parlamentares teñan as ferramentas precisas para debater as liñas de actuación da CRTVG. Así, como dicimos, o único que presentan son os grandes números, as grandes cifras, que en absoluto permiten aos grupos parlamentares aprofundar na fiscalización das liñas de traballo que a Corporación da Radio Televisión de Galiza ten previsto levar a cabo en 2023.

Aínda así, e cos poucos datos que ofrecen, podemos aventurar que máis aló dese incremento orzamentario que se apunta, as previsións para o ano que entra son máis do mesmo. Máis do mesmo no que ten a ver co incumprimento da lei, coa manipulación informativa, coa falta de ambición como medio de referencia nacional, coa mordaza do pluralismo e coa litixiosidade laboral que vimos padecendo desde a chegada do actual director xeral.

Resumimos dicindo que as achegas da Xunta de Galiza no proxecto de orzamentos de 2023 sitúanse en 118.763.494 € (4 millóns por riba do destinado en 2022). A estes hai que sumar as achegas patrimoniais e as de capital (250000€).

Pero este é, antes de nada, un orzamento que ten demostrado na práctica que non serve para cumprir coa función de servizo público que é a súa razón de ser.

Un orzamento, polo tanto, que incumpre coa lei e que a incumpre ademais sistematicamente. Porque o incumprimento que a Corporación da Radio Televisión de Galiza fai da súa propia lexislación ano tras ano é obsceno, comezando polo mantemento da mesma persoa na dirección xeral en réxime de interinidade



vulnerando o proceso de elección parlamentaria disposto no artigo 23 da lei. Chegado ao cargo en 2009, continuaba nel cando se aprobou a lei de medios de 2011 e tamén cando esta se modificou pola porta de atrás na lei de acompañamento dos orzamentos de 2015. E nesas estamos: seguen mantendo secuestrada a CRTVG despois de 11 anos de aprobar a lei e 7 anos despois de aprobar o mandato marco.

- Non cumpren co art. 33. no que ten a ver cos contratos programa

- Non cumpren co art. 34. Producción propia (que debe abarcar a maioría dos programas difundidos nas canles xeralistas). Sacáronse da manga a “producción propia externa” para trampear a lei, tamén neste artigo. Aínda que un incumprimento máis ou un menos pouco máis lles ten.

- Non cumpren co Art. 36. Estatuto profesional e consello de informativos. Para velar pola independencia, veracidade e obxectividade. Ningunean de xeito sistemático ao movemento “Defende a galega” e afirman sen ruborizarse que non hai manipulación informativa na CRTVG. Quen está a velar por esa independencia, veracidade e obxectividade cando non está creado o Consello de Informativos? O director xeral? O Consello de Administración?

- Non cumpren co artigo 4 que determina os principios fundamentais nos que reside a natureza da propia Corporación.

- *b) A promoción e difusión da cultura e lingua galegas, así como a defensa da identidade de Galicia.*
- *d) O reflexo do pluralismo ideolóxico, político, cultural e social de Galicia.*





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- *h) A obxectividade, imparcialidade, veracidade e neutralidade informativa, así como o respecto á liberdade de expresión e á formación dunha opinión pública plural.*

E todo isto sen esquecer en ningún momento a desaparición definitiva das delegacións territoriais da TVG que perpetraron en setembro do ano pasado co peregrino argumento de que “habera máis e mellor programación local tras o seu desmantelamento” e que como ditaba o sentido común e agora confirma a experiencia, resultou nun abandono case definitivo da información de proximidade. Renunciaron así máis unha vez a cumprir con outro dos mandatos marcados polos principios fundacionais da propia CRTVG.

Estes orzamentos son, polo tanto, a plasmación en números dun proxecto político que leva anos perfeccionando a conversión da CRTVG no gabinete de prensa da Xunta de Galiza. Como dicíamos ao comezo, este Proxecto de lei sitúa en case 123 millóns de euros o orzamento para a CRTVG en 2023. 123 millóns de euros resultan un prezo moi caro que deben pagar todas as galegas e os galegos por manter cos seus impostos o gabinete de prensa do Partido Popular e non a ferramenta de servizo público que debía de ser a CRTVG.

Estes deberan ser argumentos suficientes para rexeitar o proxecto de orzamentos para 2023 e exixir a súa devolución.

Porén, hai máis, como veñen denunciando de maneira ininterrompida as traballadoras e traballadores dos medios públicos desde hai máis de tres anos

O control político, o tratamento informativo con fins partidarios ou a vulneración de dereitos laborais son unha constante nas denuncias do cadro de





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

persoal. Agora, como mencionamos con anterioridade, ás sentenzas condenatorias por atentar contra dereitos como a conciliación, a compatibilidade ou a fixeza entre outros únese unha sentenza histórica que confirma a vulneración dos dereitos fundamentais dun traballador como “represalia” pola súa participación nos “Venres Negros” do colectivo “Defende a galega”.

No que ten a ver coa súa función dinamizadora da produción audiovisual galega e en galego a CRTVG tampouco está a cumprir co seu traballo. Así, aínda que durante moito tempo foi o centro e motor desta produción, o que permitiu asentar unha industria que até chegou a representar o 3% do PIB galego hoxe as dinámicas de abandono e desleixo do sector por parte da corporación levaron a este a supoñer menos do 1% do noso Produto Interior Bruto. E iso fano no que, segundo a propia Lei de creación da CRTVG, é “un sector estratéxico”.

Por último, o incumprimento do mandato marco da CRTVG e dos seus principios reitores está a ir á propia base que motivou a creación da Compañía da Radio e Televisión de Galiza nun primeiro momento: a defensa, promoción e normalización da lingua e cultura galegas. Deste xeito, ao longo dos últimos anos estamos a asistir a unha continua degradación do uso e a calidade da lingua nos contidos tanto da Radio como da Televisión como das plataformas dixitais nas que hoxe está presente a CRTVG; unha degradación que se viu agravada neste último exercicio cunha presenza cada vez máis notábel do castelán non só entre colaboradores e convidados senón tamén entre os propios presentadores e condutores dos espazos emitidos. No que supón, repetimos, un abandono do principio básico e vehicular que debía guiar a propia existencia da CRTVG.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todas estas razóns solicítase a **devolución dos orzamentos do Ente Público CRTVG (Sección 04).**

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2022

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 08/11/2022 16:53:03



Á Mesa da Comisión 3ª

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á totalidade ao **Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023**, relativa á **Sección 04. Presidencia da Xunta de Galicia**, con expresa petición de devolución, en virtude das seguintes consideracións:

Sección 04 – Presidencia da Xunta de Galicia. A2, Axencia Turismo de Galicia. Sociedade mercantil. Corporación Radio Televisión de Galicia

O gasto en actuacións de carácter xeral pasa de 306 a 339 millóns de euros, un incremento do 10,65 %. A Alta dirección da comunidade autónoma (que inclúe Presidencia, actividade lexislativa, control externo do sector público, alto asesoramento da Comunidade Autónoma e relacións exteriores) pasa de 40.299.000 a 43.493.101: un 8 % máis. O programa 111A presidencia da Xunta pasa de 3.762.000 euros a 6.027.000 euros, un incremento de aproximadamente o 60 %, a dirección da comunidade autónoma este ano sáenos moito máis cara que o anterior, un 8 % e máis concretamente a presidencia cóstanos un 60 % máis, o cal implica que o cambio de presidente tradúcese en máis gasto asociado á súa figura, nun contexto no que a situación económica tras unha pandemia, en medio dunha crise enerxética e cunha guerra en Ucraína é francamente complicada.

O gasto en persoal eventual e altos cargos da Presidencia da Xunta supoñen aproximadamente o 25 % do total de custos de persoal, unha porcentaxe que consideramos excesiva.

En canto á Secretaría xeral de medios, a partida 461A-Cobertura informativa e apoio á comunicación social recolle un importe de 5,8 millóns de euros. Lamentablemente, baixo esta epígrafe trátase con demasiada frecuencia de facer publicidade non de Galicia senón da Xunta de Galicia. E, en todo caso, os gastos en publicidade (é dicir, en propaganda) non aparecen nin sequera reflectidos nos orzamentos que presenta anualmente a Xunta, senón que son ocultados normalmente baixo o concepto 640, correspondente ao gasto en investimentos inmateriais, polo que tamén figuran nesas partidas xenéricas no momento de peche das contas anuais, con importes globais, sen que podan ser localizados, práctica opaca e falsificadora da realidade económica ante a cal o Consello de Contas de Galicia formula ano tras ano reiteradas peticións para que se lle poña fin, facendo a Xunta caso omiso.



E tampouco realiza o Goberno galego ningunha clase de Plan de publicidade e comunicación institucional, tal e como si fai o Goberno de España, pese as iniciativas presentadas a este respecto en varias ocasións polo Grupo parlamentario socialista, todo o cal conforma un marco de opacidade, de gasto excesivo, sobredimensionado e claramente dirixido á conformación dunha “única versión oficial” da nosa realidade; especialmente nun momento difícil no que a sociedade esixe máxima credibilidade, pluralidade e exemplaridade pública.

O orzamento para o 2023 **en materia de Turismo** é de 134.690.803 euros cun incremento de 8.663.441 con respecto ó ano 2022, este incremento creemos que é insuficiente ante á crise pola que pasou o sector do turismo debido a pandemia da COVID-19 e os efectos que está tendo neste sector a guerra de Ucraína.

Temos que ter en conta que nos orzamentos do ano que vén están consignados 11.942.390 para a mellora de albergues e do Camiño de Santiago, máis que este ano 2022 que había 7 millóns e seguen os 6 millóns para a Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo, polo tanto segue estando moi presente o Xacobeo.

Por outra banda, hai unha partida de 37.605.394 euros de Promoción do Turismo, unha das maiores partidas que esperemos saber como se vai facer esa promoción deste sector.

Tamén hai que resaltar que o incremento orzamentario do programa 761A ben dado en parte polo Mecanismo de Recuperación e Resiliencia do Goberno de España con 42.200.000 euros e temos que mencionar os Plans de Sustentabilidade en Destinos aprobados polo Goberno de Pedro Sánchez que neste ano investiu en Galicia 29.380.000 euros.

Fondos FEDER 2021-2027 3.300.000 euros.

Esperamos que este orzamento da Xunta de Galicia sexa executado na súa totalidade, porque na Lexislatura pasada deixou sen executar 16 millóns no programa de turismo. E no primeiro semestre deste ano só levan executado o 14 % no Programa 761A de Promoción do Turismo.

O Goberno autonómico ten que decatarse dunha vez que o sector turístico galego non pode estar só condicionado ao Xacobeo, ao que non lle restamos importancia, pero a riqueza turística do noso país é moi grande. O Turismo constitúe un pilar básico e estratéxico da nosa economía debido á xeración de riqueza e de emprego e ten un papel chave para a vertebración social e territorial.



O obxectivo da Xunta de Galicia tería que ser atraer cantidade e calidade turística, para iso, é imprescindible impulsar a transformación dos nosos destinos turísticos cara á sustentabilidade e a dixitalización. E a forma de facelo sería incrementando máis os orzamentos en turismo.

O turismo ten que ser un sector estratéxico para as políticas públicas da Xunta de Galicia ante esta gran crise económica, como o vimos defendendo no noso grupo desde o inicio desta lexislatura

Perfeccionar e enriquecer o modelo turístico e fortalecelo como un sector económico líder non é unha cuestión menor. E para isto é necesario que o Goberno do Partido Popular realice un investimento máis ambicioso e transformador no turismo galego. Estes orzamentos para o 2023 non son suficientes para fortalecer e modernizar o sector do turismo galego.

O turismo é o garante da cobertura das necesidades para milleiros de familias da nosa terra. Moitas persoas nesta comunidade dependen directamente do turismo para garantir a súa subsistencia e a das súas familias. O turismo é sinónimo de emprego.

En canto á **CRTVG**, a pesar de que o seu orzamento se incrementa, os nosos medios públicos continúan nunha liña de manipulación e parcialidade, en flagrante incumprimento da propia Lei 9/2011, que esixe pluralismo, imparcialidade informativa e vocación de servizo xeral. Ademais, segue sen aprobarse o contrato-programa, non existen proxectos para a TVG2, nin liñas que supoñan un impulso para o noso sector audiovisual, nin medidas para loitar contra a precariedade laboral, nin accións que recuperen a información de proximidade, nin cultura galega en horarios de máxima audiencia, nin programación infantil e para a mocidade de calidade, nin ferramentas que procuren o pluralismo, nin compromisos en defensa da igualdade na que tanto erran os nosos medios. En definitiva, uns orzamentos que manteñen a dinámica de incumprimento da propia lei galega de medios públicos.

No que atinxe á **SECRETARÍA XERAL DE EMIGRACIÓN**, considerando que Galicia é, moi de lonxe, a comunidade con maior comunidade emigrante no exterior, a grave situación de Venezuela e as dificultades que atravesan moitos países latinoamericanos, que fan que moitos galegos ou descendentes de galegos opten por volver a Galicia a pesar das dificultades para atopar un traballo na nosa comunidade, o programa 312C Servizos sociais relativos ás migracións ten un orzamento 20,4 millóns de euros, o que supón claramente unha contía insuficiente para atender ás necesidades crecentes das galegas e galegos no exterior.





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2022 17:13:47
Nº Rexistro: 43453
Data envío: 08/11/2022 17:13:47.928

Pazo do Parlamento, 8 de novembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/11/2022 17:03:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a través da súa portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 05, Vicepresidencia 1ª e Consellería de Economía, Industria e Innovación e instrumentais dependentes desta, do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2023**, polas seguintes razóns:

O 93% do orzamento da Vicepresidencia 1ª e Consellería de Economía, Industria e Innovación vaise en transferencias a favor de terceiras persoas, familias, concellos, empresas, entidades sen fins de lucro, outros organismos e axencias públicos. A través de transferencias correntes e sobre todo transferencias de capital.

Destacan como grandes receptores de fondos a Axencia Galega de Innovación, o Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) e o Instituto Enerxético de Galiza (INEGA). Estes 3 organismos concentran o 83% dos orzamentos da Vicepresidencia 1ª.

E á súa vez estes organismos destinan a maior parte dos seus recursos a realizar transferencias a terceiras persoas. A Axencia Galega de Innovación destina o 76% dos seus recursos a transferencias, o IGAPE (incluíndo créditos e avais) chega ao 90%, e o INEGA o 93%. Transferencias que canalizan a través dunha multitude de diferentes convocatorias de axudas, que van desde subvencións a fondo perdido a avais financeiros, para unha multitude de diferentes destinatarios (particulares, entidades, empresas, outros organismos públicos, sociedades públicas) e con diferentes obxectivos: apoio ao emprendemento, competitividade, internacionalización, dixitalización, hubs, eficiencia enerxética, centros tecnolóxicos, proxectos de I+D+i, Unidades Mixtas de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Investigación e máis. A maior parte destas convocatorias cambian todos os anos: prazos para presentar as solicitudes, requisitos para ser beneficiario, proxectos, porcentaxe subvencionábel, etc.

Reparten practicamente todo o seu orzamento e fano a través dunha constelación de diferentes convocatorias. Isto non é colaboración público-privada, isto é reducir a Vicepresidencia 1ª e Consellaría de economía, empresa e innovación do goberno galego, a un ente de pura e mera transferencia de recursos, e ademais ineficiente.

Entrando no ámbito da I+D+i, no BNG o primeiro que botamos en falta deste orzamento é unha cuestión cuantitativa. Segue quedándose moi curto en materia de investimento en I+D+i.

Lembramos que no ano 2020, último do que hai datos, o investimento quedou na Galiza apenas no 1.1% do PIB, unha cifra que nos sitúa moi lonxe da media do estado español que está no 1.4%, moi lonxe de outros estados como ITALIA e GRECIA, que están no 1,51% do seu PIB, moi lonxe de PORTUGAL, no 1,6%, de CATALUÑA, no 1,61%, e de EUSKADI, no 2,08%, e aínda máis lonxe da media europea, 2,5%, e de países líderes na UE como Alemaña, que inviste o 3% do seu PIB en I+D+I. Neste ámbito Galiza está situada aínda hoxe entre o 25% de rexións menos innovadoras de Europa.

Certo que o orzamento en I+D+i da Xunta de Galiza ven aumentando nos últimos anos, mais debemos ter presente que o esforzo neste ámbito das empresas galegas, polo xeral pequenas e sen capacidade financeira, é moi escaso, o que obriga ao goberno galego a suplir ese déficit, tanto a nivel cuantitativo como cualitativo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A este respecto desde o BNG insistimos en que o investimento en I+D+i dos orzamentos deben chegar ao 3% do total, para írmonos aproximando ás medias dos países da nosa contorna, é dicir, elevar o investimento en I+D+i aos 425M€

E ademais tamén deben incluírse medidas de carácter cualitativo. A comezar por cumprir coa palabra dada ao colectivo de investigadores e investigadoras, e impulsar dunha vez por todas a tan necesaria carreira profesional.

A Xunta ten que impulsar as ferramentas, para poder tirar o máximo rendemento do tremendo talento que temos na Galiza neste ámbito. E iso comeza impulsando a carreira investigadora.

Outra ferramenta necesaria no ámbito da I+D+i sería un programa de retención, recuperación e captación de talento, o INNOGAL, que funcionaría a semellanza de outros programas de éxito contrastado que existen en outros países, por exemplo o IKERBASQUE, unha fundación do goberno vasco constituída no ano 2007.

Outra cuestión da que carece o orzamento da Vicepresidencia 1ª e Consellaría de economía, empresa e innovación é dun auténtico compromiso cos nosos sectores industriais estratéxicos. Desde logo que isto non é novo. Ven reproducíndose desde hai moitos anos e o resultado está á vista, 15.000 empregos industriais destruídos nos 13 anos que levan de goberno.

Unha política contemplativa, que o Partido Popular está elevando a un nivel case que místico, e que é especialmente alarmante en algún dos sectores máis importantes do país, por exemplo no sector naval.

Unha ausencia que vai desde a inxustificábel carencia dun Centro tecnolóxico do sector naval á complicidade coa prohibición de que NAVANTIA faga construción naval civil na ría de Ferrol.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Do mesmo xeito tamén é moi elocuente a negativa da Xunta de Galiza a impulsar un centro tecnolóxico vinculado a outro sector, xa non estratéxico, senón esencial, como é o enerxético.

A crise climática preme sobre a necesidade de impulsar unha transición enerxética, e a crise de prezos aínda que introduce matices do punto de vista dos prazos, non fai máis que reincidir na necesidade de gañar en soberanía enerxética e na necesidade de impulsar fontes de xeración eléctrica renovábel.

Non se entende que a Xunta de Galiza non estea xa promovendo a constitución dun Centro tecnolóxico de I+D+i para o almacenamento de enerxía, vital para o éxito desta transición, e que serviría de polo de atracción para que se instalaran na contorna da vila das Pontes outras empresas do sector enerxético.

Outra das medidas que botamos en falta nos orzamentos é a constitución dunha empresa pública de enerxía que concentrara todos os activos enerxéticos da Galiza, e que resultaría un actor fundamental neste escenario de transición.

Unha empresa galega e pública de enerxía podería participar no desenvolvemento das enerxías renovábeis desde criterios ambientalmente sustentábeis, e socialmente respectuosos coas persoas que lexitimamente viven e pretenden seguir vivindo no rural, e podería contratar as súas necesidades de bens ou servizos con empresas galegas, axudando a promover e potenciar a industria asociada.

E outra ferramenta esencial non prevista nos orzamentos é unha Mesa galega da automoción, na que patronal, cluster, sindicatos, e universidades constitúan un foro que poida valorar a situación do sector, definir obxectivos estratéxicos, e determinar as medidas necesarias para acadalos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O sector da automoción é estratéxico para Galiza de todo punto de vista, e o goberno galego debería ter obxectivos e criterios propios, unha folla de ruta para o futuro, sobre todo nun escenario de transición enerxética que vai impactar sobre todo na mobilidade, independente dos designios de Stellantis.

O comercio de proximidade e pequeno comercio é outro ámbito onde o continuísmo dos orzamentos delata a falta de interese e de proxecto.

A expansión de novos formatos comerciais e novos hábitos de consumo son algunhas das causas da perda de tecido comercial na Galiza polo que é preciso un plan integral de promoción do comercio de proximidade que estableza obxectivos, que impulse a dixitalización, a sustentabilidade e a inclusión social para construír un comercio máis competitivo, mantendo os establecementos físicos, pero avanzando na presenza dixital e apostando por un modelo máis sostible.

Estes orzamento non cumpren con estes obxectivos desatendendo un sector chave para Galiza tamén do punto de vista territorial polo papel fundamental para consolidar e vertebrar o territorio, dinamizando as cidades, vilas e pobos, achegando identidade e reforzando a imaxe das poboacións.

En conclusión, a Vicepresidencia 1ª e Consellería de Economía, Industria e Innovación non fai cambios substanciais, o que significa reincidir nun modelo que provocou no sector industrial a destrución de 15.000 postos de traballo.

Reincide nun modelo subalterno das grandes empresas, que nos leva, por exemplo a renunciar a que Galiza teña un proxecto propio para o sector da automoción, para o naval, ou para o enerxético, e que renuncia tamén a dotarnos de ferramentas esenciais para encarar o futuro como centros tecnolóxicos sectoriais, ou unha aposta decidida pola I+D+i.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Xunta de Galiza reduce un departamento básico do goberno, de planificación da política económica, enerxética e de I+D+i, nun ente amorfo e ineficaz que externaliza e transfire a terceiras persoas as súas competencias de goberno e os recursos públicos do orzamento.

Por todas estas razóns solicítase a **devolución dos orzamentos da Sección 05.**

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2022

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 08/11/2022 16:53:25



Á Mesa da Comisión 3ª

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á totalidade ao **Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023**, relativa á **Sección 05. Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación**, con expresa petición de devolución, en virtude das seguintes consideracións:

Sección 05. Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación. Servizo A1. Instituto Galego de Promoción Económica-Igape. Servizo A2. Axencia Galega de Innovación-GAIN.

O orzamento da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación crece e consegue acadar un maior nivel de gasto e investimento dentro destes orzamentos expansivos, mais fracasa a súa folla de ruta, o seu modelo e as medidas para a economía galega. Amosan que esta consellaría carece de proxecto, ambición e estratexia para o modelo produtivo e a modernización e a transformación da economía de Galicia.

Para o Grupo Socialista os orzamentos desta consellaría representan unha oportunidade perdida e fano nun momento fundamental para a recuperación económica e para atallar as dificultades existentes derivadas da inflación, a crise enerxética e a desaceleración, ás que hai que engadir a suba dos tipos de interese. Polo tanto, o maior problema non vén dado pola falla do incremento orzamentario para esta Vicepresidencia Primeira nun contexto de orzamentos que mobilizan máis recursos senón do aproveitamento destes recursos e os programas definidos.

Para o Grupo Parlamentario Socialista, Galicia require dunha política económica activa que desenvolva as competencias que o Estatuto de Autonomía outorga ao autogoberno galego para así conseguir avanzar na converxencia económica e no benestar, e poder situarnos na vangarda europea.

Isto implica necesariamente avanzar en varias direccións:

a) Modernizar a economía galega liderando a dobre transición ecolóxica e dixital, asumindo a importancia da busca do desenvolvemento sostible e da loita contra o cambio climático, así como o impulso da dixitalización e da constante transformación industrial e tecnolóxica que obriga a Galicia a investir máis en investigación e innovación nas TIC.



b) Impulsar o investimento en I+D+i nunha Galicia cuxos niveis están por debaixo da media española e moi por debaixo dos niveis das rexións máis avanzadas de Europa, empezando por subir ata o 3% do PIB galego o investimento en I+D+i nos vindeiros anos.

c) Elaborar unha política industrial activa e reforzar os sectores produtivos clave do país ante os retos da súa transformación, con enfoques sectoriais que impliquen novas políticas agrogandeiras, pesqueiras e de comercio e servizos, entre outras.

d) Acadar un modelo de crecemento económico que priorice a creación de emprego de calidade.

e) Defender e impulsar o tecido produtivo galego, dende empresas estratéxicas a pemes e traballadores e traballadoras por conta propia..

e) Apostar por políticas públicas de cohesión social e territorial tamén dende a política económica, como garantía para un desenvolvemento estable e inclusivo; entendendo o social como unha base para impulsar a demanda e o crecemento e como fonte de xeración do emprego xunto coa súa función primordial a prol da xustiza e a igualdade.

Realmente, os orzamentos da Vicepresidencia Primeira fracasan en cada un destes obxectivos e destas necesarias liñas de avance, polo que instamos a que o Goberno retire os orzamentos.

A maiores, esta Vicepresidencia non ten un horizonte de traballo para desenvolver un pacto de rendas e unha política económica que loite contra a inflación, cuestión que para as e os socialistas, en todo caso, debe garantir a prioridade do crecemento, do emprego estable e da cohesión social.

Sabemos que a guerra de Ucraína desencadeou un novo escenario internacional caracterizado por problemas de oferta, encarecemento enerxético e crecemento xeneralizado dos prezos, de xeito que a inflación preocupa e moito, e cómpre un plan de acción transversal e coherente para loitar contra o risco de espiral inflacionista. Pero falla a orientación nos orzamentos.

Ademais, estes orzamentos deberían tamén asumir a necesidade de reforzar, reformar e reestruturar o Igape para convertelo nun verdadeiro instrumento de promoción económica e política industrial fronte ao modelo actual, que resulta inoperativo para os grandes retos do desenvolvemento económico galego, tal como se evidenciou cando o Goberno da Xunta preferiu crear unha nova sociedade para a xestión dos fondos europeos Next Generation e tamén no que atinxe a proxectos doutra dimensión e para o desenvolvemento de Galicia.



Así mesmo, cómpre desenvolver unha auténtica estratexia de fortalecemento das Pemes galegas, especialmente con programas máis potentes de internacionalización, dixitalización e colaboración empresarial, e aprobando medidas como novos instrumentos de apoio financeiro e técnico á innovación das Pemes. Tampouco o proxecto de orzamentos garante mellora substancial neste aspecto.

Tras 13 anos de goberno do PP, Galicia non pode seguir na senda de perda de peso económico, con menos poboación ocupada e cunha economía menos viva, menos dinámica e con menos impulso. O balance dos gobernos de Feijóo ofreceu como conclusión unha autonomía con 100.000 habitantes menos, 42.400 traballadores e traballadoras ocupados/as menos e unha economía que se sitúa por debaixo do 5 por cento do PIB do Estado. En definitiva, unha economía máis pequena, con menos capacidade para xerar emprego e cunha pirámide poboacional cada vez máis invertida. E a continuidade da política económica de Feijóo que acolle Rueda non garante unha mellora nestas eivas.

O Grupo Parlamentario Socialista constata a inconsistencia e a falla de modelo de política económica dos Orzamentos da Xunta para 2023, que desaproveitan a oportunidade que xeran orzamentos máis expansivos para impulsar a modernización, o emprego de calidade e o apoio ao tecido produtivo de Galicia no contexto poscovid.

Rexeitamos unha política económica coa que non compartimos nin a política fiscal, nin a política de gasto e investimento, como tampouco a política social e de servizos públicos, nin as políticas sectoriais que están detrás destes orzamentos da Xunta de Galicia, en boa medida porque carecen dun rumbo que dea solucións á cidadanía galega.

Os e as socialistas reprobamos que o Goberno galego careza de política económica pero utilice o contexto actual para gobernar con regalos fiscais de máis de 24 millóns de euros para os máis ricos, reducindo o imposto de patrimonio aos 7.700 galegos con maior riqueza. Cando milleiros de familias galegas chegan con dificultades a fin de mes e cando se fai máis necesaria a política do benestar e dos servizos públicos, o Goberno da Xunta deixa de recadar aos máis pudentes e reduce os seus ingresos por esta vía detrás dun discurso xenérico de rebaixa impositiva que non beneficia á maioría. Rexeitamos esta política fiscal do PP e a hipocrísia política dun PP que valora que estes son os orzamentos máis altos da historia pero non ten horizonte nin estratexia económica, e renuncia á corresponsabilidade e á autonomía fiscal ao optar por aplicar unha rebaixa do imposto de patrimonio regresiva e indecente. Os e as socialistas defendemos as políticas impositivas progresivas que buscan a suficiencia financeira e a corresponsabilidade fiscal.



Como sinalamos, a pesares da enorme mobilización de recursos, estas contas carecen de modelo para levar a cabo unha modernización económica que garanta o aumento da produtividade, que xere emprego de calidade e atenda a dobre transición ecolóxica e dixital, e perdemos unha oportunidade para unha nova política económica que garanta un país máis próspero e cunha economía dinámica e innovadora que repercuta no benestar dos galegos e das galegas.

Trátanse duns orzamentos que obvian as competencias da Xunta de Galicia en materia de economía e industria e que fallan no deseño dunha política económica acorde coas necesidades do tecido produtivo, carecendo de modelo para o presente e futuro do país. Por outra banda, mentres o Igape segue sen redeseñarse para poder impulsar a actividade económica e innovadora, así como a supervivencia e resiliencia das pequenas e medianas empresas, falla tamén a conexión da política económica co territorio, tanto no ámbito urbano coma no rural.

Pola súa banda, o gasto en I+D+i de Galicia en relación ao PIB é do 0,98% lonxe do 1,25 % que existe en España e ao 2,18 % de media na Unión Europea. En Galicia temos que construír un novo modelo de crecemento e, para que isto sexa así, a Xunta de Galicia ten que apoiar o I+D+i incrementando moito máis este programa nos orzamentos do próximo ano. Neste senso, o goberno de Rueda carece de modelo para a innovación e o dinamismo de Galicia como se evidencia nestes orzamentos:

- O orzamento para 2023 no programa 561A Plan galego de I+D+i é de 198.831.089 euros, incrementando 16.536.966 con respecto a este ano, pese a que este incremento segue sendo insuficiente para que Galicia chegue a ser unha rexión con alto perfil de innovación.

Este incremento está baseado de forma substancial nos fondos extraordinarios recibidos do Estado, así como en ingresos procedentes da Unión Europea a través do denominado Fondo de Recuperación e Resiliencia. En todo caso, cómpre matizar a relevancia do orzamentado na medida en que hai niveis de execución dos orzamentos moi reducidos. Sinalar, por exemplo, que na anterior Lexislatura quedaron sen executar 163 millóns de euros no programa 561A de I+D+i. É dicir, que o goberno da Xunta carece de orientación e compromiso suficientes para impulsar a innovación, pero ademais tamén se acredita a constante incapacidade do Goberno galego para executar os seus propios orzamentos.

A Xunta de Galicia ten que elevar o nivel de aportación de fondos públicos á I+D+i, Galicia está atrasada neste eido, con menos inversión sobre o PIB na actualidade que en etapas anteriores. Ademais, mentres outras comunidades avanzaron moito, a nosa queda atrasada en materia de avance no I+D+i: así o



reflicte a comparación co norte de Portugal, así como coa media de rexións europeas e tamén das comunidades autónomas de España.

A comunidade galega xa partiu en 2019 dunha mala situación no investimento en investigación e desenvolvemento, e dous anos despois a súa puntuación empeora. O gasto público en I+D+i sitúase agora no 64 % da media da UE, mentres que o desembolso empresarial só é do 32 %, o que leva a Galicia ata o lugar 68 do total de 240 rexións europeas. E esta é tamén unha das principais diferenzas co norte de Portugal. No investimento privado en I+D+i, o país veciño case dobra a puntuación de Galicia, pero tamén nos supera no gasto público en investigación.

No Grupo Parlamentario Socialista, ante as cifras do último Informe de Innovación Rexional da Comisión Europea, cremos que o Goberno autonómico ten que incrementar dunha forma moito máis ambiciosa o exercicio orzamentario nos niveis de financiamento público da I+D+i, garantindo un financiamento sostido que represente unha porcentaxe dos ingresos públicos que tenda á media española e europea.

Así, reclamamos á Xunta de Galicia que incremente a porcentaxe de investimento en I+D+i, co fin de pasar do 0,98 % actual ata o 1,5 % do PIB no tempo máis breve posible, e de crear as condicións necesarias para incentivar a participación privada en I+D+i de xeito que se avance, na Comunidade Autónoma de Galicia, cara o obxectivo conxunto do 3 % do PIB.

Finalmente, cómpre sinalar que o sector do comercio atravesa dificultades evidentes en Galicia e non podemos permitir que queden polo camiño moitos pequenos comercios, tan importantes tamén en termos de emprego.

O orzamento para 2023 no programa 751A de Comercio é de 25.485.360 € aumentando en 7.109.749 € con respecto ao orzamento do ano 2022.

O Goberno autonómico ten que axudar aos pequenos comercios e ás persoas autónomas, que necesitan apoio para poder reabrir, xerar emprego e posibilitar que as familias teñan ingresos mes a mes.

O orzamento da Xunta de Galicia crece, pero non é razoable que, ante a situación de crise na que está o comercio, derivada en boa medida da pandemia, este orzamento só incremente en 7 millóns o programa 751A.

E por se isto fose pouco, no primeiro semestre do ano só se executou o 11 % do orzamento que ten o Goberno Galego para ordenación, regulación e promoción do comercio de Galicia.



Ante as dificultades do pequeno comercio, o que debería facer a Xunta de Galicia é polo menos ter executado o orzamento deste sector para impulsalo e apoialo. Unha mostra máis da mala xestión do Executivo galego e da pouca atención que presta ao sector do pequeno e mediano comercio.

Parlamento de Galicia, 8 de novembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/11/2022 17:04:34





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a través da súa portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 06, Vicepresidencia 2ª e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, e todas as entidades públicas e instrumentais dependentes desta, do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2023**, polas seguintes razóns:

Os orzamentos desta área non son relevantes cuantitativamente, poren si que son ilustrativos da ausencia de proxectos e do rigor da Xunta de Galiza, e da nula vontade do PP de rematar coas arbitrariedades de todos estes anos e de apostar polo reequilibrio territorial e social.

a) Estes orzamentos non é que sexan continuístas e que mesmo algunha das memorias son un vergonzoso corta e pega dos orzamentos de exercicios precedentes, as veces esa falla de esforzo leva a cometer erros polo cambio de circunstancias entre exercicios (tal é o corta e pega que, p.ex. continuase a falar de proxecto do Ministerio de Xustiza cando agora xa é un proxecto de lei do goberno en tramitación no Congreso dos Deputados).

b) Non se menciona a pretensión de solicitar ao estado a transferencia de novas competencias ou facultades, nin en materia de tránsito ou seguridade viaria, inspección de traballo, xustiza, institucións penitenciarias (existe acordo



do Parlamento de Galiza de reclamar a transferencia da sanidade penitenciaria), salvamento ou da AP-9... ningunha.

Na mesma liña non se anuncia o desenvolvemento do corpo de policía galego, malia que ao PP cónstalle que a organización das FFCCSS do Estado non responde ás necesidades e características de Galiza, e o número de efectivos resulta notablemente insuficiente para atender as necesidades da poboación, sen que o goberno galego teña (nin queira ter) competencias para reverter a situación. Más unha vez Galiza e a cidadanía galega non se considera como un obxectivo, senón como un medio para facer oposición ao goberno do Estado.

d) A Xunta de Galiza nesta área, ao igual que no restos das consellarías, segue apostando pola xestión indirecta dos servizos e recursos públicos. así, tanto a seguranza de edificios públicos segue a contratarse con empresas privadas, o desenvolvemento dun corpo galego de policía evitaría boa parte destes gastos, tamén a limpeza dos edificios ou a atención das emerxencias, rematado o contrato para a xestión do ciae-112, o pasado mes de setembro a Xunta de Galiza acordou licitar novamente a xestión do servizo de atención ás emerxencias.

e) Ilustrativo destes orzamentos son as previsións ás corporacións locais que se ben experimentan un incremento do 15,50% respecto aos do ano pasado, que xa aumentaron en case un 20% ao respecto do exercicio precedente o certo é que:

O Fondo Base de Cooperación Local, o único que se distribúe con criterios obxectivos e que os concellos destinan libremente ás necesidades da veciñanza, sigue sendo esencialmente a mesma que en 2009.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A actualización da cantidade prevista para o Fondo Base de Cooperación Local de 2009 a setembro de 2022 implicarían un incremento do 27,4%, isto é, a cantidade debería ser de 143.926.000 € para manter o poder adquisitivo.

Certo que medra o fondo adicional que os concellos que o reciban non o poden destinar as súas necesidades prioritarias, mais o que o incremento substancial, de case o 50% máis, é a cantidade que a Xunta destina a subvencións e convenios cos concellos que, ordinariamente, realizan sen procesos de concorrência competitiva. En suma, incremento da discrecionalidade en época preelectoral

A partida destinada a subscripción de convenios e subvencións representa o 73,61% do que os orzamentos de 2023 destinan ás corporacións locais. esta partida experimenta un incremento do 42,20% respecto a do orzamento de 2022 que xa a vira incrementada nun 48,33% en relación coa de 2021.

Medra a discrecionalidade e baixa a eficiencia na xestión dos recursos públicos, e a autonomía local.

f) Os orzamentos en materia de emerxencias acreditan que o goberno galego aprendeu pouco ou nada dos graves sucesos acontecidos este ano. non se prevé a implantación dun sistema de emerxencias de carácter público, profesionalizado cun mando único operativo, e con medios materiais e coa capacidade de atender nun prazo de 20 minutos as incidencias que se produzan en calquera parte do país. o acontecido na praia do Silgar o pasado mes de abril





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ou, máis unha vez, a imposibilidade dos concellos de contratar socorristas para os espazos acuáticos ..., non teñen translación nestes orzamentos. nos que si continúa a política de anuncios que logo se concreten en nada, así un ano máis prevese a comarcalización de parques de bombeiros municipais, cando p.ex. no de Ourense -única das grandes cidades nas que nos últimos anos gobernou o PP- non se fixera absolutamente nada, nin sequera un informe sobre as necesidades para executar tan anunciado proxecto.

g) Un compendio do anterior atopámolo na administración de xustiza. A Xunta presume dos investimentos realizados en infraestruturas, cando existen pendentes de aclarar os sobreprezos pagados na Cidade da Xustiza de Vigo (30% na fase de demolición e 40% na de construción). Igualmente, mentres o Consello de Contas o pasado mes de decembro constataba o incumprimento do Plan de Infraestruturas Xudiciais 2010-2015, estando sen iniciar os novos edificios de Muros, Cambados, Vilagarcía ou a Sede da Fiscalía Superior de Galiza.

Asemade mencionase a importancia da mediación, nomeadamente a familiar intraxudicial, se ben logo non se asinan os convenios, ou cando se asinaron p.ex. 2020, 2019 faise ao final de ano, obrigando a traballar en precario as colexios profesionais que prestan o servizo.

Tampouco consta vontade de normalizar o idioma galego na administración de xustiza e permitir traballar nos programas de xestión procesual en igualdade co castelán. Reiterar que a normalización do idioma na Administración de Xustiza é un dereito lingüístico, mais tamén forma parte do





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dereito á defensa e a un proceso con todas as garantías, é dicir, tamén é un dereito procesual.

h) En todo caso, o incremento porcentualmente máis relevante dos últimos anos é no persoal eventual das delegacións territoriais (un 70% de incremento dende 2021) sen que conste a razón ou xustificación de tal exponencial incremento.

Por todas estas razóns solicítase a **devolución dos orzamentos da Sección 06.**

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2022

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 08/11/2022 16:53:45



Á Mesa da Comisión 3ª

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á totalidade ao **Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023**, relativa á **Sección 06. Vicepresidencia Segunda e Consellería da Presidencia, Xustiza e Deportes**, con expresa petición de devolución, en virtude das seguintes consideracións:

Sección 06. Vicepresidencia Segunda e Consellería da Presidencia, Xustiza e Deporte. Servizo 81. Academia Galega de Seguridade Pública. Servizo A1. Axencia Galega de Emerxencias.

1. PLAN INFRAESTRUTURAS XUDICIAIS: Este orzamento é continuista, dedícase unicamente a unha mera xestión dos gastos ordinarios e non se atopa ningún investimento novo en materia de Xustiza.

Quedan por facer no territorio moitas actuacións en infraestruturas xudiciais que estaban previstas no Plan de infraestruturas xudiciais que remataba no ano 2015, e que aínda están pendentes: Padrón, Ferrol, Muros, Sarria, Cambados, Vilagarcía ou A Coruña ou Viveiro.

A escusa era rematar coa cidade da Xustiza de Vigo pero agora que está rematada non se prevén tampouco.

Só aparecen dous grandes investimentos: O 3º xulgado da Estrada e a nova sede do Imelga de Santiago que xa levan orzamentados dende 2020.

Dende o Grupo Socialista temos que apostar por unha xustiza moderna e adaptada aos tempos e iso pasa por investir en novas infraestruturas xudiciais nas vilas medianas que se adapten ás novas tecnoloxías e supoñan un espazo digno para os usuarios e os profesionais que alí traballan.

É necesario implantar a quenda de garda de 24 horas e o incremento persoal do Imelga, cumprindo así as demandas do ámbito da xustiza.

O propio presidente do TSXG, Díaz-Castroverde, en relación a este tema, nunha visita aos xulgados de Vigo avogou por ser “solidarios” no reparto de recursos.

É un dereito de todas e todos os galegos o dereito a unha tutela xudicial efectiva, e en concreto a un procedemento xudicial sen dilacións indebidas.



*Aprobar un “Plan de medidas de protección ás vítimas de violencia de xénero dentro das sedes xudiciais” para un período de 4 anos e no que se estableza unha adecuación progresiva dos xulgados que coñecen en materia de violencia de xénero en todo o territorio galego co obxectivo de mellorar a seguridade e a protección das vítimas.

2. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA: A Xustiza galega está composta por excelentes profesionais que están a dobrar esforzos para colaborar nesta recuperación e afrontar toda a carga xudicial que teñen por diante, mais con isto só non chega.

O Goberno de España está a redobrar esforzos cara á modernización da Xustiza e de adaptación aos tempos. Galicia non pode quedar atrás, ata o de agora o que se viña facendo a un ritmo moi lento, como algo máis secundario, o Plan Senda tampouco cumpriu os obxectivos pactados, nin o 1º nin o 2º, polo que estes orzamentos teñen que lle dar un maior pulo á dixitalización e adaptación da actividade xudicial ás novas tecnoloxías, que neste momento é prioritario.

A implantación do expediente dixital non pode esperar máis, e para isto cómpre aumentar o orzamento e executalo, crear servizos de dixitación, dotalos de medios materiais e de persoal, así como formar o persoal.

Fomentar o teletraballo, e tamén investir en medidas para incorporar as novas tecnoloxías ás actuacións procesuais.

Os tempos son importantes en Xustiza, unha xustiza lenta non é xusta, Temos un gran problema co tempo de duración de determinados procedementos, como aqueles nos que teñen que intervir os equipos de valoración Imelga, por exemplo nos procedementos de familia, nos que a cita co servizo pode tardar dous anos.

O investimento non se pode centrar na reforma do centro de coordinación de Santiago, senón que debe aumentar este investimento para dirixilo a reforzar con persoal estes servizos.

3.- EMERXENCIAS E SEGURIDADE: Cómpre mellorar o diálogo coas deputacións en materia de prevención e de emerxencias. Os GES, é necesario revisar os convenios dos GES e darlle unha volta á organización. Necesitamos delimitar as súas funcións cara a unha prevención e resolución de emerxencias e unha maior profesionalización.

E acabar coas zonas de sombra, aquelas que non teñen capacidade de resposta en 20 minutos, que aínda existen no noso territorio. (Vila de Cruces, Rodeiro).



En relación ao Plan de loita contra a Vespa Velutina, non se cuestiona a partida orzamentaria senón a súa execución, pero cunha falta de consenso total coas asociacións de apicultores galegos que levan anos traballando nesta erradicación, e isto fai que sexa unha perda total de eficacia na xestión. E por outra banda seguen a ser os concellos os que asumen o custe da retirada na maioría dos supostos, xa que o protocolo de actuación de Seaga é moi limitado.

4. ADMINISTRACIÓN LOCAL: O Goberno da Xunta ten que actuar de forma equitativa con todos os concellos.

Un reparto regrado dos fondos garante esa equidade, e iso conseguiríase financiando todos os recursos cos que contan para a Administración local a través do fondo de cooperación base.

O Fondo de cooperación local base leva conxelado dende 2011: 112,9 millóns de € para toda Galicia, totalmente insuficiente.

O artigo 142 da CE establece esta obriga e vostedes en 12 anos nin actualizaron o IPC e delegan competencias propias nos concellos, que se sumamos a suba dos prezos dos servizos atopámonos que neste momento están afogados.

A este goberno o financiamento regrado non lle gusta, prefire incrementar (400 y pico mill. €) a cantidade destinada a convenios e subvencións porque “e máis opaca e porque a reparten de forma discrecional.”

5. COOPERACIÓN: A cooperación para o desenvolvemento ten que a nivel orzamentario o dobre para situarnos na media autonómica.

E saír do tan vergoñento posto do *ranking* no que a compromiso orzamentario se refire. Galicia ocupa o posto 11/12 de 17.

No ano 2009 co goberno bipartito, dedicábanse a cooperación 11,6 millóns de euros, isto é o 0,1 % do orzamento da Xunta de Galicia.

Estamos aínda moi lonxe desta cifra (8 millóns agora)

6. DEPORTE: É necesario aumentar as campañas de sensibilización cara á necesidade de facer exercicio físico e levar unha vida saudable.

- En Galicia temos moito potencial de deporte base e deportistas recoñecidos a nivel internacional, así como medallistas olímpicos. Moitos deles quedan polo camiño por falta de financiamento.



A todos eles e elas este goberno ten que protexer e apoiar.

E potenciar o deporte feminino dende sempre infravalorado.

- Terceiro os equipamentos deportivos, moitos deles en malas condicións e cuxo arranxo supón un custo inasumible para os concellos. Tendo en conta a necesidade de fomentar o nos deporte base e protexer a nosa mocidade ofrecendo lugares seguros para as prácticas deportivas este goberno ten que incrementar o orzamento destinado a este fin.

7. MEMORIA HISTÓRICA: Establecer no orzamento 2023 unha partida para a recuperación da memoria histórica dos galegos e galegas, co fin de dar cumprimento ao establecido na nova Lei de memoria democrática e elaborar un plan 2023-2027 para a recuperación da nosa memoria histórica en concordancia co establecido na recente aprobada Lei de memoria democrática, que marque as diferentes iniciativas nesta materia que se van impulsar dende o Goberno da Xunta nos próximos anos, con especial referencia ao papel das mulleres galegas na loita pola liberdade e a democracia. Houbo 13 anos de goberno do PP durante os que non se destinou nin un só euro á recuperación da memoria.

Pazo do Parlamento, 8 de novembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/11/2022 17:51:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a través da súa portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 07, Consellería de Facenda e Administración Pública, e todas as entidades públicas e instrumentais dependentes desta, do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2023**, polas seguintes razóns:

O terceiro proxecto de orzamentos deste mandato electoral da Consellería de Facenda e Administración Pública continúa situando esta parte do goberno no inmovilismo e na rutina. Desta forma, presenta, na liña habitual dos anteriores exercicios do goberno do Partido Popular, un papel xestor de recursos, renunciando a ter un papel tractor e central na transformación económica da totalidade da acción governamental.

O proxecto para 2023 ten como única novidade na súa estrutura e concreción a verificación da incorporación da AMTEGA na estrutura da Consellaría, cambio iniciado no anterior exercicio. Porén, isto non supón nin un salto cualitativo nin sequera cuantitativo. Así as cousas, obsérvase como este organismo, en pleno proceso de dixitalización do noso país, pasa de 209,5 millóns de euros nos orzamentos de 2022 a 197,3 nos de 2023, unha redución que vai na dirección contraria aos procesos de dixitalización e conectividade que



se están a intensificar en toda Europa. Máis aínda, tendo en conta as carencias estruturais en ámbitos tan demandados como o da xustiza ou o do ensino, onde ademais cómpre salientar a falta de transparencia da Xunta de Galiza respecto da política de contratación.

A concreción orzamentaria da sección segue, en termos xerais, a estrutura habitual nos outros anos mais neste contexto inflacionario, a redución do orzamento global da consellaría é preocupante do punto de vista da capacidade de xestión, pois supón un retraemento de recursos que impedirá avanzar na mellora dos procesos. Así mesmo, a concreción das partidas de entidades como o Instituto Galego de Estatística supón unha conxelación dos recursos que acabará por ter consecuencias a medio e longo prazo na maduración de importantes ferramentas de autogoberno.

Así mesmo, salienta negativamente a falta de impulso administrativo para a xestión dos fondos europeos, detraendo algúns dos recursos extraordinarios do exercicio anterior así como a reiteración da falta de vontade política para impulsar a obtención de novos recursos extraordinarios nun contexto onde se incrementan as necesidades de gasto. Este é un obxectivo que non se persigue desde a Consellaría nin desde o conxunto da estratexia orzamentaria, toda vez que se renuncia a dar o debate sobre a reconfiguración que precisa o Fondo de Compensación Interterritorial e o conxunto dun sistema de financiamento que só medra polo impacto na recadación da inflación, que aumenta os recursos. Porén, o goberno galego emprega este recurso para impulsar rebaixas fiscais regresivas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que se centran en beneficiar ás elites económicas, tal e como sinalamos na análise das propostas de medidas fiscais e administrativas.

En conclusión, un exercicio máis, desde o ámbito responsábel da planificación económica non se impulsan alternativas para que Galiza saia fortalecida nun contexto de profundos cambios e transformacións. Non se dá resposta nin se adianta a capacidade de reacción ante un contexto de cambios no escenario financeiro, nin ante os riscos dunha crise de débeda ou de estanflación. Polo tanto, xa que non se aposta tampouco por meirande capacidade de autogoberno nin por un maior impulso público á economía, sería necesario afrontar unha reordenación da sección e das súas prioridades.

Por todas estas razóns solicítase a **devolución dos orzamentos da Sección 07.**

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2022

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 08/11/2022 16:53:59



Á Mesa da Comisión 3ª

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á totalidade ao **Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023**, relativa á **Sección 07. Consellería de Facenda e Administración Pública**, con expresa petición de devolución, en virtude das seguintes consideracións:

Sección 07. Consellería de Facenda e Administración Pública

O Goberno da Xunta de Galicia presenta un proxecto de orzamentos para 2023 que non garante unha resposta axeitada á situación derivada dos últimos tres anos, marcados por dous acontecementos sen precedentes: a pandemia da Covid-19 e a invasión de Rusia a Ucraína. Se a pandemia nos sumiu nunha grave crise sanitaria, económica e social, a posterior guerra retardou a senda de recuperación e trouxo unha nova afectación económica alterando significativamente o contexto xeopolítico e económico coa alza dos prezos enerxéticos, dos alimentos e das materias primas, así como menores perspectivas de crecemento. Este crecemento da inflación, que é máis alto na nosa comunidade que no conxunto do Estado, afecta á cidadanía no seu conxunto, pero de maneira máis forte aos fogares máis vulnerables, confrontados a unha situación de pobreza enerxética ou en risco de caer na devandita situación, así como sobre as empresas máis vulnerables ás subidas dos prezos da enerxía

O FMI subliña para este 2022 dous trazos relevantes: rebaixa do crecemento económico mundial e revisión á alza da inflación. As causas deste novo diagnóstico proceden do *shock* enerxético derivado da invasión de Ucraína, da imposición de sancións a Rusia, a volta aos contaxios en determinados países e á ruptura das cadeas globais de subministración.

O orzamento debe ser o instrumento que permita desenvolver a política económica e social dun territorio, actuando para que a cidadanía, fundamentalmente a máis vulnerable, e o tecido produtivo amortecer o máximo posible o impacto da crise, para saír todos xuntos, o máis axiña e o menos desigual.

A Xunta de Galicia presenta para 2023 uns orzamentos “históricos” que medran, polo lado dos ingresos un 11 % acadando os 14.167 millóns de euros (12.499 millóns de euros de ingresos non financeiros), é dicir, 1239 millóns de euros máis de ingresos, sen que neles se perciba a resposta que Galicia precisa para afrontar os retos inmediatos nin os retos de futuro para acadar unha Galicia máis verde,



máis dixital, máis cohesionada territorial e socialmente sen que ninguén quede atrás.

Uns orzamentos nos que o financiamento autonómico medra nun 23,3% debido ao incremento da recadación, do aumento nun 8,8% das entregas a conta e ao incremento en máis de 1.000M € a liquidación de exercicios anteriores e nos que os fondos que veñen do Goberno do Estado e da Unión Europea incrementan nun 7,9 %, o que supón case 737 millóns de euros de transferencias finalistas do Estado e 1383 millóns de euros de Fondos Europeos: 527,2 millóns de euros do MRR; 23,1 millóns de euros da última anualidade PDR MF 2014-2020; 123 millóns de euros do FSE PO 2014-2020; 179,5 millóns de euros do REACT-EU, 168,5 millóns de euros da primeira anualidade MF 2021-2027 e 32,11 millóns de euros para o Fondo de transición xusta.

A pesares deste importante incremento de recursos, as contas non reflicten proxectos ou medidas que permitan aproveitar axeitadamente estes recursos, polo que novamente vemos incrementadas as contías dos mesmos programas co evidente risco dunha nova perda de oportunidades para o noso país, sen altura para dar resposta á complexidade actual, que despois de trece anos ininterrompidos de gobernos con maioría absoluta segue carecendo de visión para desenvolver un proxecto de país cun axeitado modelo produtivo e social que permita aproveitar a oportunidade histórica que brindan os fondos procedentes do Estado e da Unión Europea. O Goberno galego móstrase incapaz con estas contas de facer todo o esforzo necesario para garantir que na situación actual poidamos mellorar os elementos necesarios do Estado do benestar, desenvolver a modernización económica e industrial para fomentar o emprego e contribuír ao reequilibrio territorial fronte aos riscos que implica o abandono do medio rural; volven ser unhas contas que carecen de estratexia e de compromiso no relativo á modernización, a internacionalización e á potenciación dos sectores produtivos fundamentais.

Nos orzamentos para 2023 a Xunta de Galicia renuncia, unha vez máis, a exercer unha fiscalidade progresiva que permita obter máis ingresos en momentos excepcionais, aplicando políticas fiscais regresivas que favorecen á minoría que máis ten fronte á maioría da cidadanía, incrementando a bonificación do Imposto sobre o Patrimonio, que pasa do 25 % ao 50 %, é dicir regalan unha media de 4.500 € para os 7.700 galegos e galegas máis ricos, mentres que para a gran maioría (rendas ata 35.000€) a rebaixa fiscal será duns 40€/mes de media; ao tempo que retiran a tarxeta básica ás 75.000 familias que se beneficiaron deste recurso para compra de produtos básicos (comida, hixiene ou farmacéutico) que supuña 31 millóns de euros ao ano, apenas o 0,02 por cento do Orzamento, e que segundo o último informe presentado pola EAPN, Rede Europea de Loita contra a pobreza, “A pobreza en Galicia 2021”, este recurso xunto aos recursos



achegados polo Estado: SMI, ERTES e IMV evitaron que 127.000 galegos e galegas entraran en risco de pobreza e con datos tan alarmantes como que en 2021 había en Galicia 678.000 galegos e galegas en risco de pobreza e exclusión social.

Tras trece anos de Goberno do PP na Xunta de Galicia temos unha comunidade autónoma que ten perdido 100.044 habitantes, na que os últimos datos publicados polo IGE nos revelan que o número de ocupados no terceiro trimestre de 2022 non ten chegado aos que había no mesmo trimestre de 2009, con 42.400 ocupados menos, cun crecemento do emprego en Galicia moito máis lento que para o conxunto do Estado, con 50.800 fogares nos que todos os seus membros están no paro e 24.700 fogares sen ingresos, unha comunidade con 167.234 persoas en privación material e social severa, segundo o último informe publicado pola EAPN, Red Española contra a pobreza e a exclusión social referido ao ano 2021, o que pon de manifesto a situación de desigualdade existente na nosa sociedade.

Para poder facer transformación dixital que necesita Galicia a Xunta e concretamente **Amtega** ten que apostar dunha maneira máis potente e rotunda pola dixitalización. Nos orzamentos do 2023 comprobamos que a partida de AMTEGA con 197 millóns é insuficiente para a gran transformación dixital que necesita a nosa terra e máis agora coas consecuencias que ten a pandemia sobre as tecnoloxías, a investigación e a innovación. Podemos comprobar como o Goberno galego baixa en 12 millóns esta partida en plena transformación dixital da nosa sociedade.

A Estratexia Galicia Dixital 2030 do Goberno galego fixa como retos estender as redes de internet de 100 megas á totalidade da poboación galega, apostar por unha administración intelixente de maneira que en 2025 o 70 % das empresas e o 85 % da cidadanía teñan relación coa Xunta a través de canles telemáticas e a ciberseguridade, obxectivos que non parece que poidan ser acadados cando o orzamento de Amtega para o ano 2023 se reduce respecto do ano anterior.

O mundo está en plena transformación dixital, como resultado da aparición e implantación dun amplo conxunto de tecnoloxías que están a provocar e provocarán grandes cambios na actividade produtiva da maioría dos sectores económicos, contribuíndo a reforzar a súa competitividade e potenciar o desenvolvemento e, á súa vez, incidindo directamente no progreso económico e social dos distintos países.

Pazo do Parlamento, 8 de novembro de 2022





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2022 17:14:51
Nº Rexistro: 43456
Data envío: 08/11/2022 17:14:51.335

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/11/2022 17:00:53

CSV: BOPGDSPG-V406IKFA-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a través da súa portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 08, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e todas as entidades públicas e instrumentais dependentes desta, do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2023**, polas seguintes razóns:

Estamos diante duns orzamentos continuístas, que insisten nos mesmos enfoques errados e fracasados, que non dan resposta a grandes emerxencias sociais como a da vivenda ou a ambiental e que non serven tampouco para impulsar grandes proxectos transformadores e de futuro.

No tocante ao ámbito da vivenda, continua a senda de forte redución orzamentaria do período 2010-2022. Os orzamentos en materia de vivenda rexistraron un importante descenso desde o ano 2009, que se poden cuantificar nun total acumulado de máis de 1.700 millóns de euros ao longo do período, e que pon claramente de manifesto que non estamos diante dunha materia prioritaria para o actual goberno.

Os orzamentos reflicten un proxecto que se caracteriza pola falta dunha intervención pública masiva na mobilización de vivenda por diferentes vías (mobilización de vivenda baleira, mobilización de vivenda propiedade da SAREB, compra e rehabilitación de vivendas en determinadas zonas), o desmantelamento da función pública na creación de vivenda pública, a renuncia ás competencias en





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

materia de vivenda e o desentendemento dos problemas reais que afectan a un sector cada vez máis numeroso da poboación afectado polo emprego precario, a incerteza laboral e a suba desbocada dos prezos dos alugueiros e das hipotecas.

Son por outra parte uns orzamentos irrealistas, xa que ademais de retallar o gasto aínda por riba non se executan, como demostran os datos referidos ao último ano completo, o 2021. As contas xerais desta anualidade amosan uns datos preocupantes sobre a baixa execución orzamentaria dos programas destinados a vivenda: así, por exemplo, no programa 451B de acceso á vivenda, dos 25 millóns de euros de crédito vixente, só 8 millóns de euros foron executados finamente, apenas o 32,9%.

Para alén dos recortes, en materia de vivenda os orzamentos caracterízanse por un reparto inxusto dos recursos xa que non responde a criterios de redistribución, de cohesión territorial e de garantía das necesidades básicas, que se evidencia nas dotacións insignificantes para partidas chave como as axudas para mellora de infravivenda con apenas 370.000€ ou as axudas Rehaluga vivendas baleiras (370.000 euros). Por outra parte, desaparece a axuda testemuñal para rehabilitación de núcleos rurais, o que pon de manifesto un novo fiasco neste ámbito.

Chama a atención a baixada do investimento para o programa Rexurde, o principal programa en materia de rehabilitación, que pasa de 10 a 7,8 millóns de euros. A promesa de rehabilitar 3.000 vivendas nesta lexislatura é unha nova fraude e un novo engano, á sumar á longa restra de compromisos incumpridos deste departamento.

Se ben o programa 451B de acceso á vivenda experimenta un aumento polo incremento dos fondos do Plan estatal de Vivenda, con novos programas como o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

bono alugueiro mocidade ao que se destinan 11,4 millóns de euros, os programas propios da Xunta son un fracaso: primeiro porque se orientan principalmente á compra fronte ao alugueiro. E segundo porque están baleiros de orzamentos:

- As Axudas á adquisición de vivendas en centros históricos apenas ten 500.000 € de orzamento.

- As axudas á adquisición de vivendas protexidas cae dos 2 millóns de euros do exercicio anterior, aos 1,25 millóns de euros.

- O investimento para o fomento dos contratos de alugueiro con opción á compra, pasa dos 150.000 € do exercicio anterior, a 50.000 €.

Para rematar no referente ao ámbito da vivenda, cómpre sinalar a falta de medidas para facer fronte á situación extraordinaria da suba do prezo do aluguer da vivenda e á situación derivada do incremento dos xuros das hipotecas, que lle afectan a unha parte moi grande da poboación e que requiren de respostas excepcionais por parte dos gobernos.

En materia de ordenación de territorio continúa existindo unha ausencia absoluta no desenvolvemento dos Plans Territoriais Especiais previstos na Lei de Ordenación do Territorio, así como dos Plans Territoriais Integrados para as áreas metropolitanas e comarcas do país. Resulta incomprensíbel que no actual contexto en que se deben abordar cambios estratéxicos a medio e longo prazo, a Xunta non comprometa ningunha partida a desenvolver a planificación territorial que debía acompañar e plasmar espacialmente esa estratexia.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste ámbito cómpre subliñar a previsión de partidas de transferencias aos concellos para obras en materia de urbanismo, que experimentan un pequeno aumento nun contexto preeleitoral. Mais cómpre remarcar que a Xunta está a levar a cabo un reparto discrecional e partidista destes orzamentos, nomeadamente no caso do programa Hurbe, coa asignación de recursos a determinados concellos gobernados polo PP e a exclusión do resto dos concellos.

No tocante aos programas ambientais, demostran que para a actual Xunta a loita contra a emerxencia ambiental e a conservación da biodiversidade non só non é unha prioridade senón que se insiste en liñas de actuación que só favorecen os intereses de grandes grupos económicos, que contan coa complicidade do goberno para un programa desenfrenado de espolio dos abondosos recursos naturais do noso país .

Un ámbito especialmente preocupante, pola súa relación directa co cambio climático, é a perda acelerada de biodiversidade, ameazada polo modelo extractivista fomentado pola Xunta do PP, e acentuada pola desprotección de hábitats e especies prioritarios.

Unha perda de riqueza biolóxica que se explica pola escaso número e superficie de espazos naturais protexidos, a parálise da ampliación da Rede Natura, a falta de plans de xestión en moitos dos espazos protexidos, a desprotección dos humidais, ou a ausencia de plans de conservación e protección de especies ameazadas. Os orzamentos para o ano 2023 carecen de medidas efectivas para garantir a mellora da situación do patrimonio natural e exclúen unha medida como o Fondo de Conservación da Natureza que sería un instrumento eficaz para conseguir avances reais neste eido.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mención á parte merece o ámbito dos residuos. Os orzamentos seguen teimando nunha opción absolutamente obsoleta e fracasada como a de SOGAMA, na que só se introducen algúns cambios cosméticos e propagandísticos que non conseguen maquillar unha realidade estatística que sitúa a Galiza á cola do Estado en materia de reutilización e reciclaxe, e que supuxo o escandaloso incumprimento dos obxectivos marcado pola UE para 2020 nesta materia.

Ademais, os orzamentos de SOGAMA contemplan a eliminación da bonificación do 10% no canon que pagan os concellos, unha medida que vai supoñer un incremento da factura que van ter que pagar as persoas usuarias de 167 concellos que se acollían a esta opción. Sen dúbida estamos diante dunha medida regresiva, desincentivadora da redución dos residuos, e discriminatoria nun contexto de suba xeralizada dos prezos que afoga a un número cada vez maior de familias.

Con respecto ao fomento da economía circular, resulta chamativa a ausencia absoluta de partidas relacionadas con esta materia, cando se trata dun ámbito que debería ser prioritario na acción do goberno. Nin existe ningún departamento dedicado a esta tarefa, nin orzamentos específicos, nin impulso de actuacións que se incluían na propagandística e obsoleta “Estratexia de economía circular 2020-2030”.

Para rematar, é necesario facer referencia ao emprego abusivo da lei de medidas fiscais e administrativas para introducir numerosas mudanzas normativas no eido ambiental que van na dirección de rebaixar as garantías de protección, o control público, a participación cidadá, e favorecer os intereses das empresas. Os maiores cambios están na lei 5/2019 do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia: novos artigos 84 e 85 de simplificación da tramitación ambiental, e nova Disposición adicional sexta relativa ao Plan Director da Rede Natura, para permitir





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

novas actividades no ámbito das ZEC ou ZEPA. Introdúcense até 48 modificacións no Plan Director da Rede Natura e séguese no camiño de desregulación e liberalización da tramitación de parques eólicos, un xeito de proceder que está sendo fortemente cuestionado por concellos e colectivos cidadáns, e sancionado duramente por sentenzas dos tribunais de xustiza.

Por todas estas razóns solicítase a **devolución dos orzamentos da Sección**
08.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2022

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 08/11/2022 16:54:15



Á Mesa da Comisión 3ª

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á totalidade ao **Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023**, relativa á **Sección 08. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, con expresa petición de devolución, en virtude das seguintes consideracións:

Sección 08. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Sección 81. Instituto Galego da Vivenda e Solo. Sociedade Mercantil, Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A. Sogama.

En materia de **medio ambiente** hai un incremento orzamentario do 3,5 % con respecto a 2022. Non obstante, 13 anos despois do último orzamento do Goberno de Touriño, cando polo mero efecto da inflación acumulada deberíamos estar máis dun 25 % por enriba (porque ese é o efecto do IPC desde 2009 a 2022) estamos aínda lonxe dos 295 millóns de orzamento de 2009, o que da idea do absoluto desleixo en materia medioambiental do goberno popular. Ademais, o escaso incremento, que nin sequera iguala a inflación deste ano, está asociado ao propio incremento dos orzamentos europeos en materia medioambiental, en liña coa aposta ecolóxica da UE. Por tanto, nun contexto de forte aposta verde europea e española, tanto a nivel político como orzamentario, a Xunta de Galicia queda descolgada como xa quedara descolgada en materia medioambiental, sistematicamente, dende o ano 2009. Os programas de control ambiental e xestión de residuos (541 D), coñecemento do medio e fomento da sustentabilidade (541 E) e planificación e xestión hidrolóxica (542 A) diminúen con respecto a 2022, o que pon de manifesto a situación do medio ambiente en Galicia, á cola das políticas medioambientais no conxunto do Estado.

Estes orzamentos 2023 supoñen máis do mesmo:

Galicia ten a superficie protexida por Rede Natura máis pequena das comunidades autónomas (menos do 12 % fronte a un 27 % de media estatal).

E nada nos orzamento sobre a súa ampliación, unicamente referencias a “seguir conservando a mesma” e o investimento para a súa protección que proven practicamente na súa totalidade de fondos europeos e estatais. O mesmo acontece coas zonas protexidas e os parques naturais, A nosa biodiversidade, soporte da saúde do planeta e das nosas propias vidas, merece tamén unha atención prioritaria cando en Galicia das 75 especies en perigo de extinción só 3 contan con plans de recuperación, e ningunha das 127 especies en situación vulnerable



ten plan de conservación, a pesar de ser legalmente obrigatorio para a Administración autonómica desenvolver eses plans, que levan unha década de atraso.

Pero disto tampouco nin rastro, e os fondos dedicados á conservación do xa existente, tamén son de carácter impropio.

O orzamento para a conservación do noso bosque autóctono ou árbores senlleiras é irrisorio sen que a este goberno lle preocupe o papel que representa na conservación do noso patrimonio natural.

Dos seis parques naturais de Galicia dous non teñen aínda PRUX décadas despois da súa declaración como parques naturais. E a mesma reflexión aplícase á Rede Natura: sen instrumentos normativos de xestión e sen orzamentos, cando segundo a UE xa deberíamos ter ampliado esa rede.

O “Sistema **Sogama**” é o modelo que Europa pon como exemplo de xestión de residuos.

Porque unicamente entrando nos resultados visibles que presenta Sogama é insostible esta afirmación.

Cos datos de 2021: 64 % valorización enerxética coñecida tamén como incineración (sona peor pero o dano é o mesmo); 18 % reciclaxe; vertedoiro (directo e indirecto) 28 %, datos non cumprimos nin un dos obxectivos marcados a nivel europeo e estatal, comprobando que con estes orzamentos o modelo de incineración e vertido seguirá sendo o mesmo, sen que se albisque unha aposta real pola sensibilización cara á reciclaxe.

Sogama suprime neste orzamento a rebaixa do 10 % no canon de lixo que disfrutaban 167 concellos dende hai 3 anos por comprometerse a reducir a xeración de residuos e repercutir a rebaixa na veciñanza, medida que supón incrementar os beneficios para Sogama, ao tempo que aumenta a factura da factura do lixo dos concellos que eran beneficiados.

- Priga (Plan Residuos Industriais) está caducado e non se prevé que con estes orzamentos por parte deste goberno se estea a traballar nun novo plan.

Os ríos e rías de Galicia seguen a experimentar unha contaminación intolerable, que aumenta cada ano en troques de diminuír a pesar de que a directiva marco de augas da UE leva 20 anos en vigor, unha contaminación que está xa a ter efectos



sobre a produción marisqueira, sinaladamente en rías como a de Arousa e a de Ferrol.

Galicia só conta con plans de recuperación para 3 das 75 especies en perigo de extinción e ningún plan de conservación para as especies vulnerables, a pesar de ser legalmente obrigado desenvolver eses plans.

Finalmente, sendo o cambio climático a maior ameaza para a nosa especie e un problema ecolóxico e económico absolutamente transcendental para o noso futuro e o dos nosos fillos, a estratexia de cambio climático da Xunta é un documento carente de programación, contido e obxectivos concretos, ademais de que a diminución de emisións da que presume a Xunta coincide milimetricamente co peche das centrais térmicas das Pontes e Meirama, criticado pola Xunta que pretendía seguir queimando carbón nun contexto de cambio climático acelerado.

No que respecta á **vivenda**, un tema de vital importancia para a cidadanía galega, é un feito que as familias cada vez teñen máis dificultades para acceder a unha vivenda, os prezos disparáronse arredor dun 40 % nestes últimos cinco anos, especialmente nas cidades, mentres temos 300.000 vivendas baleiras en Galicia.

As partidas consignadas por parte da Xunta de Galicia para o acceso á vivenda correspóndese cos fondos achegada polo Goberno do Estado, o que demostra o nulo compromiso do Goberno galego que non achega ningunha partida significativa con fondos propios.

Non se entende neste contexto de crise que a Xunta deixase o pasado 2021, que é a cifra de execución pechada que temos, sen gastar dous de cada tres euros dos fondos para o acceso á vivenda. Nesta realidade, merecen mención especial as mozas e mozos, a emancipación está nos niveis máis baixos o que supón un grave problema económico, social e mesmo demográfico porque tamén isto afecta e condiciona a posibilidade, se hai desexo, de ter fillas ou fillos.

O 35 % das galegas e galegos que residen en vivendas arrendadas pagan rendas excesivas en comparación cos seus ingresos. Polo tanto, a liña de axudas para asumir os custos de alugueiro que se contempla falemos de mocidade, falemos das persoas en situación de exclusión é insuficiente.

Se algo amosan os datos do Rexistro de demandantes de vivenda é que seguimos nunha situación de colapso e de novo se atendemos ás solicitudes o que demandan moi maioritariamente, por riba do 70 % é alugueiro, alugueiro de vivenda de protección oficial de promoción pública.





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2022 17:15:10
Nº Rexistro: 43457
Data envío: 08/11/2022 17:15:10.101

Pazo do Parlamento, 8 de novembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/11/2022 17:05:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a través da súa portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 09, Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, e todas as entidades públicas e instrumentais dependentes desta, do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2023**, polas seguintes razóns:

O Proxecto de lei de orzamentos para o ano 2023 non da resposta acaída e en clave de país a tres importantes reptos e obxectivos:

- En primeiro lugar, os relacionados coa emerxencia ambiental e os riscos derivados da crise climática, que obrigan a grandes mudanzas en ámbitos como o da mobilidade ou o ciclo da auga.
- En segundo termo, os reptos da emerxencia socioeconómica relacionada coas consecuencias da pandemia e dos conflitos xeoestratéxicos, e o impacto na sociedade galega do actual contexto de suba abusiva dos prezos das materias primas, dos combustíbeis ou da enerxía.
- Por último, o desafío de impulsar no inmediato grandes investimentos públicos en ámbitos como o das infraestruturas hidráulicas, as infraestruturas da mobilidade sustentábel, a dixitalización dos procesos e servizos ou a axenda da ecoloxía urbana.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Comprobamos de novo como as contas públicas para o 2023 reflicten un programa continuista, repetitivo, falto de novas ideas e de impulso transformador. Mentres outras administracións autonómicas, mesmo con semellante rango competencial que Galiza, están impulsando políticas innovadoras, o goberno galego confórmase coa repetición do vello manual de receitas xa superadas. Isto é o que ocorre no ámbito da mobilidade, lastrado pola falta de competencias e pola incompetencia. Unha situación que deriva entre outras nas seguintes carencias:

- A ausencia de políticas de mobilidade integrais e transversais, a insistencia nunha visión reduccionista da mobilidade asociada ao transporte público por estrada e o desistimento dunha política proactiva en materia ferroviaria.
- A falta de visión e de planificación en materia de mobilidade sustentábel e de mobilidade activa, o que se substitúe por actuacións illadas e inconexas como o plan de sendas.
- A situación caótica da implantación do Plan de transporte, lastrado polas deficiencias do modelo, as irregularidades e os incumprimentos na súa execución. Unha realidade da que dan proba as numerosas denuncias e protestas que se repiten a diario en moitas comarcas do país, tanto no transporte regular como no escolar.
- O descabezamento do órgano directivo da mobilidade, na práctica concesionado a empresas privadas consultoras.
- A ausencia dunha visión avanzada da intermodalidade, substituída por unha visión reduccionista e limitada a conectividade física entre estacións.
- A falta de iniciativa en materia de coordinación aeroportuaria.
- O atraso en materia tecnolóxica e de dixitalización.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- O atraso en materia de transición enerxética.

Ademais das evidentes dificultades derivadas da acumulación de crises descritas máis arriba, o actual contexto debe ser lido tamén como unha oportunidade para poñer en marcha mudanzas progresivas e accións transformadoras, que non están presentes no proxecto de orzamentos e que pasan polas seguintes liñas de actuación: desenvolvemento lexislativo e planificación estratéxica en materia de mobilidade sustentábel, mobilidade activa e intermodalidade; creación dun departamento de mobilidade ferroviaria e asunción progresiva de competencias/coordinación en materia de mobilidade ferroviaria interna e ferrocarril de proximidade; plan de fomento da mobilidade natural e da mobilidade activa; programa de modernización, dixitalización e ambientalización dos medios e dos servizos de mobilidade; programa de transición na rede de infraestruturas viarias para reducir o seu impacto ambiental (visual, acústico, infraestruturas verdes...), fomentar a súa accesibilidade e seguridade, mellorar a calidade dos contextos urbanos, fomentar a mobilidade sostíbel, e coidar as persoas que viven e de moven de modo natural nas súas contornas.

No actual contexto de suba de prezos e impacto negativo nas economías familiares, é necesario implantar medidas ambiciosas e eficaces de aforro e redución de prezos en todos os modos de transporte. Bótanse de menos nos orzamentos propostas concretas para coordinar con outras administracións e ampliar a gratuidade no transporte a sectores e colectivos moi agredidos como todo o estudantado, menores de 30 anos (carné xove) ou pensionistas, así como persoas con rendas por debaixo dos 20.000 euros. E tamén están ausentes medidas que se están implantando en territorios da nosa contorna como a tarifa plana mensual intermodal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

(bus, tren), unha iniciativa que sen dúbida tería unha repercusión moi positiva nas economías familiares e no fomento de modos de mobilidade máis sustentábel.

No que ten que ver coas infraestruturas, o capítulo de investimentos está hipotecado polas obrigas de pagamento aprazado contraídas na súa meirande parte por gobernos do PP. Estas obrigas suman un total de 82,5 millóns de euros, o que supón máis dun terzo da capacidade total de investimento do departamento de infraestruturas.

Os orzamentos da Axencia de infraestruturas teñen moito de irrealis. En primeiro lugar polo baixo nivel de investimento en determinadas partidas e, sen segundo termo, pola repetición ano tras ano da referencia nominal a infraestruturas viarias, nomeadamente circunvalacións e rondas urbanas, que non se dan iniciado. É o caso de infraestruturas moi demandadas como a circunvalación de Carballo, a ronda leste de Lugo, a variante de Alba ou a conexión do Porto Seco de Monforte.

Un aspecto que merece ser salientado é a clamorosa ausencia de políticas e partidas do orzamento desta consellaría nunha materia absolutamente central no presente e no futuro. Referímonos á axenda urbana, que pode tamén cualificarse como axenda da ecoloxía urbana, polo papel central que a organización dos espazos públicos e da mobilidade, a conformación da rede viaria, a biodiversidade, o ciclo da auga, a bioconstrución, o circuíto dos materiais/residuos, ou a transición enerxética e dixital teñen xa nas políticas urbanas. Un protagonismo que non se corresponden coa clamorosa ausencia de plans e orzamentos por parte da Xunta, especialmente por parte dos departamentos de ambiente e de infraestruturas.

Temos tamén que chamar a atención sobre as carencias en materias de política hidráulica, derivadas dunha errónea xestión ao longo dos últimos 12 anos. Os orzamentos de 2023 insisten no incremento do custo da auga (fundamentalmente





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

no canon de depuradoras) e na chantaxe aos concellos para obrigalos a desenvolver nun prazo moi limitado de tempo grandes investimentos para mellorar as redes de abastecemento, saneamento e depuración. Entendemos que esta política unilateral e de feitos consumados debe ser substituída por grandes acordos de país para a mellora do ciclo integral da auga, a protección das masas de augas con especial atención aos humedais, a mellora da eficiencia e o aforro enerxético, a redución do consumo, a boa xestión das augas pluviais, a reutilización das augas depuradas, a circularidade da xestión, e en xeral o cambio de modelo fomentando as infraestruturas verdes, as solucións baseadas na natureza e a nova cultura da auga. Resulta tamén absolutamente prioritario o cumprimento da lei de augas de 2010, e, en consecuencia, aprobar os plans xerais de saneamento e abastecemento como instrumentos de planificación integral e marco xeral das grandes liñas de actuación que se deben desenvolver na vindeira década. Con respecto aos investimentos en infraestruturas máis convencionais (tanto de nova construción como de renovación de redes obsoletas), o orzamento de Augas de Galicia debería incluír unha partida destinada a un plan plurianual de investimentos en obras hidráulicas, en coordinación coas entidades locais e coa administración xeral do Estado (a través dos organismos de xestión das bacías hidrográficas e doutros organismos promotores de actuacións no ámbito da auga). Unha medida deste tipo sería útil tamén para acabar co reparto partidista de fondos nas obras de saneamento e depuración en concellos de pequeno tamaño, dos que se benefician case en exclusiva concellos gobernados polo partido do goberno.

Por último, debemos reseñar o abuso da lei de medidas fiscais e administrativas para introducir modificacións legais relacionadas con materias que deberían ser obxecto de debate e acordo, como a regulación da conexión a redes de abastecemento/saneamento en núcleos rurais (modificación do artigo 36 da lei do





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

solo) ou a nova disposición adicional relacionada coas perdas nas redes de abastecemento.

Por todas estas razóns solicítase a **devolución dos orzamentos da Sección 09.**

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2022

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 08/11/2022 16:54:46



Á Mesa da Comisión 3ª

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á totalidade ao **Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023**, relativa á **Sección 09. Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, con expresa petición de devolución, en virtude das seguintes consideracións:

Sección 09. Consellería de Infraestruturas e Mobilidade

Aínda que o orzamento da Axencia Galega de Infraestruturas medra un 4 % con respecto ao do exercicio 2022 a verdade e que son un orzamentos pouco cribles. E isto fundamentámolo en dous motivos: un, pola baixa execución orzamentaria dos último anos de partidas fundamentais deste orzamento como é o de conservación, construción e explotación de estradas (que este ano conta con 264.037.239 €, un 2,47 % máis que no exercicio anterior, pero moi lonxe dos 449 millón de euros do ano 2009) só en dous exercicios, 2019 e 2020, deixaron sen executar neste eido máis de 130,5 millóns de euros, e por outro lado polo estrepitoso fracaso do proxecto estrela en infraestruturas do señor Feijóo o Plan Move de Infraestruturas que no ano 2009 anunciaba que ía destinar 8.200 millón de euros en 10 anos para a construción de vías de alta capacidade. Fracaso recoñecido incluso polo anterior Presidente da Xunta, o señor Feijóo, en sede parlamentaria. Moitas das infraestruturas contempladas nestes orzamentos eran obras xa recollidas e comprometidas nese documento.

En materia de infraestruturas, xa que non foron executadas, repiten as partidas en obras de exercicios anteriores que levan tantos e tantos anos de parálise: Vía Ártabra (21 anos de retraso), VAP Tui- A Guarda (con data prevista de remate no ano 2013), VAC Costa Norte, Acceso Porto Seco de Monforte (Porto inaugurado no ano 2014), Plan Paradai (20 anos de retraso), variante de Carballo (16 anos de promesas e a propia conselleira dixo nas eleccións autonómicas de 2020 que no 2022 sería unha realidade, AG-59 tramo A Ramallosa-A Estrada (proxecto que xa vén dunha autovía que se proxectou na época do Goberno presidido por Touriño) Circulación Leste de Ourense ... E tamén reaparece a rolda Leste, xa que esta aparece e desaparece dos orzamentos da Xunta de Galicia en función dos intereses electorais do PP, consigan 6.000.000 € para 2023 a sabendas de que non nos poderán executar xa que, a día de hoxe, non dispoñen nin dos terreos para levar a cabo a obra.



Non apostan tampouco estes orzamentos polo estudo do desdoblamento de determinadas vías rápidas de Galicia, así como pola mellora dos seus sistemas de seguridade.

Falan de apostar pola intermodalidade pero cando analizamos os orzamentos vemos que isto é un slogan máis da Xunta de Galicia que non se corresponde cos seus feito, só un apunte consignan só 186.000 € para a intermodal de Lugo, sen consignación plurianual, cando o Goberno de España destina 15.000.000 €.

En materia de transportes e mobilidade, a cidadanía galega está a sufrir o mal funcionamento do Plan de transporte público por estrada de Galicia e a Xunta de Galicia, facendo ouvidos xordos a estas reclamacións da cidadanía e alegando que se trata de problemas puntuais non reformula con estes orzamentos o seu mal funcionamento. Tamén botamos de menos que nestes orzamentos non se estableza unha partida para a gratuidade ou bonificacións no transporte interurbano competencia do Goberno galego, máis aló dos que aplican coa Tarxeta Xente Nova. Botamos en falta, en definitiva, unha verdadeira política que sirva realmente para vertebrar o noso territorio e, fundamentalmente, o rural.

Falan de conxelar as peaxes das autoestradas autonómicas AG-55 (que cómpre recordar que na súa orixe anunciaran como libre de peaxe) e AG-57, e aplicar bonificacións a un sector moi reducido da cidadanía, moi lonxe da gratuidade destas peaxes para todas as persoas usuarias que levamos anos reclamando dende o PSdeG.

No relativo a Augas de Galicia, ademais do reparto ao que nos teñen acostumbrados de fondos cara aos concellos, que chegan máis a uns que a outros en función de criterios da cor política que está a gobernar a entidade local, nas obras de depuración e saneamento que se establecen para o vindeiro ano proveñen, a inmensa maioría, de exercicios anterior que non foron executados e que moitas delas corren o risco de que se perdan os fondos europeos asinados a tal fin pola pésima xestión de Augas de Galicia nesta materia.

Pazo do Parlamento, 8 de novembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/11/2022 17:06:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a través da súa portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda á totalidade, de devolución, da Sección 10, Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, e todas as entidades públicas e instrumentais dependentes desta, do proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2023, polas seguintes razóns:

Os orzamentos previstos para a Consellaría de Cultura, Educación e Universidade ascenden a un total de 2.895 M€. Esta cantidade, que a priori, suporía un incremento do 5,2% (142 M€) a respecto dos OXG do ano pasado, emprégase un ano máis dende a Consellaría para publicitalo como orzamento histórico; mais a realidade é ben diferente.

Estamos ante un orzamento que en termos globais non se corresponde con outras previsións económicas publicadas, mais o que si fica de manifesto é que esta é unha das Consellarías que menos incrementa o seu orzamento a respecto do ano pasado. Estamos ante incremento por debaixo IPC. Se referenciamos neste indicador interanual (do 9,2 % de suba en setembro) constatamos que , con este orzamento a Consellaría de Cultura, Educación e Universidade perde un 4 % de capacidade económica en termos absolutos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pero a Consellaría perde tamén peso relativo neste orzamento. Se nos OXG do 22 a Consellaría de Educación representaba o 21,5% do total do orzamento neste ano pasa a ser o 20.9%.

Polo tanto, estamos ante un orzamento que demostra a perda de capacidade económica e de peso relativo da cultura e do ensino en Galiza. Perda que amosa unha tendencia clara dende o ano 2009. Se temos en conta o IPC hai un total 1.100 millóns de euros que deixaron de investirse nestas funcións dende o ano 2009.

Pero se imos a unha análise por programas observamos como nun contexto no que os concellos ou as ANPAS están pasando grandes dificultades económicas pola crise de prezos, o que fai o este orzamento é conxelar as axudas no programa 423 de Servizos e Axudas Complementarias da Ensinanza. ANPAs e concellos asumen a peor crise de prezos en décadas cun orzamento que non afronta estas dificultades nos programas correspondentes.

Do mesmo xeito, no programa 422 C de Ensinanzas Universitarias vemos como o financiamento universitario medra por debaixo da suba dos prezos, polo que a universidade perde tamén capacidade económica con este orzamento. E todo isto, nun contexto no que o propio Consello de Contas sinalou que o SUG perdeu 159,8 millóns de euros porque a Xunta repercute a conxelación das taxas nas universidades. .

A crise de prezos que afecta ás familias do noso país, debería levar a que nas previsións de calquera goberno se contemplasen medidas solidarias encamiñadas a axudar a quen máis o precisa. Pero neste orzamento acontece exactamente o contraio, o programa de bolsas está conxelado a respecto do





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

orçamento do ano 22 e a partida para comedores escolares ten un incremento que non permite afrontar a suba dun 14% do prezos dos alimentos.

Pero ao tempo que as persoas que máis o precisan saen prexudicadas con este orzamento, unha vez máis, o grande beneficiado é o ensino privado. O OXG do 23 contempla 10 M€ máis para financiar o ensino privado en Educación, Infantil, Primaria e ESO; un incremento da partida para profesores de relixión que pasan de 17,1 millóns de euros a 18,6, e un incremento tamén dos concertos na FP que pasan de 24.027.356 a 26.583.616 millóns de euros

Pero se o ensino público perde con este orzamento, no caso da cultura o panorama é se cabe peor. No orzamento do ano 2023 a cultura ten 37 millóns de euros menos que no ano 2009, unha perda do 27%. A diferenza acumulada dende o ano 2009 ascende 810 millóns de euros que se deixaron de investir en cultura no noso país.

Este OXG23 segue a reproducir un modelo anecdótico dentro do organigrama da Consellería, un apéndice que delata, ademais, a política sumisa e acomplexada que desenvolve o PP en relación á lingua, principal materia de creación cultural.

Non hai base nin proxecto cultural propio sostido no tempo. Porque non hai confianza no rico e diverso microcosmos do tecido cultural galego. E boa mostra disto é que a AGADIC reduce o seu orzamento nun 15,8%. A “gran novidade” é o “Desenvolvemento da plataforma tecnolóxica Film Comisión” con 100.000 euros, unha cifra absolutamente insuficiente.

Non hai avance estrutural porque se seguen a debilitar as estruturas propias de creación e produción como o CDG (dotado con 600.000 €, tan ‘so



100.000 € máis que o ano pasado despois de recortes históricos; o Centro Coreográfico Galego conta con 100.000 €, retallando 20.000 € a respecto de 2022 e condenándoo á irrelevancia do mesmo xeito que fan coas artes do movemento e a danza, totalmente desaparecidas do panorama público cultural galego.

O CGAI, ao que rebautizaron co nome Filmoteca de Galiza continúa con orzamento conxelado, sen dirección nin persoal bibliotecario e arquivista, nun centro de documentación audiovisual histórico e único.

Pola súa banda, o Museo do Pobo Galego recibe tan só 20.000 euros máis que o ano pasado, o que impide na práctica avanzar na musealización das novas salas recentemente habilitadas. Fronte a isto, as partidas para a Fundación Cidade da Cultura medran en máis de 2 millóns de euros e ascenden até os 12,5 M.

O sector do libro fica novamente asfixiado neste orzamento. Hai unha redución da partida “Edición do libro en galego” que pasa de 214.300 € en 2022 a 46.717. Así mesmo, as “Axudas á promoción do libro en librarías” baixa de 30.000 € a 20.000 € e o apoio á promoción, produción e edición do libro en galego segue estancada en 200.000 €. A partida de “Fomento de actividades culturais” baixa 1 millón de euros, que aínda non supera a de 2009.

No que se refire a realidade da lingua galega vemos como no OXG do 23 contéplanse 10.907.619 € cando nos OXG do ano 2009 esta partida ascendía a un total 21.770.055 €

A pesar de que na memoria deste orzamento recóllese como 1º obxectivo da política lingüística “incrementar o uso do galego na infancia e na xuventude e nas súas familias para paliar a ruptura da transmisión interxeracional do galego





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

no ámbito familiar”, non se contempla para este obxectivo máis nada que repositorio de contidos dixitais. Tampouco se garante o dereito á aprendizaxe desde a escola, nin o compromiso de “continuidade dos traballos para o desenvolvemento do proxecto Nós” para o que neste orzamento non se concreta nin un só euro.

Por todas estas razóns solicítase a **devolución dos orzamentos da Sección 10.**

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2022

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 08/11/2022 16:55:05



Á Mesa da Comisión 3ª

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á totalidade ao **Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023**, relativa á **Sección 10. Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades**, con expresa petición de devolución, en virtude das seguintes consideracións:

Sección 10. Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

Sección 10 - Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

A oportunidade que representa contar cuns orzamentos expansivos nun momento de crise polo aumento da inflación debería de ser aproveitada para garantir a igualdade de oportunidades e a equidade e estar ao carón das familias galegas e do sector da nosa cultura. Pola contra, neste proxecto de orzamentos non se dá resposta ás necesidades que existen nos ámbitos educativo, universitario, lingüístico nin cultural ou á necesaria protección do patrimonio.

En termos cuantitativos, e a pesar de que estamos ante o Orzamento máis amplo do Goberno galego no seu conxunto, o correspondente á Consellaría de Cultura, Educación e Universidade aumenta menos da media do conxunto cun incremento que se queda nun 5,19 %, moi por baixo da suba media (8,5 %).

EDUCACIÓN

Temos ante nós o proxecto que diseña como desenvolver un dereito fundamental como a Educación que representa a mellor ferramenta para garantir a igualdade de oportunidades e a equidade. Se hai un ano contextualizabamos o debate orzamentario nas consecuencias derivadas da pandemia, este ano non podemos esquecer que estamos nun escenario de suba de prezos con moitas incertezas a nivel internacional.

Sabemos ademais que nenas e nenos, mozas e mozos, xunto ás mulleres son o sector máis vulnerable fronte a pobreza na nosa comunidade. Así queda constatado no último informe sobre o Estado da pobreza elaborado pola Rede Galega con datos correspondentes a 2021. A radiografía, que aínda non cuantifica as consecuencias da suba de prezos, incide na delicada situación das familias



pola falla de axudas máis ambiciosas por parte da Administración no campo da Educación. Neste sentido, asumir a compra de produtos básicos, o encarecemento do prezo da enerxía máis todo o desembolso derivado do inicio de curso no ámbito escolar que non está cuberto como a adquisición de libros de texto, materiais, comedores ou actividades extraescolares sitúa en risco de exclusión a unha boa parte da sociedade galega. A situación de pobreza infantil en Galicia mudou nos últimos anos; de estar sistematicamente por debaixo da media estatal, hoxe o 33,5 % da infancia e adolescencia galega está en risco de pobreza e exclusión social segundo os últimos datos proporcionados polo INE.

Arredor desta situación, son moitas as organizacións e os colectivos que inciden na necesidade de que a Xunta asuma tamén no campo educativo moitas das propostas históricas que dende o PSdeG defendemos e que neste momento o Goberno galego segue a ignorar nos orzamentos. Non só non garante a gratuidade e universalidade dos libros de texto e materiais ou dos comedores, senón que o aumento do gasto non se traslada a programas como o 423A Servizos e axudas complementarias.

Con respecto aos libros de texto, no actual exercicio había consignados 5 millóns de euros e para 2023 aumentan tan só en dous millóns a partida ata case os 7, un incremento moi insuficiente que provocará que unha boa parte do conxunto do alumnado galego continúe excluído das axudas. Tamén en material escolar manteñen practicamente a mesma cifra a pesar do incremento dos prezos. Non trasladan nin actualizan esta partida, polo que se temos en conta o aumento do orzamento, xunto á inflación, o esforzo diminúe. Do mesmo xeito en transporte, aínda sabendo das enormes deficiencias do servizo en moitas localidades -inexistente noutras-, manteñen o que había a pesar de contar con máis orzamento, ao igual que acontece coas axudas a concellos para recursos complementarios ou a Anpas.

No referido a comedores escolares, a partida aumenta só arredor de dous millóns de euros aínda sabendo que ante a suba dos prezos dos produtos de alimentación ou enerxía, os colexios, empresas e ANPAS están aumentando as contías que teñen que pagar as familias para poder seguir prestando un servizo tan esencial. Ademais de non asumir o incremento dos custes para as familias neste orzamento, preocupa tamén que ante a diminución das marxes de ganancia polos gastos do combustible, enerxía e alimentos as empresas adxudicatarias non garantan nalgún momento unha alimentación en condicións, variada, saudable e de calidade e en cantidade.

Fronte á non resposta e incremento, en consonancia co aumento dos fondos en programas que son chave neste momento de crise, si aumentan considerablemente o esforzo en concertos educativos: 3 millóns de euros á



partida para concertos en infantil con máis de 45 millóns; aumenta case nun millón a de concertos de Primaria e ESO, con máis de 227 millóns de euros, e ata dous millóns máis -alcanzando os 26,5- os concertos para FP o vindeiro ano.

Xa nas partidas destinadas a reparacións, melloras e novas construcións, actuacións inaprazables nos edificios escolares, non só nin manteñen en moitos casos as cantidades do actual exercicio senón que reducen partidas de xeito inexplicable, e todo a pesar da propaganda e do anuncio a bombo e prato do novo Plan de Arquitectura Pedagóxica e de recibir máis fondos para tal fin.

En reparacións de centros de Infantil, Primaria e ESO recortan un millón, e a de construcións queda case na metade con respecto ao 2022. En Secundaria, na raquítica partida de construcións cómpre salientar para o novo IES de Vigo en Navia 250.000 euros dun proxecto que anunciaron en 12 millóns e hai escasas semanas subían a 14. O Concello de Vigo demanda esta infraestrutura e anima a que comprometan prazos e recursos económicos para asinar un convenio que permita que saldar esta débeda da Xunta coa cidade a menor brevidade posible e co horizonte para a súa posta en marcha de 2026.

No referido a FP, nun momento chave na que se recibirá a maior cantidade de fondos procedentes do Estado para a FP DUAL, recollen exactamente a mesma cifra que este ano, ou unha partida para a modernización da FP da que nin un só procede de fondos propios.

Outra cuestión que preocupa ten que ver coa protección da infancia e adolescencia fronte á violencia. Coa aprobación da Lei orgánica 8/2021 de protección integral á infancia e adolescencia fronte á violencia, a partir deste curso todos os centros educativos aos que asistan menores de idade teñen a obriga de contar cunha nova figura que deberá velar pola protección e o bo trato cara á infancia, o coordinador de benestar e protección. Vemos que a falla de directrices da Consellaría aos centros educativos en relación a este tema é xeneralizada, así como a falla de orzamentos ligados a este novo rol, polo que de non mudar esta situación estaremos perdendo unha boa oportunidade de impulsar o traballo nos centros educativos para a prevención e a detección precoz da violencia.

UNIVERSIDADE

Os orzamentos da Xunta de Galicia para o 2023 non dan resposta ás necesidades das universidades públicas galegas e da propia comunidade universitaria. En primeiro lugar, cómpre un maior financiamento do sistema universitario público non só para atender a demanda dos reitores de acadar o investimento de máis fondos dos establecidos no plan de financiamento universitario vixente ata 2026,



entre outras cousas, para facer fronte aos maiores custos de persoal e á alta inflación, senón tamén para devolver o que a Xunta adebeda ás tres universidades galegas pola conxelación de taxas universitarias de grao e mestrado durante distintos cursos académicos no Sistema Universitario Galego sen o adecuado financiamento.

A decisión da Xunta implicou menos ingresos nas universidades públicas e esa mingua debe ser compensada dende os orzamentos da Xunta de Galicia porque foron as universidades as que soportaron esa medida sen compensación suficiente. Segundo o Consello de Contas, a conxelación das taxas das matrículas acabouse financiando cos recursos das propias universidades, impoñéndolles unha desvantaxe competitiva en relación co resto do sistema universitario español. Este ente fiscalizador contabiliza en 159.7 millóns de euros a perda de financiamento das universidades públicas galegas no período 2010-2017 con respecto á media de universidades públicas presenciais españolas debido a esa política de conxelación de taxas da Xunta de Galicia e á falla de compensación suficiente por parte das contas autonómicas. Os orzamentos deberían incorporar unha partida para 2023 dentro dun plan plurianual para devolver eses 159 millóns de euros ás universidades galegas, o que significa fondos para impulsar as actividades de docencia, investigación e transferencia. Por exemplo, para apostar pola incorporación de profesorado máis novo e polas investigadoras e investigadores.

En segundo lugar, nun momento de dificultades para tantas familias galegas que non chegan a fin de mes, o Goberno da Xunta debería implementar unha partida para establecer as primeiras matrículas gratuítas para o estudiantado galego nas universidades públicas do SUG. Paralelamente, o Goberno galego tamén debería complementar con partidas extraordinarias as bolsas e contratos do Sistema Universitario Galego para garantir que todo o alumnado galego poida cursar os seus estudos de grao e posgrao e doutoramento neste curso e no vindeiro sen dificultades insalvables, o que obriga a adecuar as partidas orzamentarias para compensar as necesidades derivadas da inflación.

CULTURA E LINGUA

O peso orzamentario da cultura con respecto á totalidade das contas é de 0,73 %, moi lonxe do pretendido 1 % do grupo socialista e moi lonxe tamén dos 141 millóns de euros consignados a tal fin en 2009 (hoxe son 104). Pero é que ademais dos 8 millóns de euros de incremento que experimentan os programas de cultura para o vindeiro exercicio, o 81,25 % destínase a capítulo 1 (4,5 millóns) e á Cidade da Cultura (2 millóns de euros).



Curiosamente, no necesario programa de fomento de actividades culturais -que en termos globais descende notablemente (1 millón de euros)- é onde se inclúe ese incremento para a Cidade da Cultura, cuxo orzamento supón o 28,7 do total, mentres descenden outras partidas necesarias e boa parte do orzamento da Agadac (3,8 millóns menos en transferencias de capital), organismo catalizador das actividades culturais.

Do mesmo xeito, en materia de arquivos, museos e bibliotecas, os orzamentos seguen a ser moi conservadores sen recuperar as partidas anteriores á crise de 2008 e sen procurar dotar o país dunha rede eficaz e próxima á cidadanía.

No caso dos arquivos, todas as partidas dedicadas a investimentos están conxeladas, agás a dedicada a proxectos e informes e dirección en materia de arquivos, que aumenta en parte grazas ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia; o resto das partidas non conseguirán paliar os efectos da inflación. Será así ademais imposible desenvolver o Plan de Arquivos da Xunta de Galicia que tras oito anos de demora se acaba de aprobar aínda que se descoñece o seu contido. Este orzamento non permitirá a creación dos arquivos que a propia Lei de Arquivos e Documentos prevé e impedirá tamén atender os novos retos con ferramentas, espazos, medios e persoal suficiente.

Tamén é mínimo o incremento en bibliotecas públicas, que se asocia á posta en marcha por fin das bibliotecas itinerantes; mais sen contar con este novo servizo, o orzamento para bibliotecas da Xunta de Galicia para 2023 baixa con respecto ao ano anterior. E resulta incomprensible observar como o seu desenvolvemento se fará a costa de diminuír notablemente a partida destinada á edición do libro galego, que deixan nun pírrico 17 % do que era. Con este orzamento, que un ano máis deixará sen desenvolver a Lei de bibliotecas, non será posible atender demandas como unha maior dotación no número de persoal que poida prestar máis servizos e incrementar o apoio á rede nin tampouco desenvolver políticas de fomento do libro e da lectura coa participación de todo o sector.

No referido a patrimonio cultural, observamos como o orzamento dirixido a intervencións vai fluíndo en función dos fondos que vaian chegando ben do Estado ou ben de Europa, no que semella unha clara falla de estratexia e de compromiso. Este programa contempla partidas novas, que en vez de nutrirse de novo orzamento xorden a costa de sacrificar outras importantes como as axudas a institución sen fins de lucro (que queda en mínimos) ou os investimentos para restauración e conservación de pinturas murais e retablos, por poñer algún exemplo.



En termos xerais non se percibe ningún programa novo de calado que axude a que o sector cultural encamiñe a súa saída da crise, de igual xeito que acontece co destinado á Secretaría Xeral de Política Lingüística, que continúa sen tan sequera recuperar o orzamento do ano 2021 e moito menos se achega ao destinado no Goberno presidido por Emilio Pérez Touriño, que era máis do dobre, a pesar de que este ano asume novas competencias en materia de coordinación e impulso da toponimia, que entendemos debера levar aparelhada un orzamento propio. Descoñecemos tamén como pensan desenvolver o Proxecto Nós, que non ten consignado ningunha partida específica nas Contas para o ano 2023.

Pazo do Parlamento, 8 de novembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/11/2022 17:06:51





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a través da súa portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda á totalidade, de devolución, da Sección 11, Consellería de Emprego e Igualdade, e todas as entidades públicas e instrumentais dependentes desta, do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2023, polas seguintes razóns:

As contas propostas para o ano 2022 pola Consellería de Emprego e Igualdade só poden cualificarse de insolventes e insuficientes. Insolventes, porque parten de previsións irrealas de crecemento do emprego, contradicindo informes de organismos independentes como pode ser o AIREF (Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal) ou do último Informe de Expertos do BBVA.

Mentres as previsións do executivo galego parten dunha previsión de aumento do emprego nun 0,7%, o BBVA anunciaba que a evolución do emprego na Galiza para o 2023 será negativa (- 0,3%) e o AIREF recorta esa previsión do executivo autonómico a un 0,2% (tres veces menos).

Xa por iso, as contas da Consellería quedarían invalidadas, por irrealas.

Pero é que ademais, pregóase dende a Consellería que estas contas supoñen o maior investimento en políticas de promoción do emprego da historia.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O que constitúe un exercicio de irresponsabilidade e trilerismo orzamentario porque se obvia o fenómeno inflacionista.

O IPC aumentou dende o ano 2009 até o 2022 un 28,7%, polo que para o ano 2023 vaise destinar a promoción do emprego un 16% menos que no 2009. Algo inasumíbel atendendo á delicada e inestábel situación socioeconómica que estamos a vivir.

Como tampouco é asumíbel que se recorte directamente no Programa de Mellora da Organización e Administración das relacións Laborais e da Prevención, ou se manteña inmutábel dende o 2017 o Programa de Mellora dos Sistemas de Saúde e Seguridade no Traballo. Máxime, cando Galiza se atopa entre os territorios do Estado cun maior aumento do índice de incidencia total de accidentes mortais e somos no primeiro posto de accidentes mortais dende fai anos.

Por outro lado, en canto ao emprego autónomo, dende o BNG consideramos imprescindible un forte investimento do executivo galego que actúe como rede de seguridade de PEMES e persoas autónomas do noso país. Atendendo ao datos de afiliación, tanto en evolución mensual coma anual, Galiza perde persoas autónomas (2.596 afiliados menos no último ano). Porén, a nivel estatal a afiliación amosa un incremento medio porcentual. Esa diverxencia coa tendencia estatal esixe tomar conciencia da delicada situación do sector e actuar de xeito contundente

As PEMES e persoas autónomas do noso país foron os que viron máis afectada a súa actividade polas consecuencias da pandemia, despois polo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

encarecemento exponencial de fletes e subministros, un proceso inflacionario nunca visto e unha suba desbocada dos prezos da enerxía eléctrica.

Por iso consideramos que o Programa Impacta Autónomo, pensado para socorrer ao sector, é claramente insuficiente, sendo preciso un maior investimento e explorar a posibilidade de buscar fontes adicionais de financiamento.

No relativo a Igualdade, observamos como a práctica totalidade dos programas fican conxelados nas presentes Contas, contando co mesmo financiamento que fai un ano, malia que a situación mudou a peor.

No caso das mulleres, os datos amosan que na Galiza temos un problema estrutural, que as sitúa nun contexto de maior vulnerabilidade que esixe medidas concretas, específicas e, sobre todo, orzamento.

Segundo o informe elaborado pola EAPN-Galiza das 700.000 persoas que se atopan en risco de pobreza e/ou exclusión social, máis da metade son mulleres. De maneira desagregada, hai máis mulleres que homes en risco de pobreza e/ou exclusión cando falamos de fogares monoparentais, taxa de pobreza, pobreza severa ou fogares de baixa intensidade laboral.

Esta clarísima feminización da pobreza e da exclusión social esixe a adopción de medidas concretas e específicas, deseñadas con perspectiva de xénero, que promovan que as mulleres accedan a postos de traballo cunhas condicións de traballo laborais dignas e estábeis.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tampouco son suficientes as partidas destinadas a loitar contra violencia machista e apoio ás vítimas, que timidamente, sen ter en conta o contexto de crise económica e de incremento brutal do custe da vida.

Por todo iso as contas da Consellería dirixidas a igualdade son insuficientes no relativo ás mulleres.

Pero é que en canto a dereitos LGTB, só se recollen dúas partidas que xuntas suman 63.000 euros, para apoiar ao movemento asociativo e soste o Observatorio LGTB.

Un investimento pírrico ante o aumento das agresións LGTBfóbicas.

Por todas estas razóns solicítase a **devolución dos orzamentos da Sección 11.**

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2022

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 08/11/2022 16:55:18



Á Mesa da Comisión 3ª

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á totalidade ao **Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023**, relativa á **Sección 11. Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade**, con expresa petición de devolución, en virtude das seguintes consideracións:

Sección 11. Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade

En materia de emprego é preciso aclarar que entre investimentos reais e transferencias o Goberno do Estado achega un total a estes orzamentos para emprego e igualdade a cantidade de 251 millóns dos 381 consignados.

Atopámonos cuns orzamentos continuistas que non se centran en sacar a Galicia das comunidades con taxas de actividade e de ocupación máis reducidas, e a menor creación de emprego en comparación ca rexistrada no Estado

A dificultade de execución do orzamento que presenta a Consellería, así como a política continuista que segue para o vindeiro ano 2023, sen fórmulas innovadoras, complica que a nosa comunidade autónoma cree emprego de calidade, convertendo así os orzamentos non nun programa de actuación senón de propaganda.

Dende que goberna o PP Galicia perdeu o 9,9 % do seu volume de traballo, sendo para o conxunto do Estado a perda de 3,8 puntos menos.

Co Partido Popular gobernando en Galicia destrúese unha de cada catro horas de traballo no sector primario; no Estado hai practicamente o mesmo volume de traballo.

Dentro das industrias manufactureiras que forman parte dos sectores estratéxicos galegos, moitas teñen perdas superiores á media estatal, na industria alimentaria, téxtil e de confección, no fornecemento de enerxía eléctrica, gas..

Esta é a evolución mantida polo volume de traballo ca Xunta de Galicia, computando horas habituais e tendo en conta a estacionalidade e para evitala analizamos anos naturais, 2008 foi o último ano natural antes de chegar Feijóo e 2021 o último con cómputo integro.



Datos suficientes para mostrar a incompetencia do Goberno galego en unha das áreas máis importantes de calquera goberno, as políticas de emprego e de traballo.

Para analizar os orzamentos en materia de emprego tamén e imprescindible contextualizar a súa **execución orzamentaria**.

O Goberno galego dende **2009 a 2021 deixou sen gastar** dos 5.154 millóns de euros asignados a políticas de **emprego 1.775 millóns de euros**, o 34,4 % do crédito asignado.

Esta afirmación proven dos datos facilitados polo Parlamento de Galicia sobre a execución orzamentaria

Os Orzamentos realizados polo Goberno do Partido popular para o ano 2023, son en materia de emprego unha farsa, porque non os executan e con eles non son capaces de pór en marcha unha política de formación para o emprego, partindo da análise das necesidades de quen demanda emprego e as necesidades do mercado laboral galego.

No momento actual, distintos sectores como o da construción está a demandar persoas cualificadas, como tamén se reclama un plan de formación en competencias chave para que o groso de demandantes de emprego que carece do Graduado en ESO puidera, mediante esta formación, acceder a módulos formativos de nivel 2 e estes orzamentos non solucionan esta grave problemática.

Carecen estes orzamentos de programas que loiten contra as altas taxas de paro feminino e para que os mozos/as e os/as parados de longa duración encontren solución á súa problemática.

Nun momento conxuntural no que a crise económica está a afectar con maior intensidade ás mulleres e no que agroman forzas políticas machistas, lgtbfóbicas e negacionistas, as Contas da Xunta de Galicia para o ano 2023 permanecen alleas a esta realidade. Galicia debería ser exemplo de compromiso real coa igualdade, incrementando fortemente os recursos para a súa promoción e tamén contra a violencia machista. Pero vemos unha vez máis como eses esforzos se manteñen grazas ao compromiso que si existe no Goberno de España.

Tanto é así, que o total investido nos programas dedicados especificamente a políticas dirixidas a muller e á conciliación, a Xunta de Galicia só achega con fondos propios a terceira parte, sen que exista un incremento de fondos propios acorde ás necesidades.



O aumento no programa de apoio á conciliación débese unicamente á achega estatal de preto de 11 millóns polo Plan Corresponsables, sen existir ningunha acción propia por parte da consellaría nun tempo no que a corresponsabilidade e a conciliación deberían ser prioridades para o Goberno.

No tocante ao programa de accións para a igualdade, protección e promoción da muller, observamos con perplexidade como este diminúe. No canto de aumentar de maneira notable, recórtanse as transferencias para a promoción do autoemprego e do emprego das mulleres, así como as dirixidas a institucións sen fins de lucro para recursos integrais dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade, nun exercicio incomprensible que nos fai dubidar do compromiso real do Goberno coa igualdade.

Mención aparte merecen as políticas LGTBI. As Contas volven poñer de manifesto que o compromiso e obriga de velar pola igualdade real en todos os ámbitos non existe. Un ano máis, vémonos na obriga de denunciar o pírrico orzamento para este colectivo. Este desleixo é absolutamente inadmisíble, a pesar de que os últimos datos oficias sobre delitos de odio do Ministerio de Interior amosan un incremento preocupante contra as persoas LGTBI.

O propio Observatorio Galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero impulsado en 2018 non ten apenas actividade propia, algo comprensible á vista do practicamente nulo orzamento de que dispón. É importante resaltar que Galicia se atopaba hai un ano entre as tres comunidades onde a percepción da discriminación é máis alta, e sobre estes índices estima este grupo parlamentario que o Goberno galego debería vese na obriga de actuar con presa.

Xa no referido ao programa de protección e apoio ás vítimas de violencia de xénero, que se sustenta practicamente con fondos chegados do Estado, sorprende o escenario que albiscamos á vista das Contas.

Por unha banda, incrementan o capítulo 2 en 2 millóns de euros nunha partida indefinida que non establece ningún compromiso con ningunha acción concreta. E mentres, nunha redistribución de fondos incomprensible e innecesaria, diminúen nun 25 % a partida millonaria dirixida a entidades que traballan con vítimas e para promover a formación e creación activa de emprego no marco da violencia machista, ademais de eliminar a específica de inserción laboral de vítimas.



Ademais, diante do exponencial aumento de casos de violencia sexual, especialmente entre a xente máis nova, preocúpanos a situación na que se atopan os Centros de Crise 24 horas, dos que nada se sabe á vista das Contas. Nin da súa estrutura, nin da súa localización nin moito menos da súa xestión e orzamento.

Sorprende ver tamén como, unha vez aprobado o I Plan Galego Contra a Trata con Fins de Explotación Sexual, non existe unha partida específica para o seu desenvolvemento e unicamente hai un incremento que pensamos non é suficiente para os obxectivos marcados.

Pazo do Parlamento, 8 de novembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/11/2022 17:07:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a través da súa portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 12, Consellería de Sanidade, e todas as entidades públicas e instrumentais dependentes desta, do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2023**, polas seguintes razóns:

Os 13 anos de recortes do Partido Popular no goberno da Xunta meteron á sanidade pública de Galiza nun enorme pozo, os orzamentos da Consellaría de Sanidade para o ano 2013 seguen facendo o pozo máis fondo na vez de ser unha escada para saír del.

Son pura rutina, ningún cambio estrutural, consolidan o deterioro da sanidade pública para favorecer o negocio da privada.

Perpetúan a folla de ruta do PP de dinamitar unha sanidade pública, universal, gratuíta e de calidade, onde as persoas sexan atendidas en función das súas necesidades de saúde e non da capacidade económica que teña.

A situación actual é incompatíbel coa atención de calidade que se supón ten que prestar o sistema sanitario. O PP pretende que aceptemos como normal esta situación, a falta de atención, días de espera para ter unha cita, miles de galeg@s sen medic@ de referencia, os PACs sen médicos, @s nos@s nen@s sen atención pediátrica, que as ambulancias non cheguen a tempo, e as urxencias dos hospitais saturadas e as listas de espera para atención hospitalaria totalmente disparadas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Unha situación que non é puntual, os profesionais non desapareceron da noite para a mañá. Non hai profesionais, non hai médicos, non hai pediatras, non hai enfermeiras como consecuencia de 13 anos de políticas do PP actuando para chegar a esta situación.

Non escoitaron, non programaron, non planificaron, non se anticiparon porque o obxectivo era o deterioro progresivo da sanidade pública, e todas as medidas que foron tomando e as que non tomaron forman parte dunha voadura programada

Cando sería precisa unha auténtica aposta pola Atención Primaria para sacala do colapso no que se atopa, estes orzamentos non aportan ningunha solución para Atención Primaria, que é o déficit brutal de persoal. Non contemplan aumento de profesionais, nin a incorporación de novas categorías para a dotación de equipos multidisciplinares. O aumento da partida co capítulo I só equivale ás actualizacións salariais e carreira profesional. Non hai unha estratexia para normalizar a Atención Primaria, dispoñer d@s profesionais, recursos e capacidade de tomar decisións, que permita rematar coas axendas interminábeis, cos descubertos nos PACs, coa falta de pediatras...

Non conteñen medidas para ás enormes listas de espera hospitalarias de primeiras consultas, probas diagnósticas e intervencións cirúrxicas, que non fixeron máis que aumentar. A pesares desa realidade que sofren miles de galegos e galegas non hai partidas para ningún plan de choque ou urxente.

Estes orzamentos non conteñen contías para solucionar os problemas d@s profesionais fart@s de redobrar esforzos, de prolongación de xornadas, de intersubstitucións... de multiplicarse para poder manter unha mínima calidade na atención sanitaria, sen que o dean conseguido. Non contemplan partidas nin para





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

recuperar os acordos retributivos paralizados desde o 2010, nin rematar coa precariedade e temporalidade na contratación. Non contempla medidas para facer atractiva a oferta laboral para @s profesionais, para evitar que tras a formación que pagamos entre tod@s acaben contratados na sanidade privada ou marchen fóra.

A saúde mental e prevención do suicidio seguen esquecidas, a pesares das miles de galegas con problemas e as 331 que se quitaron a vida o pasado ano. Os orzamentos para 2023 seguen sen contar coas partidas precisas para afrontar a gravísima situación: Aumento moi importante da prevalencia dos problemas de saúde mental, dificultade para acceder aos servizos de saúde mental (os servizos de psiquiatría son os de máis lista de espera no Sergas, segundo a propia información do Sergas en xuño deste ano eran 10.000 persoas (3.000 máis que o ano anterior) as que agardaban por unha primeira consulta e as consultas de seguimento tardan meses), déficits crónicos dos cadros de persoal, aumento exponencial da prescrición e consumo de psicofármacos e o máis que preocupante número de mortes por suicidio que segue a aumentar, 24 máis que o ano anterior. O anuncio de destinar un investimento de 83 millóns de euros ao Plan de saúde mental post COVID 19, 2020-2024, volve ser papel mollado, xa que as partidas que figuran no orzamento non se aproximan nin de lonxe.

Non hai partidas para impulsar, coordinar unha estratexia para a atención integral da saúde das mulleres; para poñer en marcha ferramentas de intervención e planificación, con actuacións a desenvolver no conxunto do sistema sanitario, no que se contemplan todos os elementos que actúan na saúde das mulleres .A superación dos nesgos de xénero, que condicionan o mapa de patoloxías, a investigación, a mirada clínica e a atención sanitaria das mulleres, non teñen cabida nestas contas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tampouco contemplan estes orzamentos partidas para afrontar a situación do Servizo de Transporte Sanitario Terrestre, tanto urxente como programado, de déficits históricos que colapsan o servizo por falta de vehículos e equipos humanos suficientes.

Seguen destinándose grande cantidade de recursos para pagar prestacións sanitarias con recursos alleos. As chamadas colaboracións público-privadas seguen lastrando o orzamento, millóns de euros en canóns polo hospital de Vigo, para o concerto con Ribera Salud, e a alta tecnoloxía que detraen recursos para outros investimentos.

Os orzamentos de sanidade para 2023 son absoluto continuísmo a pesares da situación extraordinaria na que se atopa a sanidade pública galega, non se introduce ningún elemento para combater os graves problemas que ten.

Por todas estas razóns solicítase a **devolución dos orzamentos da Sección 12.**

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2022

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 08/11/2022 16:55:31



Á Mesa da Comisión 3ª

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á totalidade ao **Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023**, relativa á **Sección 12. Consellería de Sanidade**, con expresa petición de devolución, en virtude das seguintes consideracións:

Sección 12. Consellería de Sanidade

Os orzamentos da sección sanidade dos Orzamentos2023 da Xunta de Galicia deben ser devoltos na súa totalidade para ser reformulados debido á súa ineficiencia para afrontar os problemas reais do sistema sanitario público de Galicia, e por non ter capacidade de realizar as transformacións que os profesionais reclaman dende dentro do sistema.

En aspectos formais, cabe mencionar que o Consello de Contas advirte, de maneira reiterada dende hai unha década, que os orzamentos da Consellería de Sanidade, fundamentalmente debido aos orzamentos do Sergas (que son a inmensa parte do referido á Consellería de Sanidade). En termos máis específicos de cuestións procedimentais orzamentarias, volve a incorrerse no erro sinalado polo Consello de Contas da radicación do Fondo de Continxencia dentro das partidas asistenciais (Atención Hospitalaria 412A e Atención Primaria 412B), e non como unha partida propia como ocorre nas restantes consellerías. Esta cuestión, non menor no que ten que ver coa técnica orzamentaria, repítese de maneira sistemática sen que as apreciacións do Consello de Contas sexan tidas en conta, e faise porque o Fondo de Continxencia está plenamente dedicado de maneira sistemática ao plano asistencial e contratación eventual de persoal. Esta circunstancia altera absolutamente a súa condición e natureza, ademais de evidenciar unha errática planificación en termos de persoal que ve alterada tamén a súa planificación orzamentaria para esquivar un correcto deseño.

Outras apreciacións do propio Consello de Contas non parecen ter sido atendidas, pois non existen modificacións en termos estruturais dos orzamentos en canto ás partidas destinadas a investimento e a melloras nos procedementos, para evitar a volume abusivo de contratación menor sen publicidade, que no caso do Sergas resulta o 85 % de toda a contratación de todo o goberno, evidenciando un problema notorio en torno a este modelo de contratación, opaco e que cae noutras irregularidades como as prórrogas alegais e inxustificadas.

En termos globais na visión sobre a aplicabilidade, o orzamento sanitario segue a destinar unha baixa porcentaxe a Atención Primaria, o que segue situando Galicia entre as CC.AA de España con peor dato neste punto. Sendo a Atención Primaria o eixe dos problemas evidentes do sistema sanitario. No mesmo nivel de análise, o aumento orzamentario para a Atención Primaria, que no ano 2022 diminuíu o seu orzamento



respecto do ano 2021, prevé unha suba de apenas 33 millóns de euros, segundo anunciou o propio Presidente da Xunta de Galicia na presentación dos orzamentos co programa de reforzo de Atención Primaria. Esta dotación resulta a todas luces insuficiente para afrontar os problemas globais.

En termos de persoal cabe mencionar un grave problema de forma e outro de fondo. En termos formais, este orzamento retira os cadros de persoal do propio Sergas, de maneira que é imposible determinar o volume de persoal en canto á distribución en función dos distintos servizos. Así, resulta improbable coñecer canto volume do persoal está dedicado a Primaria ou a Hospitalaria, porque esta presentación de orzamentos mestura estes datos (ata o de agora sempre ofrecidos) e impide facer unha análise axustada da cobertura das necesidades. O único que é posible e manexar os datos conxuntos e globais, e aínda así pódese determinar que, despois de tanta publicidade e anuncio sobre as necesidades de persoal, os orzamentos apenas incrementan en 42 médicos/as todo o volume de todos os servizos para toda Galicia, o que supón apenas un 0,5 % o aumento do cadro de facultativos.

O orzamento presenta algúns erros habituais que sistematicamente ocorren cada ano, no que se anuncian a través da memoria da Consellería o compromiso de intervir en centros de saúde (mellora ou nova construción) que logo non recollen partidas propias nos orzamentos. Algúns centros si que existen, como o de Lalín, pero non outros teoricamente comprometidos que non teñen partida orzamentaria propia (na mesma provincia, por exemplo, Meis e Vilagarcía de Arousa). Inclúense, tamén, referencias a centros de saúde que repetidamente aparecen todos os anos, o que amosa o incumprimento das propias indicacións do orzamento de cada ano, limitando a credibilidade das partidas anunciadas.

Por todos estes motivos, que contemplan cuestións de criterio político, de orientación de liñas estratéxicas e de técnica orzamentaria, é necesaria a petición de devolución dos orzamentos de Galicia para 2023.

Pazo do Parlamento, 8 de novembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/11/2022 17:08:19





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda á totalidade, de devolución, da Sección 13, da Consellería de Política Social e Xuventude e de todos os organismos, institutos, consellos e sociedades públicas que dela dependen, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2023, polas seguintes razóns:

Galiza atópase inmersa, actualmente, nunha crise socio-económica provocada pola escalada brutal e descontrolada dos prezos. Así o reflicten os últimos datos do IPC que sitúan o noso país por riba da media do estado cunha inflación de máis do 9% que chegou a situarse durante varios meses nos dous díxitos. O maior incremento do custe da vida nos últimos corenta anos.

Neste contexto deben ser analizados tamén os datos publicados recentemente pola Rede galega contra a pobreza (EAPN-Galiza) que nos sinalan, entre outras cuestións, as seguintes:

- O 25,2% da poboación galega estaban en risco de pobreza e/ou exclusión social en Galiza en 2021. En termos absolutos, unhas 678 mil persoas. Unha cifra que se reduciu en catro mil persoas a respecto do ano anterior e que e sitúa 2,6 puntos por baixo da media estatal mais que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

representa unha poboación superior á que habita as cidades da Coruña e Vigo xuntas, un cuarto da poboación galega.

- Mentres o risco de pobreza e/ou exclusión social se reduciu 0,9 puntos no caso dos homes, nas mulleres aumentou o 0,7% (8 mil máis), atinxindo 367.201 mulleres (55.884 máis que homes). Estas cifras evidencian a feminización da pobreza e tamén como afecta en maior medida aos fogares monoparentais (o 54% no conxunto do estado) ou de persoas maiores que viven soas, sobre todo mulleres.
- Por idades, a taxa AROPE dispárase para os menores de 18 anos alcanzando os 34 puntos, o que debe preocupar especialmente porque estamos a falar de menores, crianzas e adolescentes, que constitúen un grupo de maior vulnerabilidade.

Cifras de risco de pobreza e/ou de exclusión social que se agravan polo incremento do IPC nun país, coma o noso, coas segundas pensións máis baixas do estado (1.066,66 euros, douscentos menos que a media estatal) e unha crecente desigualdade social en canto á renda.

Porén, a conxuntura socio-económica que esixe medidas ambiciosas e decididas para garantir os dereitos sociais da poboación, non pode afastarnos das necesarias transformacións en materia de Política Social, pendentes desde hai anos, que esixen un esforzo público na garantía de dereitos sociais fundamentais como:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- a) O dereito a unha vellez digna co despregamento dunha rede de servizos públicos, comunitarios, con perspectiva de xénero e próximos que garantan o dereito a envellecer na propia casa.
- b) A implantación dun novo modelo de residencias de maiores logo dos problemas evidenciados no actual pola pandemia da Covid-19.
- c) O cumprimento dos prazos previstos na lexislación en materia de dependencia e discapacidade tanto nas valoracións de grao como no acceso real e efectivo aos recursos aos que as persoas dependentes e as súas familias teñen dereito.

Neste senso, malia que o proxecto de orzamentos da Xunta de Galiza para 2023 prevé un incremento orzamentario importante na Consellaría de Política Social (+17%) a respecto de 2022 até alcanzar os 1.155.342.142 euros hai elementos que motivan a presentación por parte do Grupo Parlamentar do BNG desta emenda de devolución.

1. **Redución da partida destinada á RISGA** (-3,3 millóns de euros a respecto de 2022) malia prever para 2023 un pequeno incremento das contías (apenas 35 euros mensuais no tramo de ingreso mínimo) co obxectivo de actualizalas para facer fronte ao IPC. Todo isto sen impulsar aínda, dous anos despois, a urxente modificación da Lei de inclusión para adaptala á nova realidade, reformular a RISGA para que poidan acollerse a ela persoas que fiquen excluídas do IMV, facer ambas as dúas prestacións compatíbeis e complementarias e camiñar (unha vez se





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

transfira a xestión a Galiza do IMV) cara á unha prestación única, a Renda galega de inclusión social e laboral.

2. **A supresión da Tarxeta Básica** como axuda de emerxencia para a adquisición de alimentos e produtos de primeira necesidade substituíndo esta por axudas dirixidas a comedores sociais e bancos de alimentos que devolven Galiza a unha política de caridade e beneficencia que debера estar desterrada.

3. **A insuficiente suba do complemento autonómico das PNC** en apenas 1,20€ ao mes (14,5 euros ao ano) para as pensión máis baixas e logo de manter conxelado este complemento durante 13 anos, tempo no que o custe da vida se incrementou no 24%.

4. **Un inexistente cambio de rumbo no modelo de residencias de maiores.** Malia os anuncios, o proxecto de Orzamentos da Xunta para 2023 non contempla en absoluto unha mudanza nesta materia malia as denuncias do persoal que traballa nestes centros, públicos ou privados; como tampouco das familias e persoas usuarias que esixen, desde hai anos, un maior control por parte da administración e a implantación dun modelo que sitúe as persoas no centro.

5. Tampouco prevé o proxecto de Orzamentos para 2023 o **despregamento dunha rede de servizos públicos forte, próximos,** deseñados con perspectiva de xénero, que promovan a corresponsabilidade





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

social e procuren o equilibrio territorial garantindo o dereito a envellecer na propia casa ou a vivir coa máxima autonomía posíbel nela.

Por todas estas razóns solicítase a **devolución dos orzamentos da Sección 13.**

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2022

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 08/11/2022 16:56:16



Á Mesa da Comisión 3ª

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á totalidade ao **Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023**, relativa á **Sección 13. Consellería de Política Social e Xuventude**, con expresa petición de devolución, en virtude das seguintes consideracións:

Sección 13. Consellería de Política Social e Xuventude

Un estudo do IGE revela que o 43 % de fogares en Galicia chegan con dificultade a final de mes, o índice de pobreza medra nas mulleres e alcanza o 34 % para os menores e a mocidade. Ademais existen datos que indican que outro sector moi afectado pola crise é a poboación con discapacidade. Polo tanto, a casuística particular galega lévanos á necesidade de priorizar políticas encamiñadas a protexer a poboación máis afectada, cada unha coa súa particularidade dentro do marco do reto demográfico. A situación é preocupante e non ten precedentes, se ben é certo que non é culpa de ningún goberno nin administración, é derivado dunha pandemia e unha guerra da que só é culpable quen a iniciou.

Todo goberno ten que estar preparado para tomar decisións adaptadas ao contexto. Nestes orzamentos queda reflexado que para o Goberno galego do partido popular non se está a ter a capacidade de adaptación ás circunstancias que require o momento. Porque a ausencia de medidas excepcionais e falta de coordinación os delatan.

O argumentario político dos últimos dous anos do Goberno galego do partido popular é escusarse dos malos datos na maioría dos parámetros galegos botándolle a culpa ao goberno estatal.

É evidente que ante tal situación é preciso tomar medidas extraordinarias por parte de todas as administracións. No último informe de EAPN Galicia presentado na sede da Valedoría do Pobo hai uns días sinalábase como os datos de pobreza redúcense cando existen medidas extraordinarias para afrontalo, como por exemplo o Ingreso Mínimo Vital por parte do Estado, ou da Tarxeta Básica por parte da Xunta de Galicia a través da Consellería de Política Social. A primeira tomada polo Estado sigue vixente pero a tarxeta básica da Xunta foi suspendida hai uns meses.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista solicitamos ao Goberno galego que revertese esta decisión e recupérase canto antes a Tarxeta Básica, tendo en conta que se trata dun recurso concibido para fuxir do asistencialismo e loitar contra a aporofobia social.



A falta de execución da totalidade da partida orzamentaria correspondente á **Protección e inserción social/ Pensións asistenciais nun -19,27%**, da conta dunha estratexia política contraria ao que demanda o contexto socioeconómico nestes momentos. Trátase dunha partida decisiva no compromiso coas familias máis vulnerables nun momento de crise no cal a administración tiña que poñer todos os recursos a disposición da cidadanía en situación de exclusión social ou vulnerabilidade. Porque a eliminación da tarxeta básica, así coma o veto da Risga na Lei de inclusión social de Galicia son dúas cuestións decisivas para blindar ás familias máis vulnerables. Sobre todo aqueles sectores máis afectados pola pobreza como son, as mulleres con fillos a cargo, os menores, adolescentes e as persoas con discapacidade. Se ben é certo que na Lei de acompañamento propoñen subir varios tramos na Risga, cousa que nunca fixeron ata agora, xa que as únicas subidas foron grazas ao incremento do IPREM do Goberno estatal, e agora incrementan a Risga pola presión e demanda da cidadanía para equipararse ao incremento que o Estado fixo co IMV, pero fálalles unha cuestión clave, incrementar para as axudas do aluguer.

Outra partida que non executaron neste ano é a de **Servizos sociais de atención a persoas maiores e con discapacidade nun -14,57%**, precisamente en ámbitos moi debatidos na cámara representativa galega da cidadanía como transcendentais nunha das comunidades autónomas máis envellecidas e con maior porcentaxe de persoas potencialmente dependentes. Nun dos momentos de maior incerteza para a cidadanía en xeral, o ámbito galego da discapacidade en particular, leva preocupado moitos meses dende que pasaron os prazos para a renovación do concerto social que garante a continuidade da maioría de entidades que se ocupan de aportar os coidados e loitar polos dereitos das persoas con discapacidade en nome das competencias que o goberno galego debería asumir en primeira persoa. Ademais continúa pendente un novo modelo de atención para as persoas dependentes e con discapacidade. Por unha banda a necesidade de crear máis prazas públicas para persoas con discapacidade evitando así que xente nova teña que ingresar en residencias de maiores por non ter recurso residencial para persoas con discapacidade dispoñible. E moi especialmente é urxente para as persoas maiores que tanto padeceron nos últimos anos por mor da pandemia un novo modelo de atención residencial. Outras CC.AA xa teñen moito traballo adiantado nesta materia investindo recursos, pero tamén obtendo un retorno económico e social por parte do sector coidados ou atención para as persoas con dependencia. Para chegar á meta do benestar é preciso lograr que as persoas maiores poidan vivir onde queiran sempre co garante de soste-lo máximo tempo posible a súa autonomía. E cando soliciten un recurso de atención residencial é preciso adaptar ás mesmas a un novo modelo de residencias adaptado ás persoas. Nunha das CC.AA con maior porcentaxe de prazas residenciais privadas e con menor número de inspectores para supervisar a calidade dos coidados, é evidente que algo vai mal e que non queren corrixir nin tan sequera cando o propio Consello de Contas xa advertiu da gravidade do modelo moito antes da pandemia. E polo de agora o goberno galego non ofreceu un novo modelo de atención para persoas maiores, con dependencia ou discapacidade.



A partida orzamentaria que peor execución tivo en materia de política social é a do Apoio á conciliación da vida laboral e persoal e outros servizos de protección, nun -25,25%. Mentres dende a Consellería de Política Social están a anunciar como medida estrela a gratuidade das escolas infantís de 0 a 3 anos, os concellos galegos están soportando unha parte moi importante deste gasto. Sufragando boa parte do custo por praza en máis de 135 centros de toda Galicia, todo elo despois de ter que soportar sobrecostes de máis de 6 millóns mensuais durante a pandemia. Mentres a Xunta cubre o 100% das escolas infantís privadas con 306 euros por cada neno/a, nas municipais tan só 169 euros por crianza. O cal supón unha diferenza de case 30 millóns respecto ao que aporta a Xunta para as escolas infantís privadas respecto das públicas. É importante que o goberno galego asuma as competencias e aporte os fondos precisos para poder facer fronte á gratuidade da etapa infantil de 0 a 3 de xeito realista para blindar a gratuidade a longo prazo.

Unha das tarefas pendentes do goberno galego é elaborar un plan de investimento en materia de menores. E ao contrario, a Xunta de Galicia non executou na súa totalidade a partida orzamentaria para Programas de prestacións ás familias e á infancia, no peor momento posible. Cando nos últimos dous anos o número de menores tutelados incrementouse significativamente en Galicia, un dato alarmante tendo en conta que trátase do sector poboacional máis vulnerable.

Os equipos técnicos de menores (ETM) son fundamentais para traballar con menores en risco e desamparo, e a realidade é que tiveron que remitir comunicados moi duros ao Goberno galego urxindo un incremento de técnicos para poder levar a cabo o seu traballo. A situación chegou a tal gravidade, que dende algúns equipos, os técnicos informaron que só poderían atender os casos urxentes. Estamos a falar de que por falta de persoal se están a deixar aparcados expedientes de menores en risco e desamparo.

Dende a Consellería de Política Social é preciso e urxente elaborar un estudo da situación na que se comprometan partidas orzamentarias significativas para blindar aos menores que se atopan en risco e desamparo. Fomentando o incremento de familias acolledoras para que tal e como recolle a Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño de protección integral á Infancia e adolescencia fronte á violencia, o recurso residencial só exista en casos excepcionais e non de xeito habitual como é o caso. Polo tanto toda inversión que se execute en materia de infancia terá un retorno social e económico adaptado aos tempos que estamos a vivir e digno dunha sociedade avanzada que blinda aos nenos e nenas máis vulnerables.

Para a mocidade o investimento da xunta sempre é significativamente insuficiente. Despois de máis de 13 anos de goberno do partido popular Galicia é das CC.AA coas peores taxas de emancipación de toda España, 4 de cada 10 mozos e mozas galegas de entre 30 e 34 anos non logran facer unha vida independente, a metade dos galegos e galegas de entre 25 e 34 anos que seguen vivindo cos seus pais, pero é que ademais temos das peores taxas de actividade xuvenil de todo o Estado, cunha onda migratoria brutal na que a metade dos mozos e mozas que migraron son titulados universitarios. Toda unha xeración perdida e a risco de perder outra xeración de mozos, e mentres o



gobierno galego en vez de pilotar unha solución do único que fala en materia xuvenil é de campamentos.

Oito de cada dez mozos e mozas cren que seu futuro non será mellor. Entre os 15 y los 29 anos acusan tristeza, desesperanza, desinterese, cansazo, apatía, problemas de concentración, de alimentación de soño, inquietude, desasosego ou agresividade, segundo o [III barómetro juvenil. Salud y bienestar](#), onde o 56 % reconece ter padecido problemas de saúde mental, aínda que a metade admite non ter pedido axuda, por razóns económicas (37 %) ou por subestimar o quitar importancia á situación (34 %). Onde case a metade (44,3 %) tiveron ideación suicida no último ano.

E xunto á situación da mocidade galega, outro dos problemas sen resolver ao longo dos máis de 13 anos de goberno galego do Partido Popular, é o reto demográfico, especialmente nas provincias de Ourense e Lugo. O certo é que tal e como anticipamos, a Lei polo reto demográfico non está comprometendo accións de calado nin partidas orzamentarias efectivas, dado que non hai compromiso de transversalidade entre as áreas de goberno pola mesma causa.

O Goberno galego, foi un dos gobernos que menos medidas extraordinarias ou adaptadas tanto á pandemia como á crise derivada da guerra implementou. Os motivos, falta de investimento, descoordinación entre as principais áreas de goberno, falta dunha diagnose real da realidade galega para acertar no tratamento das políticas a executar e o máis grave falta dun proxecto potente e ambicioso para unha Galicia chea de potencial sen aproveitar.

Galicia perderá case 35.000 habitantes máis ata 2037, quedándose con 2,65 millóns de persoas, un 1,3 % menos que na actualidade segundo as Proxeccións de Poboación 2022-2072 publicadas polo Instituto Nacional de Estatística. Deste xeito Galicia situarase entre as poucas rexións españolas que perderán poboación nos próximos 15 anos, Avanzamos nun proceso de envellecemento e perda de poboación, de baleirado, que se acelerou durante a última década e que nos deixa cunha porcentaxe de galegos e galegas maiores de 65 anos que supera en máis de dez puntos ao de persoas mozas menores de vinte.

A mocidade galega vive unha situación límite, máis precariedade e temporalidade laboral, máis taxa de desemprego que no conxunto do Estado e cun acceso á vivenda e a unha vida independente que se ben xa viña sendo difícil de desenvolver agora, no medio dunha suba xeneralizada dos prezos semella un obstáculo insalvable.

Esta imposibilidade de desenvolver un proxecto de vida propio e digno é un dos grandes lastres da nosa comunidade, e está a hipotecar non só o futuro inmediato da xuventude senón do conxunto do país.



En Galicia, os menores de 25 anos terminaron o 2021 con unha taxa de paro do 35,6 %, cinco puntos por encima da media española, segundo os datos do INE correspondentes ao último trimestre do ano tanto na crise do 2008 como na derivada da pandemia, e agora a inflación, foron e son “as mozas e mozos os primeiros en saír e están a ser os últimos en volver entrar”, segundo resume Álvaro Ferreirós, doutor en Dereito pola Universidade de Vigo, e cuxa tese doutoral tratou sobre a transición á vida activa da mocidade.

O informe do Foro Económico estima unha perda de entre 178 e 311,5 millóns de euros por ano derivados dos custes de formación dunha mocidade á que se lle nega a posibilidade de aportar valor ao noso país. Nun contexto de crise industrial, económica e demográfica como nunca viu este país, esta fuga de talento supón deixar de crear unhas 315 empresas no noso país e produce 1.500 nacementos menos, segundo o informe do Foro Económico.

Para mudar esta preocupante situación, precisamos que desde o Goberno da Xunta deixen de lembrarse da mocidade unicamente para falar de campamentos e voluntariado.

Precisamos uns orzamentos que de xeito transversal aposten por atallar os problemas estruturais da mocidade, cómpre tomar medidas dende a Xunta para fomentar as posibilidades económicas e laborais da mocidade galega, así como para favorecer a súa emancipación a través de accións destinadas a mellorar a calidade do emprego e as opcións para acceder á vivenda.

Co gallo da celebración do Día internacional da Xuventude o pasado agosto, UGT-Galicia presentaba unha radiografía do mercado laboral galego centrada nos máis mozos e mozas que amosaba que nada se está a facer, que amosaba que seguimos ante esta falta de oportunidades e isto a pesar de ter Galicia pouca poboación nesta franxa de idade.

Esta mestura letal entre as dificultades laborais e a falla de vivenda accesible na nosa comunidade é a razón fundamental desta falla de independencia que está a hipotecar a toda unha xeración que ve afogado o seu desenvolvemento vital. O acceso á vivenda é un pilar fundamental xunto a estabilidade laboral para contribuír a mellorar as taxas de emancipación e favorecer que as mozas e mozos queden e os que así o desexen poidan desenvolver un proxecto familiar.

Ante a preocupante crise demográfica e a falta de oportunidades para a emancipación da mocidade galega e o desenvolvemento dun proxecto de vida propio e digno política en materia laboral, económica e de vivenda o Goberno da Xunta de Galicia debe achegar máis recursos e apostar por:



- Aprobar un plan de formación e emprego xuvenil en coordinación coas entidades locais e as entidades sociais co fin de garantir que a mocidade galega poida desenvolver o seu futuro en Galicia e evitar teña que marchar do noso país para construír o seu futuro laboral.
- Establecer unha renda básica autonómica para garantir a emancipación da mocidade galega.
- Poñer en marcha un plan estratéxico para o acceso á vivenda da mocidade que facilite o acceso á vivenda.
- Ampliar os beneficios da tarxeta Xente Nova ao conxunto da mocidade galega ata os 30 anos.
- Incluír dentro das vantaxes do propio carné Xove as bonificacións no transporte público competencia da Xunta de Galicia co fin de que se inclúa a toda mocidade comprendida entre os 12 e os 30 anos
- Rebaixa das taxas universitarias para segundas e terceiras matrículas.
- Reactivar e convocar os órganos de participación da mocidade galega que se recollen na Lei de xuventude de Galicia.

Pazo do Parlamento, 8 de novembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/11/2022 17:09:23





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a través da súa portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 14, Consellería do Medio Rural, e todas as entidades públicas e instrumentais dependentes desta, do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2023**, polas seguintes razóns:

Nunca uns orzamentos estiveron tan alonxados das necesidades reais dun medio rural cercado polas problemáticas estruturais de hai anos e hoxe agravadas pola crise xerada polas consecuencias da Covid 19 e da guerra de Ucraína.

Se a Covid 19 amosou a nosa escasa soberanía alimentaria, a nosa dependencia dos insumos esóxenos para alimenta-la nosa cabana gandeira tanto de vacún coma de porcino, avícola, cunícola... a guerra de Ucraína descubriunos as perto de 600.000 has. de SAU que nos faltaban para completar ata un prudente 40% o escaso 21% actual. E así soubemos de xeito implacable que Ucraína era un máis ca importante fornecedor de cereal e xirasol entre outros produtos.

E soubémolo nomeadamente pola suba brutal de prezos por tn. que superou con creces o 200% chegando á situación actual dun 43% de incremento nos pensos en xeral. Isto sumado ás fortes subas da enerxía, combustibles, abonos de síntese, forraxes e demais subministros necesarios para a actividade agrogandeira levan o rural a unha situación moi delicada necesitada de medidas valentes debidamente orzamentadas que cambien a tendencia e muden o rumbo.

Se ben a inexplicable tendencia alcista do leite en pó e da manteiga a nivel





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

internacional marcan unha suba xeneralizada no prezo do leite ao produtor que compensa os custos de produción, nada disto ocorre coa carne que nestes momentos está abafada no primeiro elo da cadea polos condicionantes anteriormente descritos.

Os baixos prezos por kgr/canal da carne de vacún en extensivo e as inexplicables políticas de exclusión desta gandería das ordes de axudas contrastan cos 37 millóns de euros repartidos hai escasos días entre as industrias transformadoras con xenerosas cantidades a Nova Frigsa, Frigolouro, Oviganic... Velaí o exemplo de cales son as políticas do PP.

Non cansaremos, desde o BNG, de afirmar que a solución do rural non vén dada pola intensividade, pola explotación desligada da base territorial tanto en gandería coma en agricultura. É o territorio mesmo, a súa orografía, os microclimas, a edafoloxía quen condicionaron o reparto da propiedade, as dimensións das explotacións e a dispersión poboacional conformando un rural ligado á base territorial e ás pequenas e medianas explotacións agrogandeiras de carácter familiar coma única saída de xestión territorial que conformando un tecido produtivo axeitado proporcione unha soberanía alimentaria e un nivel de vida aceptables.

As políticas do PP van en sentido contrario. O PP goberna para a intensividade, para a gandería e agricultura industriais fomentando o abandono e facilitando a depredación eólica, a instalacións de macrogranxas e a intensificación da actividade produtiva do que queda das granxas familiares.

O momento é propicio para tomar medidas que afiancen a soberanía alimentaria promocionando a posta en produción de vastas zonas abandonadas noutrora de vocación cerealista (velaí o Val de Lemos que mesmamente conta con infraestruturas de regadío). Outro tanto acontece coa produción agrícola de verduras





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

froita, leguminosas... das que Galicia importa unha gran parte do que a distribución vende no noso país. Non anda moi lonxe dos 4.000 millóns de euros anuais.

Os altos prezos, a escaseza de produtos agrícolas xa mentada e a necesidade de diminuír o consumo de combustibles fósiles no transporte de mercadorías aconsellan políticas urxentes de estímulos dinamizadores que aumenten SAU e nos leven a unha recuperación de autoabastecemento coa posta en marcha de orzamentos e medidas a tal efecto.

Pois ben, nada disto se deixa ver nestes orzamentos de 2023. Son continuístas de políticas de abandono e depredación, repiten partidas e conceptos de orzamentos anteriores que non se executaron, chegando a seren unha burla.

A falta de visión política a favor da cidadanía galega amosouse en toda a súa crueza este verán. Cinco anos despois dos lumes do 2017, daquela chamada ás consciencias de todos e todas nós, cinco anos despois a Galicia esquecida, a Galicia caos, a Galicia chea de combustible volveu arder. Arredor de 50.000has. de zonas sensibles arderon cunha virulencia descoñecida, quedando os lumes principais fóra de capacidade de extinción, amosando a crúa realidade dun PP ocupado en propaganda, do que non fai, e despreocupado por toma-las medidas preventivas necesarias para evitar ou minimizar estes desastres. O sabor amargo da impotencia chegou á poboación máis sensible e que menos ruído fai á hora de esixir solucións: a pouca que queda no rural. E así, arderon casas, facendas e biodiversidade. Houbo promesas e promesas que comezaron a seren esquecidas a medida que a chuvia foi refrescando o outono.

E a propaganda das Aldeas Modelo, da xestión das faixas de seguridade de núcleos (que non se fai), a lei de Recuperación da Terra Agraria (que está sen



orzamento) con non sabemos cantos polígonos agroforestais... a Propaganda institucional venenos amosa-las nosas carencias.

En 2020 o “Informe do Comité de Expertos Económicos de Galiza para afrontar-la crise provocada pola COVID-19” no seu apartado 60, determinaba que o rural galego debe de ser un dos piares da reactivación económica da comunidade. Neste entorno, de entre as medidas que propoñía, destacaban o fomento da agrosilvicultura, a recuperación de terras produtivas (SAU), a promoción dunha xestión forestal activa, afortalamiento das estruturas de comercialización da nosa produción agraria e a aposta polo valor engadido.

Nada se fixo ao respecto e van dous anos dende ese informe. As cousas do PP son así, propaganda temeraria, sen xeito nin sentido.

A diagnose é clara e atinada: coa excepción de certas zonas rurais cunha actividade agrogandeira destacable e concentrada nuns poucos municipios, o que temos é un rural abandonado, despoboado, sen dinamismo e sen xente que xestione o territorio que é pasto dos lumes ano si e ano tamén. A súa ordenación, dinamización e repoboación son as liñas mestras das políticas que o BNG propón nesta emenda á totalidade.

Mais darlle a volta a esta situación non é cousa de catro anos, nin sequera dun decenio, precísanse políticas continuadas, orzamentos axeitados e un gran consenso de País. Estamos a falar dun ambicioso Plan Integral de Desenvolvemento Rural a levar a cabo en varios anos pero que nestes tempos esixe para xa mesmo un paquete de medidas urxentes:

--Establecemento de áreas de cortalumes verdes con arboredo autóctono a marcos de 25x25 e con gando en extensivo que o manteña en condicións de agarda e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

freo.

--Establecer nos estudos de capacitación agraria a especialidade con formación específica de pastor como complemento da medida anterior.

--Recuperación e posta en cultivo de áreas cerealistas abandonadas mesmo recuperando os sistemas de regadío alí onde os houbese.

--Posta en cultivo das 707 masas de Concentración Parcelaria abandonadas (arredor de 24.000 has.).

--Recuperación para uso agrogandeiro das máis de 50.000 has de terras forestadas ilegalmente a eucalipto e piñeiro.

--Dotación de persoal das OACs como elementos principais na recuperación de terra agraria e da súa posta en cultivo. O seu labor será esencial na tarefa de activa-la demanda onde a oferta de terra infrautilizada sexa forte e activa-la oferta onde haxa demanda de terra agraria.

--Dotar de orzamento abondo a AICA galega para que se cumpra a lei da Cadea Alimentaria e os produtores de tódolos subsectores do sector Primario reciban unha compensación xusta polo seu traballo.

--Medidas, debidamente orzadas, de apoio ás pequenas e medianas explotacións agrogandeiras con pagos sistémicos para aquelas que desenvolvan o seu labor en zonas de contención do combustible vexetal.

Rexeitamos pois con rotundidade estes orzamentos en base a considerar que non son os que este País necesita e que a situación de crise, inflación e a recesión económica que se aveciña fan necesario atacar os problemas estruturais endémicos do noso rural con medidas valentes que vaian ao fondo da súa problemática.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

MEDIDAS BÁSICAS PARA UN PLAN INTEGRAL PLURIANUAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL

Desde esta realidade obxectiva, os orzamentos para o rural que o Bloque propón pasan ineludiblemente por elaborar, orzar e poñer en práctica un Plan Integral Plurianual de Desenvolvemento Rural que active a súa economía orientándoa a producir, en cantidades cada vez máis significativas, nun proceso progresivo, alimentos de calidade.

Potenciar o mercado destruído, poñer terra agraria a disposición dos mozos/as que se queiran incorporar, dinamizar e prestixia-la actividade agrícola e gandeira de produción alimentaria son medidas indispensables dentro deste Plan Integral para acada-los obxectivos non só de frea-la caída demográfica, senón mesmamente de inverter o proceso fixando poboación nova, mediante a protección e incentivación das pequenas explotacións agrogandeiras baseadas na recuperación paulatina de terras de labor.

Gandaría extensiva

A destacar dentro deste Plan Integral un gran Plan Especial de Gandaría en Extensivo para o centro e sur da provincia de Ourense, terra castigada onde as haxa non só pola meteoroloxía e os lumes senón polo abandono dos deuses e dos homes. Este plan especial de apoio á gandaría extensiva sería unha aposta seria pola prevención de incendios que reduciría a desertización que producen os lumes reiterativos e que sería extrapolable a outras zonas de montaña do noso territorio fixando poboación e dinamizando e diversificando a produción de carne en





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

extensivo. Sería complementada esta acción de goberno co desenvolvemento dun tecido de actividade industrial transformadora e comercializadora que dimensionaría de novo estes espazos actualmente abandonados creando sinerxías dinamizadoras de poboación e economía.

O proxecto de orzamentos para 2023 que nos presenta o PP, continúa a apostar pola extinción no canto de afrontar que unha nova planificación do monte e os seus usos é determinante para principiar a mudar a suposta inevitabilidade dos lumes.

Comercialización

Hai que afrontar a comercialización da produción agrogandeira nunha dupla vertente. Dunha banda fomentando e promovendo as feiras e mercados de proximidade como canle prioritaria de venda da pequena produción e dos excedentes de autoconsumo do país. Doutra, creando unha estrutura loxística de venda e promoción *on line* dos produtos dos medianos e grandes produtores, que valorice esas producións a través do valor engadido da calidade e que nos posicione nun mercado cambiante determinado polas novas formas de consumo e pola necesidade crecente de consumo de produtos de proximidade.

Ordenación e sostibilidade

As UXFOR como modelo integral de xestión conxunta da terra resultará peza chave para incidir nun exemplo a seguir de economía circular. Un exemplo que sirva, entre outras cousas, para reorientar o modelo forestal cara o uso de madeiras autóctonas, aumenta-las terras de pastoreo promovendo ao tempo os modelos de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

gandería en extensivo e dar uso así, tamén, ao exceso de xurros que hoxe supoñen un problema de xestión, sen ter que acudir a fórmulas que precisen da súa transformación en gas nin do transporte innecesario de toneladas de auga dun lugar a outro.

Esta planificación, que debe xeneralizarse por todo o país, terá que implantarse con especial interese na provincia de Ourense e no sur de Lugo; terras especialmente afectadas pola seca estrutural e convertidas en pasto dos lumes ano tras ano, que verían na recuperación do seu uso produtivo a saída necesaria para muda-la dinámica dos incendios.

Mobilidade de terra agrícola

Falamos pois dunha atención orzamentaria prioritaria á mobilidade de terra infrautilizada ou abandonada utilizando o Bantegal e/ou os Polígonos agrogandeiros como complemento á xestión comunitaria das Uxfor no camiño dunha ordenación da terra e posta en produción dos milleiros de hectáreas de abandono. Porque tanto as explotacións gandeiras cada vez máis dependentes dos insumos esóxenos coma os proxectos de horta e gandería tanto en ecolóxico coma en convencional están necesitados de base territorial para facelas rendibles e sostibles no tempo.

Esta especial atención pasaría a convertelo no instrumento estrela que nun prazo de cinco anos poña a disposición dos gandeiros un mínimo de 50.000Has. de terra para muda-la tendencia á intensificación das explotacións lácteas e cárnicas, dependencia de insumos esóxenos, peche de unidades por escasa ou negativa rendibilidade, e dotar así de base territorial suficiente que abarate costes de produción e dea características de especial calidade aos produtos lácteos e cárnicos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

galegos reforzando e dando prestixio á súa presenza nos mercados estatal e internacional.

Este Banco de Terras proporcionaría superficie agraria útil a aquelas novas incorporacións á actividade agrogandeira que non contén con terras de labor de seu.

Sector forestal

Hoxe hai algo máis de 1,4 millóns de hectáreas forestadas. Así cada ano o volume de cortas para uso industrial ascende a aproximadamente 8,5 millóns de m³ de madeira que na súa maior parte finaliza o seu ciclo no noso país nunha primeira transformación (ben sexa en forma de pasta de papel, en madeira aserrada ou ben en taboleiro e chapa) non chegando a 2ª transformación a representar unha porcentaxe significativa dentro do conxunto do sector.

Esta situación anómala provoca que mentres Galiza conta con máis do 50% do total de madeira cortada no Estado o volume de negocio do sector supoña só un pouco máis dun 10% do total estatal.

Así, nun país tremendamente forestado coma o noso, co potencial económico que iso supón, encontrámonos con que a cadea forestal-madeira representa unicamente o 1,8% do total do PIB do noso país.

É preciso un cambio total de dinámicas neste ámbito cunha aposta real da Administración galega pola valorización do sector, primando por madeiras de calidade e a investigación e favorecendo a segunda transformación que dea valor engadido ao produto.

Deste xeito, en contraposición coa forestación desordenada, que ocupa





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

incluso boa parte da SAU do país, que temos hoxe, hai que apostar, primeiro, polas madeiras de calidade a través da mellora xenética e a silvicultura, mais tamén pola recuperación de madeiras nobres que permitan dar un salto de calidade ao sector.

Mais este primeiro paso ten de vir seguido de medidas de acompañamento ao sector, proporcionando seguridade xurídica e implicando á Xunta de Galiza na promoción desa segunda transformación mediante medidas de fomento da madeira estrutural para construción, madeira... aproveitando as nosas fortalezas e aproveitando a oportunidade que supón contar cunha base sólida dentro dun sector chave para a bioeconomía e a economía circular que supón un sector estratéxico e de máximo interese para Europa.

Banda larga

A cuestión de fondo reside no modelo de rural que defendemos. Un rural despoboado e en mans dunhas poucas grandes empresas que o xestionen buscando só o rendemento económico ou un rural vivo que sirva para fixar poboación, para xestiona-lo territorio e para xerar riqueza a través dunha chuvia fina con multiplicidade de proxectos pequenos e medianos: industriais, gandeiros, forestais, de tratamento da madeira, de I+D, agrícolas... Para todo isto debemos ter presente que para calquera tipo de relación económica necesitamos unha extensión da banda ancha que permita traballar en condicións de igualdade desde o noso rural nun mundo marcado polas necesidades tecnolóxicas.

Servizos públicos

Nos últimos doce anos os servizos públicos no rural fóronse deteriorando de



xeito continuado e isto favorece a perda de poboación. O reforzamento e recuperación da calidade dos mesmos de xeito acelerado debe ser unha das medidas prioritarias destes orzamentos.

A XEITO DE CONCLUSIÓN

E velaí que estamos outra vez fronte a uns orzamentos que ignoran a realidade do rural e agravan o seu declive no canto de iniciar un alto na tendencia do mesmo e dar paso a unha planificación a longo prazo, firme e consensuada, orientada a dinamizar e revitalizar o espazo agro-gandeiro-forestal estimulando e orientando unha numerosa industria de transformación dos recursos aí xerados contribuíndo á fixación de poboación e á recuperación dunha aceptable normalidade na pirámide poboacional.

Por todas estas razóns solicítase a **devolución dos orzamentos da Sección**
14.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2022

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 08/11/2022 16:56:40



Á Mesa da Comisión 3ª

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á totalidade ao **Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023**, relativa á **Sección 14. Consellería do Medio Rural**, con expresa petición de devolución, en virtude das seguintes consideracións:

Sección 14. Consellería do Medio Rural

O noso medio rural atópase nunha situación moi preocupante, lonxe dos anuncios de promoción da Consellería na que amosan unha Galicia rural idílica, con grandes extensións de pasto cubertos polo noso gando, con fermosas fragas e soutos e a beleza do país dos mil ríos como dicía Cunqueiro, a realidade é que cada día que pasa a Galicia do rural agranda os seus problemas de despoboamento e avellentamento, nunha comunidade autónoma que ten a desgraciada honra de ser a segunda de toda España coas pensións e salarios máis baixos, de ter as peores cifras demográficas e de ser a primeira das comunidades de todo o estado en datos relativos de mozos e mozas que abandonan a súa terra, se a esta situación lle sumamos o continuo desmantelamento dos servizos públicos que dependen da Xunta de Galicia, as posibilidades de reverter unha situación como esta son moi reducidas.

Dende o Goberno galego no seu conxunto e non só dende a Consellería do Medio Rural deberían entender que é imposible fixar poboación e fomentar a actividade do noso campo, se aquelas persoas mozas e familias que teñen que decidir se apostan por un futuro dentro ou fora do rural ven como ano tras ano a calidade da sanidade pública que reciben é de peor calidade, cunha atención primaria saturada e admitindo dende os seus altos cargos que non todos os centros de saúde teñen porque ter pediatra, e xa sabemos onde están situados estes centros, cando vemos que o curso académico arranca con menos profesores e máis colexios públicos pechados, evidentemente estes están situados no rural, cunha atención aos nosos maiores deficiente e cuns concellos rurais completamente afogados pola súa incapacidade económica, mentres teñen que ver como a Xunta de Galicia evade as súas propias competencias para darlles cada día máis cargas económicas.

Son décadas de gobernos caracterizados pola falla de políticas de discriminación positiva cara o noso interior e agora, pese ao cambio de paso da Consellería do Medio Rural nesta lexislatura con textos lexislativos que tratan de achegar instrumentos para recuperar superficie agraria útil e actividade no noso rural, os



obxectivos non se van conseguir se estes textos e cambios na estratexia da consellería non se acompañan dun orzamento e planificación axeitada para o seu desenvolvemento.

Seguimos nun ciclo de orzamentos do Estado netamente expansivo, cun aumento do orzamento de preto dun 11 % ata chegar aos 584.000 millóns de euros de gasto, un orzamento que fai posible que tamén aumenten as transferencias para as administracións autonómicas, entre elas a Xunta de Galicia, que percibirán un 24 % máis que no 2022 chegando aos 135.000 millóns de euros, que contan cun orzamento para combater o despoboamento e o reto demográfico de ata 4.500 millóns de euros.

A pesar do enorme esforzo que se está a facer dende o Estado para axudar aos máis vulnerables e aos nosos sectores produtivos para afrontar a crise mundial de prezos que estamos a vivir, o goberno da Xunta de Galicia agocha a súa falla de xestión enfrontándose a cada instante co Goberno estatal en vez de negociar e ser un aliado nestes duros momentos que vivimos.

O derradeiro episodio, o vivimos coa estratexia do lobo, no cal o Goberno galego renuncia a poder ter a disposición máis de 4 millóns de euros do Estado para axudar aos nosos gandeiros na prevención e nos danos causados pola dita especie no gando para seguir confrontando co Goberno do Estado e todo e iso pese a que en Galicia non se capturaban lobos dende hai 10 anos segundo os propios datos oficiais da Xunta de Galicia e que o propio Principado de Asturias, crítico coa nova protección do lobo, asinase a estratexia ao asegurarse de que se poden extraer selectivamente unidades desta especie se o requiren os seus plans de xestión. En Galicia, o Goberno autonómico ten unha nefasta xestión da fauna silvestre, tanto co xabaril como co lobo e cos danos causados por esta especie e prefire seguir confrontando co Goberno do Estado, pagando a dita confrontación cos cartos dos petos de todos os gandeiros e gandeiras da nosa terra.

O orzamento da Consellería do Medio Rural aumenta uns 50 millóns de euros, pero non incrementa o seu peso porcentual no total do orzamento da Xunta, como xa sucedía o ano pasado, unha noticia que non fala desa discriminación positiva do Goberno galego polo noso medio rural a pesar dos anuncios dos proxectos estrela deste departamento.

Nestes orzamentos do 2023, aínda que aumente o orzamento global, o programa de modernización e diversificación do tecido produtivo rural baixa un 17 % de 154 a 128 millóns de euros e o programa de ordenación das producións forestais descende un 4,3 % de 90 a 86 millóns de euros.



Outra das cuestións é facer un seguimento do grado de execución dos orzamentos e resulta grave como ano tras ano descende o grado de execución, xa que o do 2021 foi peor que o do exercicio de 2020, no programa de Actuacións e valorizacións do medio rural, o grado de execución baixa un 14 %, chegando ata o 75,2 % e no programa de Dinamización económica do medio rural baixa un 6,5 %, chegando ata o 75,1 %, nunha administración do medio rural lenta e pouco eficaz

Analizando os datos do recentemente publicado informe do Foro Económico de Galicia para o segundo trimestre deste ano 2022, mentres o PIB do estado crece nun 6,8 %, en Galicia soamente crece nun 4,4 %, cunha brecha entre ambos que aumenta dende os 1,5 puntos no derradeiro trimestre do 2021 a 1,6 puntos no primeiro deste 2022 e a 2,2 puntos neste segundo trimestre de 2022, cunha brecha na que destaca de xeito significativo a contracción do noso sector primario, superior ao estimado. A balanza comercial do sector dos alimentos en Galicia multiplica en 4,5 puntos o seu déficit no segundo trimestre deste ano e no ámbito do emprego a rama con maior descenso de afiliacións á seguridade social en Galicia entre o ano 2021 e o 2022 é o sector da agricultura e gandería cunha caída do 3,4 %. O noso sector primario, pesa cada ano menos na ocupación, pasando do 4,8 % no 2019 ao 4,4 % no 2021 e ao 4 % no 2022, cun descenso preocupante no sector feminino que nunha caída global do 5,5 % da poboación ocupada no 2º trimestre deste 2022, a feminina descende un 7,3 % fronte a un 4 % da poboación masculina, mentres a consellería segue sen incluír a perspectiva de xénero nas sucesivas convocatorias de subvencións e axudas, imprescindibles para integrar a lexislación vixente en materia de igualdade real.

O medio rural necesita de políticas transversais en todas as consellarías, non só na Consellería do Medio Rural e baixo o noso parecer con tres eixes obxectivos básicos:

- A mellora das rendas da poboación rural tanto das procedentes da agricultura como doutras actividades económicas da xente que vive no noso rural.
- A mellora dos servizos públicos no rural, despois dos recortes soportados nos derradeiros 14 anos de Goberno.
- Recuperar a confianza no futuro do medio rural.

Mentres a Consellería do Medio Rural practica o “neorruralismo”, publicitando aldeas intelixentes, en Galicia existen máis de 2.000 núcleos abandonados e mais de 10.000 aldeas con menos de 10 veciños, que son nada máis e nada menos que un terzo das que ten todo o noso territorio, por iso é necesario que se leve a cabo



unha política activa de estruturas e de ordenación do territorio que apoie o aumento da base territorial das explotacións con respecto ao abandono de terras e poña fin as plantacións de eucaliptos en terras agrarias, non podemos demorar máis estas actuacións, despois da lei de recuperación urxe a planificación e o desembolso económico para facer realidade esas medidas, apostando polos arrendamentos dando un maior dinamismo ao banco de terras e rematando as concentracións parcelarias prioritarias, decretando unha nova por cada unha rematada.

Os sectores produtivos de Galicia seguen a espera de instrumentos que acompañen a reformada Lei da cadea alimentaria, para asegurar que os produtores de todos os sectores primarios cobren por enriba dos custes de produción, poñendo énfase no sector da carne, con numerosas explotacións en dificultades polos elevados custes que soportan, os baixos prezos percibidos e as limitacións nas terras dispoñibles. A Consellería do Medio Rural neste momento tan duro de crise, renunciou a cumprir a súa promesa de utilizar recursos propios da Xunta de Galicia para axudar a este sector, pese a que a normativa estatal era clara para poder usalos e mentres o Goberno do Estado e Europa insuflaron decenas de millóns de euros en axudas para os sectores en Galicia, a Consellería do Medio Rural dedicoulle cero euros a ditas axudas directas.

O medio forestal e natural necesitan de coordinación entre departamentos, de modo especial coa Consellería de Medio Ambiente, pero esta coordinación segue a ser inexistente como se puido observar na vaga de lumes deste verán, con lumes que afectaron a preto de 40.000 hectáreas e a 5 dos 6 parques naturais existentes en Galicia, como tamén a zonas emblemáticas da nosa Rede Natura como no Courel. Fan falla actuacións preventivas que mitiguen os posibles incendios de sexta xeración que por desgraza se poden producir, pero vemos como estas actuacións diminúen neste ano en relación ao pasado ano, orzamentando en subvencións a investimentos en materia de prevención de incendios o mesmo que no ano 2022 e diminuíndo as axudas para a creación e mellora das masas forestais no 2023 un 9 %, é dicir, 3 millóns de euros menos, cunha consellería que semella que ten todo feito, posto que para o ano 2023 hai unha redución orzamentaria do 70 % en estudos e programas de formación na Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal. O Goberno galego debe mellorar a profesionalización da loita contra incendios, diminuír a temporalidade e a coordinación das persoas traballadoras e medios de loita contra o lume, reformulando o modelo das brigadas municipais creadas o amparo dos convenios de participación na prevención e defensa contra incendios forestais e poñendo máis énfase na prevención que na extinción, cuns traballos de prevención que deberían finalizar antes de xuño de cada ano.



É necesario saber que se busca do noso monte xa que seguimos sen saber o que hai, e sen diagnose dificilmente se pode planificar, o Plan forestal é papel mollado e debemos saber cara a onde queremos ir, planificar antes de xestionar e despois respectar o planificado, cunha integración de todos os sectores, agrario, gandeiro e forestal nesta planificación. Non consiste en demonizar a especie “eucalipto”, pero si estruturar o territorio, tratar a todos os produtores por igual, desenvolver os Plans de Ordenación dos Distritos e apoiar tanto a produción como a conservación. A industria comarcal debe ter o apoio da Xunta e tamén finalizar a transformación da nosa materia prima para incrementar o noso produto interior bruto e non só na madeira, senón a través dunha xestión sostible considerar tamén os outros produtos que pode xerar as formacións forestais (pastoreo, froitos, cogumelos, aromáticas, etc).

Cómpre unha verdadeira aposta polos sectores produtivos, cun impulso da industria de transformación dos nosos produtos para mellorar as rendas percibidas polos nosos cidadáns do rural e desenvolver unha verdadeira política forestal co obxectivo de planificar o noso territorio e que exista un equilibrio entre todas as zonas de Galicia, favorecendo a produción, pero tamén a conservación que debe estar compensada economicamente, pensando nas medianas e pequenas empresas vinculadas ao medio onde se instalan e non unicamente en macroempresas que ao mellor nunca chegan a instalarse como xa pasou con PEMEX.

Fai falla poñer solución xa ao abandono que sofren as oficinas agrarias comarcais, a unha formación deficiente para o noso sector agrario e dar solucións ao abandono que sofren os centros de investigación, onde estamos a perder un gran valor para este país como é do persoal investigador que se xubila observando como se perden as súas liñas de investigación, mentres a Consellería desembolsa millóns en actuacións como o “Gaias” de Sergude e Fundacións de dubidoso comportamento como o Centro tecnolóxico da carne.

Por outra banda, ademais dos proxectos e os orzamentos, cómpre que o persoal desta consellaría, se sinta apoiado e respectado pola súa dirección, co fin de desenvolver o seu traballo e isto non se consegue volvendo tolos aos seus traballadores con grandes titulares de prensa e proxectos que non entenden, a dirección da consellería debería poñer en valor o seu traballo e contar coa súa opinión para lograr uns mellores obxectivos.

Pazo do Parlamento, 8 de novembro de 2022

Asinado dixitalmente por:





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2022 17:16:48
Nº Rexistro: 43463
Data envío: 08/11/2022 17:16:48.555

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/11/2022 17:10:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a través da súa portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 15, Consellería do Mar, e todas as entidades públicas e instrumentais dependentes desta, do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2023**, polas seguintes razóns:

Os orzamentos presentados pola Consellería do Mar, de 211.973.636 euros para 2023, distan moito do que serán, ao final do ano, os orzamentos reais desa Consellería.

Xa pasou en anos anteriores, mais se nos referimos aos orzamentos do 2021 aprobáronse dentro da Sección 15 190.020.000 euros e os orzamentos reais levados a cabo acabaron sendo de 149.387.000 euros. É dicir, 40.633.000 euros menos.

A razón é que se fixeron unha serie de modificacións de creto á baixa por ese valor, o que sitúa á Consellería do Mar á cabeza do conxunto do Executivo galego en canto á diminución en porcentaxe, un 21,4%, do seu orzamento inicial, e a moita distancia da seguinte, que diminuíu o seu orzamento nun 14,3%.

Polo tanto, o orzamento que se presenta agora con toda probabilidade diverxerá en grande medida do que resulte ao final do exercicio e, sistematicamente, isto incide moi negativamente no desenvolvemento da política pesqueira que se debería levar a cabo a prol dun sector fundamental e que representa o 2% do PIB galego.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A maiores dese importante recorte do orzamento inicial do 2021, o grao de execución dalgúns programas é apenas dun 50% e o dato de execución deste ano 2022, ata o 30 de xuño, é só dun 23% do total, o que evidencia a escasa importancia que para o Goberno galego ten a política pesqueira.

E a estes factores tan negativos, hai que sumarlle aínda que os 5 principais programas dos orzamentos da Consellería están hoxe 27,3 millóns de euros (15,72%) por baixo do que sumaban no 2009.

En consecuencia, os orzamentos da Consellería do Mar amósanse cativos de por si, sofren importantes mermas todos os anos e teñen un nivel de execución moi mellorábel.

A transferencia a Portos de Galiza pasa de 10,3 millóns de euros no 2022 a 6 m. e., case un 60% menos. A execución da construción de infraestruturas portuarias é baixa e lenta, o que non facilita nin contribúe a apoiar a actividade produtiva e a mellorar a capacidade de xerar emprego.

A dotación de actuacións que levan anos agardando é absolutamente insignificante: A mellora das condición de operatividade na dársena interior de Malpica, onde morreu unha persoa no 2019, ten unha dotación de 25.776 euros. O reforzo do dique de abrigo do porto de Cariño está dotado con 25.000 euros, dun total de máis de 5 millóns de euros. A remodelación das instalacións portuarias de Corcubión, con 17.000 euros dun total de 7,3 millóns de euros. Nada disto concorda coa aseveración da propia Consellería de que o 80% do total do seu orzamento vai adicado a investimentos para o crecemento e o desenvolvemento do sector.

Por outra banda, malia a que as queixas do sector sobre a falta de mantemento, de servizos e de subministros básicos para desenvolver as actividades pesqueiras nos portos son clamorosas, o cobro de taxas a usuarios e concellos segue





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2022 17:35:30
Nº Rexistro: 43482
Data envío: 08/11/2022 17:35:30.624

a súa liña ascendente e só se contempla a redución pola exoneración de taxas comprometida polo Goberno galego a mediados do 2022 e que aínda será efectiva a partir de xaneiro de 2023 xunto coa dese mesmo ano.

Ademais, pois, da inexistencia dun verdadeiro plan a medio prazo, calendarizado e orzado, de construción de infraestruturas portuarias que teña en conta as necesidades máis graves e as situacións que máis comprometen a seguridade dos usuarios, tampouco existen actuacións programadas e mantidas no tempo respecto do mantemento máis básico das instalacións portuarias e, finalmente, Portos de Galiza tamén leva a cabo unha política de persoal totalmente errática, cunha RPT prometida hai máis de dous anos, cun número de traballadores escasos, con alta precariedade laboral e cunha privatización duns servizos que a cidadanía ten que pagar por duplicado.

Outra actuación absolutamente inexplicábel de Portos de Galiza é a que se está a dar na Costa da Morte, coa convocatoria para cubrir o servizo de practicaxe portuario, inzada de eivas e cunha dotación orzamentaria que vai facer practicamente inviábel a continuidade dun servizo fundamental para a seguridade da navegación no corredor de Fisterra.

Mención aparte merece o recente convenio que Portos de Galiza elaborou para emendar a súa nefasta actuación no relativo á regulación da pesca deportiva. Un convenio, dirixido aos concellos pero sen dialogar e contar con eles para que asuman competencias que non lles corresponden e que está a crear unha situación de desigualdade e de agravio entre afeccionados e entre os propios concellos.

Noutro apartado, o INTECMAR apenas sofre incremento con respecto a anos anteriores. Un servizo cunha incidencia fundamental en sectores tan amplos como o mexilloeiro e o marisqueiro, que continúan sen ser atendidos máis que cinco días á





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

semana e que os obriga a recorrer a laboratorios privados para ter uns resultados áxiles e que lles eviten perdas económicas e de horas e días de traballo en campañas a veces xa afectadas por peches ou por condicións climatolóxicas pouco favorábeis.

O desenvolvemento e execución dos fondos FEMP seguen a mesma liña que o do resto dos fondos da Consellería, máis extremadamente aínda se cabe neste caso. Dos 371 millóns de euros que corresponderon a Galiza no período 2014-20, a mediados do 2021 só estaban executados 117, apenas un 30%. Os novos fondos FEMPA para o período 2021-27, de 366 millóns de euros para Galiza, poderían correr a mesma sorte, mais co agravante do mecanismo de flexibilidade que recolle o Programa Operativo, que contempla que os fondos que as Comunidades Autónomas poñan en risco de perda, polo seu retraso na execución, poden ser utilizados por outras. O noso sector pesqueiro necesita, máis ca nunca, deses fondos para paliar as consecuencias económicas da Covid-19 e dos graves efectos da crise de prezos que estamos a padecer. Cómpre, polo tanto, artellar todos os mecanismos e liñas de traballo necesarias para que os fondos europeos de pesca queden en Galiza na súa totalidade.

Un dos aspectos máis preocupantes dos orzamentos para 2023, en liña co negacionismo da Consellería do Mar respecto dunha importante problemática na calidade das augas das rías galegas e da súa alarmante perda de produtividade, é a falta de dotación para frear estes problemas, recuperar as rías e poñelas a producir e, como consecuencia, aumentar os postos de traballo no sector. Os fondos inxentes que, segundo a propia Consellería, se levan investidos na mellora e saneamento das rías nos últimos anos, é evidente que non conseguiron aínda resultados. Cómpre un verdadeiro Plan Estratéxico de estudo e recuperación das rías galegas, suficientemente dotado para afrontar un grave problema que aínda segue a medrar e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que levou, entre outras cousas, a que Galiza deixase de ser referente, por segundo ano consecutivo, no mercado español, pasando de nove millóns de quilos no ano 2017 a tan só seis no 2021.

Un Plan Estratéxico que contemple ineludibelmente a promoción de hatcherys públicas e/ou mixtas para a produción propia, case inexistente, de semente e, sobre todo, de especies autóctonas. Unha produción ínfima que non chega para cubrir as necesidades do sector e que provoca que teña que importala masivamente doutros países dende hai anos.

As transferencias de capital a empresas privadas seguen aumentando exponencialmente e pasan dos 76,1 millóns de euros no 2022 aos 87,1 para 2023. Unha cantidade de recursos económicos inxentes que van a parar a empresas de transformación, de comercialización de produtos pesqueiros, de servizos de asesoramento medioambiental e empresarial ou para investimentos en acuicultura . É un contrasentido seguir subvencionando empresas adicadas a estes fins cando a materia prima galega está en franco retroceso e non se artellan medidas para evitalo. A conclusión é que mentres Galiza perde produtividade, o Goberno galego subvenciona empresas para que transformen e comercialicen produtos importados maioritariamente.

E fronte a ese enorme traspaso de fondos públicos a empresas privadas, os orzamentos recollen, no entanto, unha diminución do Programa 422 K, que xa se reducira nos do 2022, de Ensinanzas Pesqueiras, e do 561A, Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica, programa que, malia a importancia que deba ter, só supón o 0,6% do orzamento total da Consellería. É esta unha diminución que ilustra perfectamente a falta de interese por priorizar a formación e a investigación e aplicala á resolución dos problemas que presentan a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

pesca e o marisqueo galegos e que evidencia a orientación da política pesqueira da Consellería do Mar.

Unha política que tampouco contempla dotacións orzamentarias á altura do gravísimo problema que supón dende hai anos a falla de remuda xeracional e, moito menos, a incorporación da muller ao sector e a incentivación do seu acceso aos órganos de dirección das confrarías. Neste sentido, é clamorosa tamén a ausencia de fondos destinados á posta en marcha do Observatorio galego de igualdade entre homes e mulleres do sector pesqueiro, aprobado por unanimidade no Parlamento galego o pasado mes de marzo.

A formación, a incorporación da muller ao sector ou a falta de remuda xeracional inciden dun xeito importante na creación e na promoción do emprego e non poden continuar agardando, polo que os recursos económicos para desenvolverse accións ao seu favor deben ter un reflexo nos orzamentos que agora non teñen.

Por último, un dos “grandes retos” que se propón afrontar a Consellería é “facér que se escoite a voz de Galiza en Bruxelas”, cuestión que conta co apoio incondicional do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego mais que precisa tamén, ademais de recursos económicos e humanos para efectivizala, vontade política clara de levala a cabo e actuacións decididas nese sentido.

Na sesión plenaria do 10 de febreiro de 2021, o Parlamento acordou por maioría, a iniciativa do Grupo do BNG, “instar ao Goberno do Estado ao recoñecemento da capacidade directa de negociación de Galiza, da súa participación e consentimento naquelas cuestións de especial relevancia para a súa economía, nomeadamente en materia pesqueira”. Esta sería a vía principal para “facér que se escoite a voz de Galiza en Bruxelas”, mais non temos constancia de que o Goberno





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

galego levase a cabo, ou sequera iniciase, actuacións ao respecto. Polo tanto, tamén neste punto capital para a supervivencia da nosa pesca, a Xunta de Galiza está a facer unhas previsións que non van ter reflexo ningún na realidade.

Por todas estas razóns solicítase a **devolución dos orzamentos da Sección 15.**

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2022

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 08/11/2022 16:55:56



Á Mesa da Comisión 3ª

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á totalidade ao **Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023**, relativa á **Sección 15. Consellería do Mar**, con expresa petición de devolución, en virtude das seguintes consideracións:

Sección 15. Consellería do Mar

O orzamento da Consellería do Mar para 2023 sube, no global, con respecto ao do exercicio anterior un 9,20 %, pero vemos como partidas fundamentais do dito orzamento como a 723A “De competitividade e mellora da calidade de produción pesqueira e da acuicultura” aumenta apenas un 2 %, pasando dos case que 84 millóns en 2022 a 86 en 2023.

Ou por exemplo a partida 723C “Desenvolvemento sostible de zonas de pesca”, que marca entre os seus obxectivos os de potenciación da xestión sostible, eficiente e competitiva da pesca e da acuicultura que minimize os impactos do cambio climático e garanta o posicionamento do sector, así como a garantir a calidade e seguridade alimentaria dos produtos do mar baixa un 20,10 % con respecto a 2022 pasando do 16.378.309 € de 2022 aos 13.085.695 € de 2023. Partida esta que tamén, ao longo dos anos, detecta una baixa execución orzamentaria: 2021 executouse o 36,5 % do crédito inicial, 2020 o 49,10 % e 2019 o 42,4 %, só por recoller os anos máis próximos no tempo.

Pero a realidade dos últimos anos ten amosado que o “papel o agunta todo”, porque unha cousa é o que se nos traslada e vende cando se presentan os orzamentos nesta Cámara, e o que amosa a propia memoria, e outra moi distinta o que finalmente se leva a cabo e executa por parte da Consellería do Mar.

Os datos de execución orzamentaria neste últimos anos son catastróficos, deixando tantos e tantos millóns de euros sen executar que servirían para axudar ao sector neste momento tan complexo que está a vivir. No ano 2021 só executaron o 41,2 % dos fondos que conforman os programas dedicados a mar, no 2019 o 50,9 %, no ano 2018 o 47,80 %, 2014 o 35,12 %, no 2013 o 51,2 %, no 2012 o 35,77 %, no 2011 o 28,76 % ...

O que amosa un claro problema estrutural deste departamento da Xunta de Galicia. Cartos que servirían ao sector para loitar contra a falla de remuda



xeracional, para facer fronte ao incremento de prezos de combustibles e materiais, para mellorar a comercialización, a transformación, a eficiencia enerxética

E hai que ter en conta que case o 80 % dos cartos que conforman este orzamentos proveñen de fondos europeos, e cómpre recordar que o FEMP (2104-2020), entra na súa recta final, xa que o ano 2023 é o último para poder executar os fondos deste programa operativo. E a realidade é que (segundo os últimos datos facilitados pola Consellería) a marzo de 2022, dos 371 millóns de euros asignados a Galicia do FEMP 2014-2020 só tiñan executados por parte da Consellería do Mar 199,50 millóns de Euros, quedando polo tanto sen executar, nesa data, 171,50 millóns de euros, executado un 53,77 %, e existindo polo tanto, un grave risco, de ter que devolver moitos millóns non executados cando finalice o ano 2023 de seguir a este ritmo. Reiteramos a necesidade de aplicar e de aproveitar ao máximo as posibilidades do FEMP, así como do actual FEMPA, xa que son fondos europeos fundamentais para apoiar ao noso sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola.

MARISQUEO

No que atinxe ao marisqueo estes orzamentos son moi difusos ademais de conter moitas xeneralidades e pouca concreción.

Agora que estamos en época de libre marisqueo estamos a ver os resultados. A situación do libre marisqueo é un drama, especialmente na Ría de Arousa que é a máis produtiva. Na de Noia todo sálvese polo berberecho, pero non podemos depender só del.

Cómpre recordar que cando o PP chegou ao goberno da Xunta de Galicia o ano 2009 había en torno a 6.500 Permex. A propia conselleira do Mar prometeu daquela chegar a superar os 8000, e a realidade é, que a día de hoxe, estamos rampando os 3.500 permisos. Non só non aumentaron senón que rondamos a metade dos que había. Evidencia de que perdemos capacidade de extracción.

De xeito colateral a isto, o investimento no Intecmar aínda que no global aumenta hai que apuntar que no que corresponde a “Investimentos Reais” descende un 3,9 %. Tampouco é un dato esperanzador de que vaimos a ver novos proxectos que repercutan na mellora marisqueira. E en espera tamén a ver se recollen a petición desta Cámara e da directora do Intecmar de dotar este instituto de máis persoal.



PORTOS DE GALICIA

Tamén se estenden os motivos de rexeitamento a cuestións relativas ao Ente Público Portos de Galicia por canto continúan sen executarse cuestións fundamentais de seguridade, ou dragaxes pendentes. Repítense en gran medida as mesmas obras ampliando os prazos e non se avanza cara a outros investimentos importantes que non están recollidos.

O orzamento que manexa Portos de Galicia para o ano 2023 é moi similar ao do ano 2022, con compromisos . No hai investimentos previstos para reformular portos. Por exemplo o do Grove onde os mariñeiros levan anos demandando a ampliación de Porto Meloxo (que ademais permitiría reordenar os portos e que O Grove tiver un porto deportivo público que non ten. Unha localidade tan emblemática de turismo que non dispón del porque a Xunta de Galicia no quere).

Seguen tamén a incumprirse acordos desta Cámara que non aparecen reflectidos neste orzamentos como pode ser a mellora na seguridade do porto de Tupide en Foz.

Pazo do Parlamento, 8 de novembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/11/2022 17:10:52





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2022 17:36:08
Nº Rexistro: 43483
Data envío: 08/11/2022 17:36:08.984

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta as seguintes **Emendas á totalidade, ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2023 sen efectos devolutivos, que incrementan o estado de ingresos e modifican a estrutura orgánica dos orzamentos** transferindo recursos da **Sección 04**, Presidencia da Xunta, **Sección 05**, Vicepresidencia 1ª e Consellería de Economía, Industria e Innovación, **Sección 06**, Vicepresidencia 2ª e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, **Sección 07**, Consellería de Facenda e Administración Pública, **Sección 08**, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, **Sección 09**, Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, **Sección 10**, Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, **Sección 11**, Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, **Sección 12**, Consellería de Sanidade, **Sección 13**, Consellería de Política Social e Xuventude, **Sección 14**, Consellería do Medio Rural e **Sección 15**, Consellería do Mar; ás Seccións: **Sección 04**, Presidencia da Xunta, **Sección 05** Vicepresidencia 1ª e Consellería de Economía, Industria e Innovación, **Sección 08**, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, **Sección 09**, Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, **Sección 10**, Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, **Sección 11**, Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, **Sección 12**, Consellería de Sanidade, **Sección 13**, Consellería de Política Social e Xuventude, **Sección 14**, Consellería do Medio Rural, **Sección 15**, Consellería do Mar, e **Sección 21**, Transferencias a corporacións locais, de acordo coa relación que se achega ao presente escrito.



Emenda Nº: 1													
Redución Estado de gastos							Incremento Estado de gastos						
Consellería	Sección	Servizo	Programa	Concepto	Cantidade	Denominación do crédito	Consellería	Sección	Servizo	Programa	Concepto	Cantidade	Denominación do crédito
PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALIZA	04	10	111A	110.00	1.200.498	Persoal Eventual de Gabinete	VIC. 1º E C. ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN	5	A2	561A	6	300.000.000	Pacto galego pola ciencia (obxectivo: 3% do orzamento).
PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALIZA	04	10	111A	226.99	306.000	Outros							
PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALIZA	04	10	111A	227.99	10.000	Outros							
PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALIZA	04	10	761A	432.12	7.000.000	Transferencia corrente Axencia Galega de Turismo							
PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALIZA	04	10	761A	732.12	35.000.000	Transferencia capital Axencia Turismo de Galiza							
PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALIZA	04	20	461A	110.00	577.474	Persoal Eventual de Gabinete							
PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALIZA	04	20	461A	226.99	110.921	Outros							
PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALIZA	04	20	461A	227.99	5.000	Outros							
PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALIZA	04	30	312C	226.99	14.000	Outros							
VICEPRESIDENCIA 2ª, PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	06	01	121A	221.00	2.300.000	Subministracións. Enerxía Eléctrica							



VICEPRESIDENCIA 2ª, PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	06	01	121A	221.02	250.000	Subministracións. Gas
VICEPRESIDENCIA 2ª, PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	06	01	121A	222.01	480.000	Comunicacións. Postais
VICEPRESIDENCIA 2ª, PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	06	01	121A	226.01	30.000	Gastos diversos. Atencións protocolarias e representativas
VICEPRESIDENCIA 2ª, PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	06	01	121A	227.00	3.000.000	Traballos realizados por outras empresas: Limpeza e aseo
VICEPRESIDENCIA 2ª, PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	06	01	121A	227.01	2.200.000	Traballos realizados por outras empresas: Seguranza
VICEPRESIDENCIA 2ª, PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	06	01	121A	110	300.000	Persoal Eventual de Gabinete
VICEPRESIDENCIA 2ª, PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	06	01	121A	226.99	20.000	Gastos Diversos. Outros
VICEPRESIDENCIA 2ª, PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	06	01	121A	632.0	3.500.000	Investimento de reposición asociado ao funcionamento operativo de servizos
VICEPRESIDENCIA 2ª, PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	06	01	121A	634.1	750.000	Material de transporte
VICEPRESIDENCIA 2ª, PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	06	01	121A	640.0	50.000	Gastos de carácter inmaterial. Servizos de atención ao cidadán
VICEPRESIDENCIA 2ª, PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	06	01	121A	640.1	150.000	Gastos de carácter inmaterial. Infraestruturas e equipamentos



VICEPRESIDENCIA 2ª, PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	06	03	131A	221.00	1.400.000	Subministracións. Enerxía Eléctrica
VICEPRESIDENCIA 2ª, PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	06	03	131A	221.02	170.000	Subministracións. Gas
VICEPRESIDENCIA 2ª, PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	06	03	131A	222.01	2.000.000	Comunicacións. Postais
VICEPRESIDENCIA 2ª, PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	06	03	131A	222.02	450.000	Comunicacións. Telegráficas
VICEPRESIDENCIA 2ª, PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	06	03	131A	227.00	1.400.000	Traballos realizados por outras empresas: Limpeza e aseo
VICEPRESIDENCIA 2ª, PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	06	03	131A	227.01	780.000	Traballos realizados por outras empresas: Seguranza
VICEPRESIDENCIA 2ª, PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	06	03	131A	400	300.000	Convenio Ministerio do Interior para vixilancia sedes xudiciais
VICEPRESIDENCIA 2ª, PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	06	03	131A	640.0	100.000	Plan da nova organización xudicial
VICEPRESIDENCIA 2ª, PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	06	06	212A	732.01	1.500.000	Axencia Galega de Emerxencias
VICEPRESIDENCIA 2ª, PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	06	07	111E	443.02	200.000	Fundación Galiza Europa



VICEPRESIDENCIA 2ª, PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	06	08	121A	110.00	250.000	Persoal Eventual de Gabinete
VICEPRESIDENCIA 2ª, PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	06	02	441A	110.00	88.376	Persoal eventual de gabinete
VICEPRESIDENCIA 2ª, PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	06	02	441A	226.99	250.000	Outros
VICEPRESIDENCIA 2ª, PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	06	02	441A	227.99	190.000	Outros
FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	07	01	611A	110	327.453	Persoal eventual de gabinete
FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	07	01	611A	212	10.000	Edificios e outras construcións
FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	07	01	611A	213	1.300	Maquinaria, instalacións e utensilios
FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	07	01	611A	216	11.735	Equipamentos para procesos de información
FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	07	01	611A	220	156.000	Material de oficina
FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	07	01	611A	221	5.000	Subministracións
FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	07	01	611A	222	203.471	Comunicacións
FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	07	01	611A	226	58.200	Gastos diversos



FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	07	01	611A	227	232.772	Traballos realizados por outras empresas
FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	07	01	611A	230	15.000	Axudas de custo
FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	07	01	611A	231	25.000	Locomoción
FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	07	01	611A	623.1	10.000	Adquisicións
FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	07	01	611A	625	30.000	Mobiliario e utensilios
FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	07	01	611A	626	40.000	Equipos para procesos de información
FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	07	01	611A	632	35.491	Edificios e outras construcións
FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	07	01	611A	640.1	66.327	Asesoramento externo
FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	07	01	621A	640.1	673.023	Plan de auditorías
MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA	08	01	541A	110.00	327.453	Retribucións básicas e outras remuneracións
MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA	08	01	541A	220.00	50.000	Ordinario non inventariable
MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA	08	01	541A	222.01	117.000	Postais
MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA	08	01	541A	226.02	80.000	Publicidade e propaganda



MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA	08	01	541A	226.99	33.136	Outros
MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA	08	01	541A	632.0	670.352	Reparacións e conservación
MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA	08	02	541D	227.99	48.000	Outros
MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA	08	02	541D	741.02	14.603.529	Sociedade galega de medio ambiente, s.a. (SOGAMA)
MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA	08	02	541E	212	75.000	Edificios e outras construcións
MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA	08	02	541E	213	30.000	Maquinaria, instalacións e utensilios
MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA	08	02	541E	221.99	10.000	Outras subministracións
MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA	08	02	541E	226.99	10.000	Outros
MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA	08	03	541B	100.01	44.234	Outras remuneracións
MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA	08	03	541B	212	90.004	Edificios e outras construcións
MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA	08	03	541B	213	151.465	Maquinaria, instalacións e utensilios
MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA	08	03	541B	220.00	45.000	Ordinario non inventariable
MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA	08	03	541B	221.04	110.000	Vestuario



MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA	08	03	541B	222.01	75.000	Postais
MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA	08	03	541B	226.99	54.723	Outros
MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA	08	03	541B	227.99	300.000	Outros
MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA	08	04	521A	100.01	44.234	Outras remuneracións
MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA	08	04	521A	220.00	19.780	Ordinario non inventariable
MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA	08	04	521A	226.99	8.756	Outros
MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA	08	80	541E	220.00	21.762	Ordinario non inventariable
MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA	08	81	451A	100.01	44.234	Outras remuneracións
MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA	08	81	451A	212	680.000	Edifícios e outras construcións
MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA	08	81	451A	220.00	40.000	Ordinario non inventariable
MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA	08	81	451A	222.01	160.000	Postais
MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA	08	81	451A	226.02	15.000	Publicidade e propaganda
MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA	08	81	451A	226.99	20.000	Outros



MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA	08	81	451A	227.99	980.000	Outros
MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA	08	81	451A	632.00	300.000	Reparación edificios propios
MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA	08	81	451B	780.2	500.000	Axudas adquisición de vivendas en centros históricos
MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA	08	81	451B	780.3	50.000	Fomento do alugueiro con opción á compra
MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA	08	81	531A	227.99	66.379	Outros
MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA	08	03	541B	601.1	10.500.000	Conservación e protección da biodiversidade
MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA	08	03	541B	622.0	1.500.000	Edificios e outras construcións
MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA	08	04	541B	640.1	1.500.000	Planificación, proxectos, estudos e servizos ambientais
INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE	09	01	511A	640.0	200.000	Investimentos de carácter inmaterial
INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE	09	01	511A	101.00	200.000	Persoal eventual de gabinete
INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE	09	01	512B	732.04	70.000.000	Axencia Galega de Infraestruturas
INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE	09	01	542A	740.01	20.000.000	Ente Público Empresarial Augas de Galiza
INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE	09	02	512A	640.0	5.433.000	Estudos e proxectos en materia de transportes



INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE	09	02	512A	227.99	393.545	Outros
INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE	09	02	512A	470.1	4.500.000	Plan de transporte metropolitano
INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE	09	02	512A	610.3	1.686.000	Actuacións de mellora e conservación
INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE	09	01	511A	600.0	5.000.000	Infraestruturas de mellora da accesibilidade
CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES	10	06	423A	482.0	500.000	Axudas a centros concertados para incrementar o dominio das linguas estranxeiras do alumnado
CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES	10	06	423B	482.0	1.287.524	Proa nos centros concertados
CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES	10	08	422A	482.0	27.000.000	Concertos educación infantil
CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES	10	08	422M	482.1	291.808	Concertos formación profesional
CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES	10	08	422A	132	18.589.054	Laboral temporal (profesores de relixión) retribucións básicas



CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES	10	31	422M	132	10.487.425	Retribucións básicas
CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES	10	04	432B	443.15	8.485.722	Fundación Cidade da Cultura
CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES	10	04	432B	743.15	4.250.000	Fundación Cidade da Cultura
CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES	10	04	432B	443.21	349.050	Fundación Camilo José Cela
CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES	10	05	433A	781.1	745.740	Convenio mixto Xunta-Igrexa intervencións no patrimonio
CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES	10	05	433A	781.15	250.000	Convenio Xunta Fundación Catedral
PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE	11	10	321A	204	3.000	Material de transporte
PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE	11	10	321A	205	3.000	Mobiliario e Utensilios
PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE	11	10	321A	212	30.000	Edificios e Outras Construcións
PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE	11	10	321A	213	100.000	Maquinaria, Instalacións e Utensilios



PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE	11	10	321A	214	2.000	Material de transporte
PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE	11	10	321A	215	5.000	Mobiliario e Utensilios
2	0	2B	031		0
1	8	41	621	CENTRO DE SAÚDE EN MOS	300.00
2	0	2B	032		0
1	8	41	621	CENTRO DE SAÚDE EN A POBRA DO CARAMIÑAL	300.00
2	0	2B	033		0
1	8	41	621	CENTRO DE SAÚDE EN SANTA COMBA	300.00
2	0	2B	034		0
1.2.- PLAN EXTRAORDINARIO DE RECURSOS HUMANOS EN ATENCIÓN PRIMARIA					
1	8	41	110	MELLORA CONDICIÓNS LABORAIS PERSOAL SANITARIO	8.000.000
2	0	2B	00		
1	8	41	110	MELLORA CONDICIÓNS LABORAIS PERSOAL NON SANITARIO	8.000.000
2	0	2B	00		
1	8	41	110	INCORPORACIÓN SERVIZO LOGOPEDIA ATENCIÓN PRIMARIA	5.000.000
2	0	2B	00		
1	8	41	110	PROGRAMA DE INCENTIVOS LABORAIS PARA GARANTIR A ESTABILIDADE NOS CENTROS DE SAÚDE	4.000.000
2	0	2B	00		
1	8	41	110	REFORZO FISIOTERAPIA EN ATENCIÓN PRIMARIA	5.000.000
2	0	2B	00		
1	8	41	110	REFORZO TRABALLO SOCIAL EN ATENCIÓN	5.000.



2	0	2B	00	PRIMARIA	000
1	8	41	110	INCORPORACIÓN SERVIZO PODOLOXÍA ATENCIÓN	5.000.
2	0	2B	00	PRIMARIA	000
1.3.- MANTEMENTO CENTROS DE TITULARIDADE MUNICIPAL					
1	8	41	489	GASTOS MANTEMENTO DE CENTROS CONCELLOS	3.000.
2	0	2B	1	(ACORDO COA FEGAMP)	000
1.4- MELLORA ASISTENCIAL EN ATENCIÓN PRIMARIA					
1	8	41	110	ÁREAS ASISTENCIAIS NON FACULTATIVAS	8.000.
2	0	2B	01		000
1	8	41	640	GASTOS EN INVESTIMENTOS DE CARACTER	10.000
2	0	2B	4	INMATERIAL	.000
1	8	41	226	FORMACIÓN	5.000.
2	0	2B	07		000
1	8	41	624	DOTACIÓN NOVOS VEHÍCULOS PARA ATENCIÓN	15.000
2	0	2B	05	SANITARIA PROGRAMADA	.000
1	8	41	624	DOTACIÓN NOVOS VEHÍCULOS PARA ATENCIÓN	15.000
2	0	2B	05	SANITARIA URXENTE	.000
1	8	41	110	DOTACIÓN DE RRHH PARA ATENCIÓN SANITARIA	10.000
2	0	2B	02	PROGRAMADA	.000
1	8	41	110	DOTACIÓN DE RRHH PARA ATENCIÓN SANITARIA	10.000
2	0	2B	02	URXENTE	.000
1	8	41	226	PLAN DE CONEXIÓN SAÚDE MENTAL - ATENCIÓN	5.000.
2	0	2B	05	PRIMARIA	000
1	8	41	226	PLAN DE SAÚDE COMUNITARIA	18.000
2	0	2B	09		.000
1	8	41	226	PLAN DE CHOQUE PARA REDUCIR OS TEMPOS DE	2.400.
2	0	2B	09	AGARDA	000
1	8	41	226	ESTRATEGIA GALEGA DA CRONICIDADE	10.000
2	0	2B	08		.000



2.- PROGRAMA DE ATENCIÓN HOSPITALARIA					
2.1.- INFRAESTRUCTURAS E EQUIPAMENTO					
1	8	41	621	AMPLIACIÓN PARTIDAS PLANS DIRECTORES E	1.000.
2	0	2A	3	PLANS FUNCIONAIS	000
1	8	41	621	GRATUIDADE APARCAMENTOS HOSPITAIS	1.000.
2	0	2A	4	PÚBLICOS	000
1	8	41	621	DOTACIÓN NOVOS EQUIPAMENTOS EN HOSPITAIS	1.000.
2	0	2A	5		000
2.2.- PERSOAL E ASISTENCIA SANITARIA HOSPITALARIA					
1	8	41	640	IMPLANTACIÓN DE CATÁLOGO DE SERVIZOS	1.000.
2	0	2A	8	MÍNIMOS	000
1	8	41	640	PLAN DE MELLORA ASISTENCIAL EN PATOLOXÍAS	2.000.
2	0	2A	9	MÁIS RELEVANTES	000
1	8	41	110	PLAN EXTRAORDINARIO DE RRHH EN HOSPITAIS	2.000.
2	0	2A	00	COMARCAIS	000
1	8	41	110	RESPOSICIÓN DE CADROS DE PERSOAL	2.000.
2	0	2A	01		000
3.- PROGRAMAS ASISTENCIAIS E PARA A SAÚDE PÚBLICA					
1	8	41	640	PLAN SAÚDE MENTAL	2.000.
2	0	2B	5		000
1	8	41	640	PROMOCIÓN DE HÁBITOS DE VIDA SAÚDABLES E	2.000.
2	0	2B	6	CONTRA TRANSTORNOS ADITIVOS	000
1	8	41	640	PROGRAMA DE LOITA CONTRA A ADICIÓN AO	2.000.
2	0	2B	7	XOGO E APOSTAS	000
4.- INVESTIGACIÓN SANITARIA					
1	8	56	131	PROGRAMA EXTRAORDINARIO DE RRHH	15.000.
2	0	1C	01		000
1	8	56	131	PLAN INVESTIMENTO TECNOLÓXICO EN	54.000.
2	0	1C	02	INVESTIGACIÓN SANITARIA	000



1	8	56	131	PLAN DE INVESTIGACIÓN SANITARIA DE GALICIA	45.000
2	0	1C	03		.000
1	8	56	131	PLAN DE ESTUDO DE COMPORTAMENTOS	10.000
2	0	1C	04	ADITIVOS	.000
1	8	56	131	AUDITORÍA DERIVACIÓN PACIENTES SANIDADE	1.000.
2	0	1C	05	PRIVADA	000
1	8	56	131	PROGRAMA INVESTIGACIÓN ENFERMIDADES	20.000
2	0	1C	06	RARAS	.000
5.- PROGRAMAS DE REFORZO DE SECTORES PRODUCTIVOS					
5.1- PLAN PARA UNHA TRANSICIÓN ENERXÉTICA XUSTA					
6	2	73	640	PARTICIPACIÓN DA XUNTA DE GALICIA	1.000.
		2A	1	PROGRAMAS CONXUNTO CAS COMARCAS	000
				AFFECTADAS	
5.2- PLAN PARA O REFORZO DAS INDUSTRIAS ELECTROINTENSIVAS					
6	2	73	640	ACTUACIÓNS EN INDUSTRIAS	1.000.
		2A	2	ELECTROINTENSIVAS	000
5.3- ACTUACIÓNS EN MATERIA DE APOIO EMPRESARIAL E MELLORA DO MEDIO RURAL					
1	5	32	460	PLAN DE FORMACIÓN EN SECTORES	500.00
1		3A	9	METALMECÁNICOS PARA ENTIDADES LOCAIS	0
1	4	74	770	CIDADE DO MAR EN VIGO	1.000.
4		1A	1		000
6	2	73	640	PLAN COMPENSACIÓN INCREMENTO COSTOS	136.50
		2A	2	TRANSPORTE E ENERXÍA PARA AUTÓNOMOS,	0.000
				PROFESIONAIS, EMPRESAS	
6	2	73	640	PLAN COMPENSACIÓN INCREMENTO COSTOS	100.00
		2A	2	TRANSPORTE E ENERXÍA PARA SECTORES	0.000
				AFFECTADOS	
1	5	71	431	PLAN DE RECUPERACIÓN DE TERRAS PARA	1.000.
4		2A		ACTIVIDADES AGROGANDEIRAS E FORESTAS	000



1 4	4	71 2B	430	PLAN DE XESTIÓN TERRITORIAL E PARA O DESENVOLVEMENTO EMPRESARIAL NO RURAL	1.000. 000
1 4	4	71 2A	432 01	LIÑA BONIFICACIÓNS ECONÓMICAS E INCENTIVOS FISCAIS EMPRESAS ESPAZOS REGRESIÓN DEMOGRÁFICA	1.500. 000
1 4	4	71 2A	432 01	PLAN ESPECIAL DE INVESTIMENTOS PARA A FIXACIÓN DE POBOACIÓN NO MEDIO RURAL	1.500. 000
6 2	A 2	56 1A	640 2	PROMOCIÓN ACTUACIÓNS EMPRESA/UNIVERSIDADE PARA FOMENTO DO I+D+I	5.000. 000
7.- PROGRAMAS PARA A MELLORA E FOMENTO DA EMPREGABILIDADE					
1 1	5	32 2A	450 1	FOMENTO DO EMPREGO PARA PERSOAS PARADAS DE LONGA DURACIÓN E MAIORES DE 45 ANOS	1.000. 000
1 1	5	32 2A	450 2	FOMENTO DO EMPREGO FEMININO	1.000. 000
1 1	5	32 2A	450 3	FOMENTO DO EMPREGO DA XENTE MOZA	1.000. 000
1 1	5	32 3A	450 4	REFORZAMENTO DAS OFICINAS DE EMPREGO	1.000. 000
1 1	5	32 3A	450 5	PROGRAMA DE RETORNO	1.000. 000
1 1	5	32 3A	450 5	PROGRAMA EMPREGO GALEGO	3.500. 000
1 1	5	32 3A	460 2	FORMACIÓN PERSOAS DESEMPREGADAS EN COOPERACIÓN OU A TRAVES DE ENTES LOCAIS	1.000. 000
1 1	5	32 3A	481 2	FORMACIÓN PERSOAS DESEMPREGADAS (INSTITUCIÓNS SEN FIN DE LUCRO)	1.000. 000
8.- APOIO Á HOSTALERÍA, AO COMERCIO					
6	3	75 1A	400	AXUDAS AO COMERCIO E HOSTALERÍA	1.500. 000



9.- APOIO AOS PROGRAMAS DE ATENCIÓN E PROMOCIÓN SOCIAL					
9.1- MELLORAS NAS CONSIÇÕES SOCIAIS PARA ÁS FAMILIAS					
13	3	312A	4803	REFORZO NO PROGRAMA DE ACOLLIDA. AXUDAS ÁS FAMILIAS ACOLLEDORAS	500.000
9.4- PROTECCIÓN E INSERCCIÓN SOCIAL					
13	2	312B	6401	CENTROS DE MENORES E VIVENDAS TUTELADAS - OBRAS DE MELLORA E MANTENEMENTO	500.000
13	3	313C	4816	PLAN DE LOITA CONTRA A POBREZA	500.000
13	2	312B	6402	CREACIÓN NOVOS PUNTOS DE ENCONTRO FAMILIAR	500.000
9.5- DISCAPACIDADE E DEPENDENCIA					
13	3	311A	110	REFORZO DE EQUIPOS DE VALORACIÓN Á DISCAPACIDADE	1.500.000
13	3	311A	110	REFORZO DE EQUIPOS DE VALORACIÓN DE DEPENDENCIA	1.500.000
13	3	312A	4601	PLAN DE SERVIZOS SOCIAIS COAS ENTIDADES LOCAIS	500.000
9.6- PROMOCIÓN NA GRATUIDADE NOS SERVIZOS DE 0-3 ANOS					
13	2	312B	7812	GRATUIDADE NA EDUCACIÓN 0-3 ANOS	500.000
13	2	312B	6321	AMPLIACIÓN ESCOLA INFANTIL EN ROIS	50.000
13	2	312B	6322	NOVA ESCOLA INFANTIL EN SALCEDA DE CASELAS	50.000
13	2	312B	6323	NOVA ESCOLA INFANTIL EN PONTEAREAS	50.000
13	2	312B	6324	NOVA ESCOLA INFANTIL EN REDONDELA	50.000



1 3	2	31 2B	632 5	NOVA ESCOLA INFANTIL EN BOIRO	50.000
9.7- OUTRAS ACTUACIÓN DE MELLORA EN POLITICA SOCIAL					
1 3	1	31 1A	120 00	REFORZO PERSOAL DE INSPECCIÓN NOS CENTROS DE ATENCIÓN RESIDENCIAL E CENTOS DE DÍA	1.000. 000
1 3	1	31 1A	160 00	REFORZO PERSOAL DE INSPECCIÓN NOS CENTROS DE ATENCIÓN RESIDENCIAL E CENTOS DE DÍA	330.00 0
1 3	5	31 2B	480 01	GRATUIDADE DO SAF	5.000. 000
1 3	5	31 2B	480 10	BONO SOCIAL ELÉCTRICO	8.000. 000
1 3	5	31 2B	480 09	RECUPERACIÓN TARXETA BÁSICA	31.000 .000
1 3	4	31 2E	460 1	REDE GALEGA DE ATENCIÓN TEMPERÁ	1.000. 000
10.- ACTUACIÓN PARA A PROMOCIÓN E ACCESO Á VIVENDA					
10.1- ACTUACIÓN EN MATERIA DE PROMOCIÓN DE VPP					
8	8 1	45 1B	607 1	CONSTRUCCIÓN VIVENDAS VPP	2.000. 000
10.2- ACTUACIÓN EN MATERIA DE AXUDAS PARA O ACCESO Á VIVENDA					
8	8 1	45 1B	780 4	AXUDAS Á MOCIDADE PARA ALUGUEIRO DE VIVENDAS	500.00 0
8	8 1	45 1B	780 5	AXUDAS ÁS FAMILIAS PARA ALUGUEIRO DE VIVENDAS	500.00 0
11- ÁREAS EDUCATIVAS: PROGRAMAS DE REFORZO, AXUDA E MELLORA					
11.1- EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA					
11.1.1- PERSOAL					



10	31	422A	12001	REPOSICIÓN CADROS DE PERSOAL E DOTACIÓN NOVO PERSOAL	1.000.000 €
10	31	422A	16000	REPOSICIÓN CADROS DE PERSOAL E DOTACIÓN NOVO PERSOAL	330.000
11.1.2- MANTEMENTO CENTROS					
10	31	422A	22901	GASTOS MANTEMENTO CENTROS CONCELLOS (ACORDO CA FEGAMP)	500.000
11.1.3- INFRAESTRUTURAS					
10	10	422A	6321	REPARACIÓNS, AMPLIACIÓNS E MELLORAS	1.000.000 €
11.2- EDUCACIÓN SECUNDARIA					
11.2.1- PERSOAL					
10	31	422M	12001	REPOSICIÓN CADROS DE PERSOAL E DOTACIÓN NOVO PERSOAL	1.000.000 €
10	31	422M	16000	REPOSICIÓN CADROS DE PERSOAL E DOTACIÓN NOVO PERSOAL	330.000
11.2.2- INFRAESTRUTURAS					
10	10	422M	6321	REPARACIÓNS, AMPLIACIÓNS E MELLORAS	1.000.000 €
11.3- AUMENTOS DAS AXUDAS COMPLEMENTARIS Á ENSINANZA					
10	10	423A	4811	PROGRAMA BOLSAS ALIMENTACIÓN	1.000.000
10	10	423A	22107	AXUDAS COMEDORES ESCOLARES	1.000.000
10	10	423A	22108	CREACIÓN, AMPLIACIÓN E MELLORA COMEDORES ESCOLARES	1.000.000
11.4- OUTRAS ACTUACIÓNS EN MATERIA DE ENSINANZA E					



NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA						
10	30	423B	6403	PREVENCIÓN ABANDONO ESCOLAR: PROGRAMAS DE PREVENCIÓN	500.000	
10	30	423B	6404	PREVENCIÓN ABANDONO ESCOLAR: MELLORA DO ÉXITO ESCOLAR	500.000	
10	30	423B	6405	PROGRAMA RENOVACIÓN INFORMÁTICA PARA O ENSINO PÚBLICO	500.000	
10	30	423B	6407	LINGUAS ESTRANXEIRAS: AXUDAS AO ALUMNADO E PROFESORADO	500.000	
10	30	423B	6408	PROGRAMA SAÍDA AO EXTERIOR PARA APRENDIZAXE DE IDIOMAS (SECUNDARIA)	500.000	
10	30	423B	6409	LINGUAS ESTRANXEIRAS: FORMACIÓN DO PROFESORADO	500.000	
10	50	151A	6402	PROXECTO NÓS: DIXITALIZACIÓN DA LINGUA	200.000	
10	50	151A	6402	NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA: ACTIVIDADES FORMACIÓN	500.000	
10	10	422D	6321	REHABILITACIÓNS/MELLORA CENTROS EDUCACIÓN ESPECIAL	500.000	
10	10	422E	6321	REHABILITACIÓNS/MELLORA CENTROS EDUCATIVOS ENSINANZAS ARTÍSTICAS	500.000	
10	10	422G	6321	REHABILITACIÓNS/MELLORA CENTROS EDUCATIVOS ENSINANZAS ESPECIAIS	500.000	
10	50	151A	4600	TRANSFERENCIA EELL NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	150.000	
10	50	151A	4701	SUBVENCIONS A EMPRESAS EDITORAS PARA PROXECTOS EN LINGUA GALEGA	300.000	
10	50	151A	6404	PROXECTOS DE FOMENTO E FORMACIÓN DE CENTROS EDUCATIVOS NON UNIVERSITARIOS	250.000	
11.5- ACTUACIÓNS EN ENSINANZAS UNIVERSITARIAS E						



INVESTIGACIÓN					
1 0	2 0	42 2C	444 1	GRATUIDADE TAXAS UNIVERSITARIAS	4.500. 000
1 0	1 0	42 3A	481 2	GRATUIDADE LIBROS DE TEXTO EN FORMATO MIXTO	7.000. 000
1 0	2 0	42 2C	480 1	PROGRAMA DE BOLSAS PARA POSTGRADOS UNIVERSITARIOS	2.000. 000
1 0	2 0	56 1B	744 1	PLAN GALEGO DE ESTABILIDADE LABORAL PARA O PERSOAL DE INVESTIGACIÓN	10.000 .000
1 0	2 0	56 1B	744 0	PROGRAMA ESPECIAL DE I+D+I	70.000 .000
1 0	2 0	42 2C	480 00	BOLSAS AO ALUMNADO ENSINANZAS UNIVERSITARIAS	2.500. 000
13.- ACTUACIÓNS PARA A RECUPERACIÓN E MELLORA DA SOSTENIBILIDADE MEDIOAMBIENTAL					
13.1- PLAN DE TRANSICIÓN AMBIENTAL Á DESCARBONIZACIÓN					
8	2	54 1D	640 3	ACTUACIÓNS CARA A UNHA MENOR DEPENDENCIA DA CARBONIZACIÓN	2.000. 000
13.4- ACTUACIÓNS DE MELLORA MEDIO AMBIENTAL					
8	3	54 1B	640 7	DEFENSA E CONVERSACIÓN DOS ESPAZOS PROTEXIDOS	2.000. 000
7	2	54 1D	640 3	PLAN TRANSVERSAL PARA A MELLORA NA XESTIÓN DE RESIDUOS	2.000. 000
14.- ACTUACIÓNS EN MATERIA DE IGUALDADE E CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO					
1 1	2	31 3B	460 0	ACCIÓNS DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA XÉNERO EELL	500.00 0
1 1	2	31 3B	481 0	APOIO AO MOVEMENTO ASOCIATIVO LGTBI	300.00 0



1	2	31	480	ACTUACIÓNS INTEGRAIS PARA VÍTIMAS DE	500.00
1		3D	2	VIOLENCIA DE XÉNERO	0
1	2	31	460	SOLUCIÓNS HABITACIONAIS NAS COMARCAS	500.00
1		3D	0	URBANAS PARA AS MULLERES VÍTIMAS DE	0
				VIOLENCIA DE XÉNERO	
1	2	31	610	MELLORA DA REDE DE CENTROS DE	500.00
1		3D	02	INFORMACIÓN Á MULLER	0
15.- ACTUACIÓNS PARA A MEMORIA HISTÓRICA					
4	1	11	640	PLAN GALEGO PARA A EXHUMACIÓN DE VÍTIMAS	1.000.
	0	1A	1	DO FRANQUISMO	000
4	1	11	640	ACTOS DE RECOÑECIMENTO E REPARACIÓN	150.00
	0	1A	2	VÍTIMAS DA GUERRA CIVIL E DA DITADURA	0
4	1	11	640	RETIRADA DA SIMBOLOXÍA FRANQUISTA DE	150.00
	0	1A	3	LUGARES PÚBLICOS	0
4	1	11	480	AXUDAS ÁS ASOCIACIÓNS DA MEMORIA	200.00
	0	1A	1	HISTÓRICA E ÁS FAMILIAS DAS VÍTIMAS	0
16.- POLÍTICAS E PLANS PARA A MOCIDADE					
1	6	31	480	AXUDAS Á MOCIDADE	1.500.
3		3A	10		000
9	2	51	481	GRATUIDADE TRANSPORTE MOCIDADE	1.000.
		2A	3		000
1	6	31	460	AXUDAS A ENTIDADES LOCAIS PARA A	1.000.
3		3A	0	MOCIDADE	000
17.- CULTURA					
3	1	11	113	AUMENTO DE PERSOAL DO CONSELLO DA	191.19
		1D		CULTURA GALEGA	2
3	1	11	227	ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS DO CONSELLO	50.000
		1D	06	DA CULTURA GALEGA	
1	4	43	628	OUTRO INMOBILIZADO MATERIAL CULTURA	100.00
0		2A			0



1 0	4	43 2A	625	MOBILIARIO E UTENSILIOS PARA ARQUIVOS E BIBLIOTECAS	550.00 0
1 0	5	43 3A	619	BENS DO PATRIMONIO HISTÓRICO ARTÍSTICO E CULTURAL	150.00 0
1 0	5	43 3A	781 0	AXUDAS PARA A CONSERVACIÓN E PROTECCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL GALEGO	150.00 0
1 0	4	43 2A	628 2	EDIFICIÓN DO LIBRO EN GALEGO	300.00 0
1 0	5	43 3A	640 1	PROMOCIÓN, CATALOGACIÓN E INVENTARIO DO PATRIMONIO CULTURAL	150.00 0
18.- ACTUACIÓNS PARA A PROMOCIÓN DO DEPORTE					
4	4 0	44 1A	640 2	APOIO AO DEPORTE DE MULLERES	1.500. 000

Pazo do Parlamento, 8 de novembro 2022

**Luis Manuel
Álvarez
Martínez**

Firmado digitalmente
por Luis Manuel
Álvarez Martínez
Fecha: 2022.11.08
18:04:51 +01'00'

Asdo.: Luis M. Álvarez Martínez
Voceiro do Grupo Parlamentario Socialista



Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/11/2022 18:04:51



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2022 18:05:22
Nº Rexistro: 43489
Data envío: 08/11/2022 18:05:22.917

CSV: BOPGDSPG-V406IKFA-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGU

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a través da súa portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, ao proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas**, doc. núm. **42964, (11/PL-000019)**.

Un ano máis, o Goberno do Partido Popular na Xunta de Galiza acompaña o proxecto de lei orzamentos para 2023 dunha proposta de lei de medidas fiscais e administrativas coa que pretende modificar dunha soa tallada 34 leis e 9 decretos.

Desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego non podemos apoiar este proxecto por razóns de forma e de fondo que motivan a presente emenda de devolución e que explicaremos, sucintamente, a seguir:

En canto á forma, de maneira reiterada desde o noso grupo parlamentario vimos insistindo en que, sendo perfectamente legal este mecanismo lexislativo, o uso destas leis de medidas fiscais e administrativas para modificar de golpe dúcias de normas, non son desde ningún punto de vista nin desexábeis nin presentábeis.

Isto é así porque este tipo de leis, de acompañamento aos orzamentos, representan un procedemento de tramitación acelerado que furta o necesario debate social e político arredor de importantes asuntos.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Porén, máis grave é aínda o fondo do proxecto de lei. Un ano máis as modificacións lexislativas propostas xiran arredor dun sen fin de materias diferentes entre as que se inclúen adaptacións normativas á lexislación estatal, mais non só nin sequera principalmente. Así, o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para 2023 inclúe:

- i. Como xa aconteceu en anos anteriores, unha volta de porca máis do Goberno do Partido Popular a este mecanismo lexislativo para facer das leis de medidas fiscais e administrativas o marco xurídico que regula cuestións de calado en materia, por exemplo, medioambiental (artigos 10 e 11). En 2022 e 2017 foi en materia de infraestruturas e mobilidade.
- ii. Derrogan de facto, o Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galiza e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galiza. Introducen 48 modificacións deste decreto. O que supón, na práctica, a redacción dun novo decreto sen someterse ao procedemento de tramitación habitual.
- iii. Aprovéitase a lei de acompañamento aos orzamentos para reducir e simplificar trámites administrativos en distintos ámbitos como na Lei de Vivenda, na Lei do Solo e tamén na Lei de patrimonio natural e da biodiversidade. Neste senso, substitúense as licenzas municipais de primeira ocupación por comunicacións previas da persoa propietaria; flexibilízanse determinadas construcións en chan rústico así como reducen determinados procedementos de avaliación ambiental.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

iv. O Goberno do Partido Popular na Xunta tenta introducir parches nas consecuencias da súa consciente lentitude lexislativa. Así acontece en materia social, por exemplo, reformando a Lei de inclusión social de Galiza, pendente de modificar desde hai dous anos, para incrementar a contía da RISGA fronte ao incremento da inflación así como incluír as familias monoparentais no decreto que regula os prezos públicos das residencias de tempo libre, cando este modelo familiar leva máis dunha década agardando pola súa propia regulación e creación dun rexistro específico.

v. De igual maneira e como cada ano, o proxecto de lei inclúe os clásicos, é dicir, a reforma de leis modificadas até a saciedade a través deste procedemento normativo que non é outra cousa que un subterfuxio, unha porta traseira, para modificar leis regateando o debate público, os informes preceptivos e/ou o dereito do conxunto da cidadanía a ter un debate político e parlamentario sosegado sobre cuestións de calado.

Doutra banda, o Título I de Medidas Fiscais é unha nova oportunidade perdida para que, desde o limitado marco competencial autonómico, se modifique o noso sistema tributario de forma consensuada, planificada e atendendo a criterios de desenvolvemento económico e redución das desigualdades sociais e territoriais. Todo en aras de aumentar a eficacia recadatoria e dunha maior capacidade redistributiva, atendendo aos principios de progresividade e equidade fiscal.

O Capítulo I, que introduce medidas en materia de tributos cedidos, reforma o tramo autonómico do IRPF co obxectivo declarado de seguir reducindo e redistribuíndo a carga tributaria. Obxectivo de difícil cumprimento porque, logo das reformas realizadas desde 2014 que supuxeron a supresión de varios tramos da





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

escala e unha rebaixa de tipos impositivos que afecta ás rendas de forma moi desigual, beneficiando en maior medida ás bases liquidábeis máis altas aumentando a regresividade do imposto, para este 2023, alén de consolidar esas reformas, adopta novas medidas que consideramos insuficientes e inadecuadas a tal fin.

Así, introduce unha nova e reducida rebaixa no tipo aplicábel ao tramo máis baixo do IRPF, que pasa do 9,4% ao 9%, e actualiza os tres primeiros tramos da escala autonómica e os mínimos persoal e familia nun 4,3%, que, embora sexan medidas de carácter positivo, non son suficientes para compensar o grave deterioro da capacidade económica das economías domésticas provocado pola inflación e a suba de xuros derivada da política monetaria restritiva implementada polo Banco Central Europeo.

A respecto do Imposto sobre o Patrimonio, increméntase a bonificación do 25% da cota introducida o ano pasado, até un total de 50% o que supón aprofundar noutra medida de carácter regresivo, porque reduce a tributación dos grandes patrimonios persoais. Non se sostén a argumentación da medida adoptada no que atinxe a non penalización do aforro para favorecer os investimentos estratéxicos en Galiza se temos en conta a drenaxe persistente, que ano tras ano, expatria unha parte moi considerábel do aforro galego para fornecer o investimento noutros territorios.

Non se aproveita a nova lei para introducir modificacións tributarias que aumenten de forma efectiva a equidade e progresividade do sistema fiscal autonómico, nin establece bonificacións fiscais que alivien os efectos derivados da parálise da actividade económica de milleiros de persoas autónomas como consecuencia da elevada e persistente inflación, alén da redución do tipo de gravame do 50 ao 30% aplicado ao sector do xogo condicionada ao mantemento do cadro





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

medio de persoal durante o período impositivo con respecto ao inmediato anterior. Redución que se amparan na afectación do sector pola pasada crise pandémica, como se o resto do sectores non padecesen dita crise e non merecesen un trato fiscal equivalente, que podería ser adoptado superando as limitacións do marco fiscal de competencia autonómico, por exemplo mediante políticas de gasto.

Non se establecen novos impostos que contribúan para a extensión e calidade na prestación dos servizos públicos básicos nun contexto de máxima vulnerabilidade dos sectores sociais mais afectados pola crise derivada da COVID-19, o constrinximento das cadeas loxísticas e a posterior crise inflacionaria e enerxética, agravadas polo conflito en Ucraína. Impostos que contribuíran para a redistribución da riqueza nun contexto no que persiste un alto nivel de incerteza sobre a superación da crise económica e as súa incidencia sobre o incremento da desigualdade social e do risco de pobreza.

No Capítulo II, relativo aos tributos propios, ademais do precepto que mantén as taxas de contía fixa, se introducen modificacións na Lei 6/2003 do 9 de decembro de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galiza, para crear novas taxas e modificar algunha das vixentes. En xeral, a elevación de taxas non contribúe para fomentar a actividade nesta etapa económica crítica pola que atravesamos, nin o crecemento de sectores produtivos fulcrais para a nosa economía.

De novo, o goberno da Xunta renuncia a aplicar todos os instrumentos de política fiscal ao seu alcance para implementar unha efectiva política redistributiva e conseguir para o noso País a suficiente capacidade recadatoria que permita erradicar a nosa dependencia financeira evitando a drenaxe dos nosos recursos.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Un financiamento adicional que é indispensábel para desenvolver políticas sociais necesarias para o reforzamento dos servizos públicos; para implementar políticas económicas que impidan o desmantelamento dos nosos sectores produtivos, e vertebran o noso territorio, solventen a nosas eivas estruturais e promovan un cambio do modelo produtivo baseado na ciencia e a innovación, que sexa socialmente xusto e respeitoso có noso patrimonio natural e histórico. Políticas que eviten a emigración, a discriminación do rural e o avellentamento demográfico e recuperen a nosa lingua e cultura. Obxectivos que fican mais unha vez adiados pola falta dun proxecto político acaído as necesidades e intereses galegos, por parte do goberno do Partido Popular.

Por todas estas razóns, a través desta emenda de totalidade, o **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)** solicita a devolución do **Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas**.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2022

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 08/11/2022 16:49:45



Á Mesa da Comisión 3.^a, Orzamentos, Economía e Facenda

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade ao proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas**, con expresa petición de devolución por non estar de acordo nin coa fórmula lexislativa, que vai máis aló do fiscal e administrativo vinculado aos orzamentos, nin co fondo das disposicións que recolle.

Vivimos nun momento de gran incerteza no ámbito económico nun contexto xeneralizado de suba de tipos de interese, crise enerxética, desaceleración económica e inflación, polo que resulta fundamental que os distintos gobernos acerten no uso dos fondos públicos e na folla de ruta para os tempos que veñen por diante. Galicia non pode perder a oportunidade de acertar cara o futuro e os orzamentos para 2023 mobilizan un conxunto de fondos que non poden ser desaproveitados. O grupo socialista considera que o proxecto de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023 non acertan e que tampouco acerta á Lei de acompañamento aos mesmos.

O Grupo Socialista presenta esta emenda á totalidade ao proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas por tres tipos de razóns. En primeiro lugar porque non respaldamos o proxecto de orzamento da Xunta para 2023 e polo tanto non xustificamos as medidas de acompañamento a un proxecto orzamentario que rexeitamos, evidenciando este rexeitamento, por exemplo, na rebaixa do imposto de patrimonio que figura nos orzamentos e nas medidas fiscais. En segundo lugar, porque o goberno da Xunta extralimítase e incorpora neste proxecto de lei a modificación de moitas leis que van máis aló do acompañamento aos seus orzamentos, atendendo outras motivacións e materias da axenda conservadora e errada do PP. En terceiro lugar porque rexeitamos esta estratexia de lexislación “ómnibus” na que que “todo cabe” para lexislar sen os pasos lexislativos regulares e sen a profundidade necesaria en cada unha das materias lexislativas. Todo isto amosa a falla de acerto do goberno conservador na Xunta, que desaproveita a oportunidade de facer un bos orzamentos para



Galicia e que cambia na lei de acompañamento moita lexislación existente sen ter un rumbo nin un proxecto definido, facendo un exceso desta técnica lexislativa que é inxustificable, e incluso modificando lexislación recentemente aprobada nesta lexislatura polo Partido Popular no Parlamento galego, nunha especie de emenda do goberno da Xunta a si mesmo.

Como xa facían habitualmente os gobernos presididos polo Sr. Núñez Feijóo, este proxecto de lei do goberno presidido por Alfonso Rueda constitúe novamente unha amalgama de preceptos e reformas lexislativas inconexas e sen un criterio minimamente homoxéneo, nun proceso que atenta contra a necesaria transparencia e contra o bo facer lexislativo e xurídico, ao proceder a modificar aspectos lexislativos relevantes a través da utilización extensiva desta figura da lei de acompañamento. De novo, para 2023, o goberno conservador da Xunta incide en empregar unha técnica lexislativa impropia e desaxustada, especialmente tendo en conta o discurso de transparencia, seguridade xurídica e calidade democrática do Goberno da Xunta.

A nomeada Lei de acompañamento dos orzamentos anuais é un mecanismo que permite ao Goberno galego modificar outras leis cando teñan relación con cuestións tributarias ou financeiras ligadas ás contas públicas de cada ano. Sen embargo, o Goberno da Xunta utiliza esta técnica lexislativa coma un caixón de xastre, coma unha auténtica lei “ómnibus” que produce, ao noso xuízo, unha grave afectación sobre a calidade lexislativa polos seus contidos heteroxéneos e pola substracción do debate público sobre as diferentes materias obxecto de regulación.

O Goberno do PP na Xunta vén utilizando este mecanismo de xeito habitual para emendar todo tipo de leis previas aínda que non teñan relación con cuestións orzamentarias, empregando para iso un procedemento de tramitación acelerado que imposibilita afondar nas diversas materias, ao estar supeditado ao proxecto de lei orzamentario e ser tramitado nos prazos dese procedemento. Deste xeito, evítase boa parte do debate e dos informes necesarios para a aprobación de calquera outro tipo de lei, co deterioro da calidade política e xurídica que tal circunstancia provoca; sen ter en conta as restricións ao recurso a este



mecanismo que están perfectamente expresadas na sentenza do Tribunal Constitucional STC76/1992, na que se vetan certas materias das leis de acompañamento dos orzamentos, e sen respectar o espírito das cuestións de transparencia, gobernanza e bo goberno.

A doutrina afirma que as leis de acompañamento serían no fondo un anaco da Lei de orzamentos que se deixa fóra, pero xusto ao carón, coa finalidade de sortear ou evitar as limitacións materiais que teñen estas leis. Hai relevantes e numerosos xuristas que non deixan de considerar que este tipo de leis son unha fraude á doutrina do Tribunal Constitucional en materia de límites do contido das leis de orzamentos, como podería ser a restrición que impón o artigo 134.7 da Constitución española, ao impedir crear tributos ou modificalos sen a habilitación previa dunha lei tributaria.

En todo caso, con esta lei impídese coñecer con rigor, profundidade e o detemento necesario todas e cada unha das cuestións incluídas nela, obtendo como resultado o empeoramento da calidade política e xurídica do debate parlamentario e mesmo da calidade democrática, ao tempo que se obstaculiza o labor de impulso e control que se debe defender desde o poder lexislativo fronte ao poder executivo.

Así mesmo, e como xa sinalamos os e as socialistas en anos anteriores, esta estratexia lexislativa do goberno da Xunta de Galicia de modificar todo tipo de normas previas a través de leis de acompañamento dos orzamentos de distintos anos contrasta coa súa incapacidade de cumprir as súas propias previsións de impulso de novas leis.

Nunha lei de acompañamento, que pola súa propia definición semántica debería incidir en acompañar aos orzamentos no plano administrativo e no plano fiscal, cumprirían medidas de fortalecemento e racionalización do sector público para deseñar unha Administración moderna e eficaz, capaz de executar os orzamentos axeitadamente e de transitar cara a transformación dixital, permitindo ao tempo



unha avaliación das políticas públicas que se desenvolvan a través dunha Axencia independente.

Sen embargo, a través desta Lei de acompañamento, a Xunta de Galicia modifica un amplo e heteroxéneo corpo normativo. En particular, fai referencia e modifica textos normativos e legais en materia fiscal e administrativa como os seguintes:

A) Medidas fiscais: a) IRPF; b) Patrimonio; c) Sucesións e doazóns; d) Impostos aos locais de xogo; e) Lei 6/2003, de 9 de decembro, de taxas.

B) Medidas de carácter administrativo:

- Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia
- Lei 8/2012, de 29 de xuño, de vivenda de Galicia
- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia
- Lei 13/2013, de 23 de decembro, de caza de Galicia
- Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia
- Lei 9/2021, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia
- Lei 4/2017, de 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía de Galicia
- Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia
- Lei 6/2021, de 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia
- Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia
- Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia



- Decreto 52/2014, de 16 de abril, polo que se regulan as instrucións xerais de ordenación e de xestión de montes de Galicia
- Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia
- Decreto 73/2020, do 24 de abril, polo que se regulan os aproveitamentos madeireiros e leñosos, de cortiza, de pastos, micolóxicos e de resinas en montes ou terreos forestais de xestión privada na Comunidade Autónoma de Galicia
- Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia
- Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia
- Lei 6/1996, de 9 de xullo, de coordinación dos servizos de transportes urbanos e interurbanos por estrada de Galicia
- Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas
- Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas
- Lei 10/2003, de 26 de decembro, sobre o acceso ao contorno das persoas con discapacidade acompañadas de cans de asistencia
- Lei 6/2012, de 19 de xuño, de xuventude de Galicia
- Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia
- Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo
- Decreto 84/2012, do 16 de febreiro, polo que se establecen os prezos públicos polas prestacións das residencias de tempo libre
- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero
- Lei 5/2016, de 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia



- Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia
- Lei 8/2021, do 25 de febreiro, de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia
- Lei 3/2019, de 2 de xullo, de ordenación farmacéutica de Galicia
- Lei 8/2009, de 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental
- Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais de Galicia
- Lei 7/2017, do 14 de decembro, de medidas de eficiencia enerxética e garantía de accesibilidade á enerxía eléctrica
- Lei 11/2004, do 19 de novembro, de inspección de consumo de Galicia
- Lei 13/2010, do 17 de decembro, de comercio interior de Galicia
- Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias
- Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia
- Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia
- Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público
- Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia
- Lei 6/1995, do 28 de xuño, pola que se crea o Consello Económico e Social de Galicia
- Regulamento da Lei 9/2007, do 15 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro



- Decreto 202/2012, do 18 de outubro, polo que se crea a Axencia Tributaria de Galicia e apróbase o seu estatuto
- Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia

A través deste Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas modifícanse normas que afectan a todo tipo de materias, multitude de normas que nada teñen que ver coa materia orzamentaria. De aí que o Goberno galego estea modificando “pola porta traseira” disposicións legais e administrativas sen o necesario debate que cada unha delas debería levar aparelado. Ademais das cuestións en materia fiscal que implican, por exemplo, reducir o imposto de patrimonio aos 8000 galegos e galegas máis ricos cun novo regalo fiscal superior aos 30 millóns de euros, este proxecto de lei de acompañamento afecta ao marco normativo en materia de emprego público, medio ambiente e territorio, medio rural, infraestruturas e augas, política social, emprego, patrimonio cultural, sanidade, industria, consumo e servizos, innovación, procedemento e organización administrativa, e réxime financeiro e orzamentario.

O resultado é unha avalancha normativa sen rumbo definido pero que, en todo caso, implica menos impostos para quen máis patrimonio ten, que acompaña a unha política do goberno da Xunta incapaz de xerar emprego de calidade, impulsar a modernización do país, apostar polo medio rural, solucionar os problemas industriais e de innovación e fortalecer os servizos públicos.

Esta técnica implica un abuso parlamentario ao que o PP recorre de forma case patolóxica, ano tras ano, sen que se aproveiten ben os orzamentos para dar solucións ao conxunto da cidadanía galega.

Finalmente, e un ano máis, sinalar que este proxecto de lei non foi obxecto de ditame polo Consello Económico e Social (CES), que dende o Grupo Socialista entendemos absolutamente necesario e convinte por canto entre as funcións do CES se atopa a emisión de ditames preceptivos sobre anteprojectos de lei e proxectos de decretos legislativos que regulen materias socio-económicas directamente vencelladas ao desenvolvemento económico e social de Galicia. De



acordo co propio CES, enténdese por materias socio-económicas as relativas a economía, fiscalidade, emprego e seguridade social, agricultura, pesca, educación, cultura, saúde, consumo, medio ambiente, transporte, comunicacións, industria, enerxía, vivenda e mercado único. Non obstante, a Xunta ampárase nun Informe da Asesoría Xurídica para concluír que “no anteproxecto de lei de medidas fiscais e administrativas non se regulan materias directamente vinculadas ao desenvolvemento económico e social de Galicia, e polo tanto non resulta preceptivo solicitar o ditame do CES”, a pesares de que é evidente que as normas modificadas inciden en cuestións de índole socio-económica.

A utilización desta forma de legislar, acudindo a un procedemento lexislativo especial coa aprobación orzamentaria, ademais do menoscabo do necesario debate parlamentario de cada unha das leis sectoriais que se modifican, evita a necesaria participación cidadá na súa tramitación, xa que, en contra do indicado na normativa vixente, este proxecto de lei tampouco foi sometido ao preceptivo proceso de exposición pública, impedindo a posibilidade de realizar suxestións por parte da cidadanía.

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sinala que se debe facer pública no art. 9: "c) A relación circunstanciada e motivada dos procedementos de elaboración de anteproxectos de lei e de disposicións administrativas de carácter xeral que estean en tramitación, a partir do momento en que se produza a aprobación do anteproxecto, con indicación do seu obxecto e estado de tramitación, así como a posibilidade que teñen as persoas de remitir suxestións e a forma de o facer".

Cuestión que non aconteceu no caso que nos ocupa, polo que se reduce a posibilidade de que cidadáns e cidadás podan participar.

Así mesmo, débese ter en conta o establecido no artigo 37 a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, que prevé que "en todas as iniciativas normativas xustificarase a súa adecuación aos principios de necesidade, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia,



accesibilidade, simplicidade e eficacia", cuestión que ao noso entender tampouco se atende este ano. Constátase unha insuficiencia da xustificación das modificacións lexislativas propostas e tamén a ausencia de informes e valoracións axeitados de impacto económico, que nun momento como o actual resultan especialmente relevantes; así, por exemplo, varias das modificacións propostas deberían ser inexcusablemente ditaminadas polo Consello Social e Económico de Galicia.

O goberno do Sr. Rueda continúa os vicios e excesos lexislativos dos gobernos do Sr. Feijóo. No ámbito fiscal sen asumir a corresponsabilidade e nun discurso demagóxico que anuncia rebaixas de impostos que neste ano implican unha maior baixada do imposto de patrimonio, para logo instalarse nunha confrontación permanente co goberno do Estado para pedir máis e mellor financiación. Unha estratexia que choca frontalmente coa necesidade de manter uns servizos públicos eficientes e de calidade nunha Galicia na que necesitamos un sistema fiscal xusto que se sustente nos principios de igualdade, equidade e progresividade, no que todas e todos debemos contribuír ao sostemento das cargas públicas de acordo coa nosa capacidade. Dende o PSdeG – PSOE, non compartimos o modelo fiscal do Partido Popular, un modelo que a noso xuízo, afonda na regresividade fiscal ao privilexiar ás rendas máis altas. No ámbito administrativo, este proxecto de lei incorpora 13 capítulos que modifican lexislación variada cun modelo que furta, un ano máis, a capacidade lexislativa habitual do Parlamento, introducindo a través dunha lei “ómnibus” modificacións lexislativas que nada teñen que ver co orzamento, poñendo de manifesto que pola Xunta de Galicia se legisla a impulsos, o que evidencia ausencia de planificación e estratexia.

O Grupo Parlamentario Socialista non pode apoiar este proxecto que rexeita, polo que o emenda totalmente e insta ao goberno a que o retire.

Pazo do Parlamento, 8 de novembro de 2022






PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2022 17:04:12
Nº Rexistro: 43450
Data envío: 08/11/2022 17:04:12.784

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/11/2022 15:32:40

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

